

# Valoracións, percepcións e impacto das políticas de **igualdade entre mulleres e homes** na **Universidade de Vigo**



Unidade de Igualdade  
**Universidade de Vigo**



**Pacto de Estado**  
contra la violencia de género



GOBIERNO DE ESPAÑA  
MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES E IGUALDAD



**XUNTA DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

Valoracións, percepcións e  
impacto das políticas de  
**igualdade entre  
mulleres e homes  
na Universidade de Vigo**

---



**Elaborado por:**

**Red Talento Consultoras:**

Laura Seara Sobrado

Aida dos Santos

**Traballo de Campo:**

Carmen Docampo

Clara Vázquez Maldonado

Claudia Rodríguez Bermúdez

Martín Freire Rumbao



## INDICE

1.	PRÓLOGO .....	5
2.	INTRODUCCIÓN.....	7
3.	OBXECTO DO ESTUDO .....	10
4.	VARIABLES INTANXIBLES .....	11
5.	FASES .....	11
6.	FICHA TÉCNICA DO ESTUDO.....	12
7.	OPERACIONALIZACIÓN NO CUESTIONARIO .....	12
8.	TIPOLOXÍA DAS ANÁLISES REALIZADAS.....	14
9.	DEBILIDADES DO ESTUDO .....	15
10.	A UNIVERSIDADE DE VIGO.....	16
11.	A COMUNIDADE DA UNIVERSIDADE DE VIGO: ANÁLISE DE COINCIDENCIAS E DIFERENZAS ENTRE ALUMNADO, PROFESORADO E PAS.....	17
12.	IGUALDADE REAL NA UNIVERSIDADE DE VIGO .....	53
13.	VIOLENCIA DE XÉNERO.....	69
14.	AGRESIÓNS SEXUAIS.....	78
15.	PERCEPCIÓNS DO FEMINISMO.....	91
16.	CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADES .....	96
17.	TEITO DE CRISTAL.....	105
18.	CONCLUSIÓNS.....	127
19.	BIBLIOGRAFÍA.....	149





## PRÓLOGO

O pasado ano, os fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) chegaron ás 3 universidades galegas a través dos Convenios de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo. Estes recursos económicos estaban destinados a desenvolver unha serie de accións para loitar contra a violencia de xénero e a desigualdade entre homes e mulleres no ensino superior galego. Esta encomiable decisión política permitiu implementar accións e medidas que o propio Pacto de Estado recolle e que están destinadas a comprometer ás institucións académicas na loita contra o sexismo, a misoxinia e ás violencias machistas.

A Universidade de Vigo, a través da súa Unidade de Igualdade, apostou por utilizar estes fondos, entre outras moitas accións, para a realización dunha diagnose da situación e percepcións sobre a igualdade de xénero na nosa comunidade académica, a fin de deseñar con maior acerto as futuras políticas de xénero da institución, así como o próximo III Plan de Igualdade.

Neste senso, as persoas que conforman a nosa universidade, tal e como se desprende desta diagnose, amosaron ser cada vez máis sensibles ás inxustizas machistas, á cultura androcéntrica e á violencia contra as mulleres que aniña na cultura patriarcal. Esta suma de “ciencia e conciencia” concretouse na clamorosa demanda detectada neste estudo de máis formación feminista para o alumnado, persoal de administración e servizos (PAS), e persoal docente e investigador (PDI), entre outras cuestións. Homes e mulleres da nosa universidade son quen de transgredir os marcos patriarcais no panorama universitario actual.



Este documento que tendes nas vosas mans, elaborado pola consultora de xénero galega Red Talento de xeito maxistral, aborda e analiza as feblezas e fortalezas en relación a situación da desigualdade entre homes e mulleres na Universidade de Vigo. É un estudo que representa e simboliza a firme vontade da nosa institución por promover a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes en todos os espazos de coñecemento e convivencia da nosa universidade e, consecuentemente da nosa sociedade.

*Águeda Gómez Suárez*

*Directora da Unidade de Igualdade*



## INTRODUCCIÓN

O Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade o 15 de novembro de 2016 unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno de España a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de violencia de xénero conxuntamente coas Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias.

O obxectivo principal foi seguir impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado, un pacto que recupera o espírito de consenso da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, vinculando a todos os partidos políticos, poderes públicos e sociedade civil nun compromiso firme en prol dunha política sostida para a erradicación da violencia de xénero.

A sexta Conferencia de Presidentes, reunida o 17 de xaneiro de 2017, chegou ao acordo de convocar a Comisión Xeral das Comunidade Autónomas do Senado para debater as súas achegas ao texto do Pacto de Estado.

O 9 de marzo de 2017 celebrouse na devandita Comisión unha comparecencia da Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, para dar conta do acordo sobre o Pacto. Tralo debate, o Pleno do Senado, na sesión do 5 de abril de 2017, aprobou a moción número 51, da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas, pola que o Senado amosa a súa conformidade co Pacto de Estado contra a violencia de xénero e formula unha serie de propostas para incorporar ao texto que foron trasladadas á Subcomisión do Congreso dos Deputados e ao Relatorio do Senado.

Paralelamente, o Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller acordou a constitución dun grupo de traballo co fin de facilitar a reflexión e para recompilar as achegas de todas as asociacións representadas. Elaborouse un documento con todas as medidas das entidades participantes para mellorar a atención que se lles presta ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ós seus fillos e fillas.



Este documento remitiuse ao Congreso e ao Senado para a súa toma en consideración e despois de varios meses de traballo, o 13 de setembro de 2017 o Pleno do Senado aprobou por unanimidade o Informe do Relatorio de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero. O Congreso, na sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Estes informes recollen un conxunto de propostas de actuación para os vindeiros anos que inclúen especificamente as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como as recomendacións dos organismos internacionais como as Nacións Unidas e o Consello de Europa.

Algunhas destas medidas recollidas en 10 eixos de actuación, implican ás universidades e ás correspondentes unidades de igualdade na realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no eido universitario e a valorar, no seu caso, a oportunidade de realizar campañas de prevención nos campus. A medida 233 do Pacto sinala a obriga de obter e prestar datos estatísticos detallados sobre todas as formas de violencia contra as mulleres incluídas no Pacto, de conformidade coa normativa vixente, para a súa difusión, realización de estudos, impulso de investigacións e elaboración de enquisas a fin de estudar as súas causas e efectos, avaliar a súa incidencia e percepción social e coñecer as medidas para a súa erradicación. Pola súa banda, a medida 255 recolle o fomento da investigación en violencias sexuais a través de estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade.

No ano 2019, no marco do Pacto, a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia firmou un convenio cos reitores das 3 universidades galegas a fin de facer una transferencia de fondos dirixidos ás respectivas unidades de igualdade. O obxectivo do convenio foi impulsar o desenvolvemento dunha serie de actividades relacionadas cos contidos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero no ensino superior galego.



A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo optou, entre outras accións, pola realización dun estudo a fin de coñecer a percepción da igualdade entre homes e mulleres na Universidade de Vigo para identificar as fortalezas e debilidades das políticas de igualdade de xénero da Universidade de Vigo e, en consecuencia, afinar na súa efectividade. Este traballo está directamente vencellado a dous puntos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que se enumeran a continuación:

1.1.8. Implicar ás unidades de igualdade das universidades na realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no eido universitario e valorar, no seu caso, a oportunidade de realizar campañas de prevención nos campus universitarios e, en particular, as agresións sexuais “en cita”.

8.257. Fomentar a investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade dos mesmos. Realizar estudos de predominio e deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais.

Por tanto, a Unidade de Igualdade considerou prioritario coñecer a actitude, as percepcións, as tendencias, a valoración e os impactos das políticas de igualdade da Universidade de Vigo entre mulleres e homes que conforman a comunidade universitaria (alumnado, PAS e PDI) co fin de acertar no deseño e na posta en marcha de medidas que favorezan e impulsen de forma efectiva e real esta igualdade.

## OBXECTO DO ESTUDO

Como sinala a introdución, este estudo elabórase co gallo de analizar os impactos, as percepcións e as valoracións das políticas de igualdade, da violencia de xénero e das agresións sexuais entre mulleres e homes da Universidade de Vigo. Así mesmo, preténdense estudar as opinións da comunidade universitaria a respecto de determinados conceptos e cuestións como o feminismo, o teito de cristal ou a conciliación.

O presente documento trata de determinar o nivel de igualdade acadado nos últimos anos na Universidade de Vigo e obter unha radiografía da implicación da comunidade universitaria respecto da igualdade e da violencia de xénero.

O que a continuación se expón é o resultado dun traballo desenvolvido nos 3 campus e que detecta que a comunidade universitaria convive aínda nun contexto masculinizado con fendas de xénero palpables.

Por unha banda, o estudo achega unha descrición cuantitativa a través de indicadores desagregados por sexo e grupos de idade, ingresos, anos de estadía, titulacións etc. Por outra, analízanse as percepcións e opinións sobre conceptos relevantes para a igualdade entre mulleres e homes como o feminismo, as agresións sexuais e a violencia de xénero.

A análise fíxose mediante cuestionarios presenciais en 10 centros da Universidade de Vigo, contando con profesorado, alumnado e PAS:

- Catro centros no campus de Vigo, (Escola de Enxeñería Industrial, Escola de Enxeñería de Telecomunicacións, Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais).
- Catro centros no campus de Ourense (Facultade de Ciencias, Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo).
- Dous centros no campus de Pontevedra. (Facultade de Belas Artes e Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación).



## VARIABLES INTANXIBLES

- Sexo
- Estado civil
- Tempo na Universidade de Vigo
- Alumnado/profesorado/PAS
- Nivel de ingresos
- Código Postal
- Idade
- Campus
- Residencia
- Nivel de estudos
- Situación laboral
- Facultade

## FASES

### FASE PREPARATORIA

Nesta etapa reflexiva estableceuse o marco teórico e planificáronse as accións que se desenvolveron en fases posteriores.

Definíronse os obxectivos conxuntamente coa Unidade de Igualdade.

Escolleuse o método de administración, a poboación obxectivo e o marco da mostra.

Deseño da mostra: aleatoria simple.

Elaboración do cuestionario. Conceptualización e maqueta.

### Traballo de campo

1. Recollida de información previa: contorna, características, opinións xerais, etc.
2. Recollida de datos.
3. Cuestionario.
4. *Briefing* de campo e precodificación das preguntas e das opcións de respostas do cuestionario.

### FASE ANALÍTICA

1. Redución dos datos.
2. Transformación dos datos.

3. Obtención de resultados.
4. Descrición de limitacións.
5. Conclusións.

### **FASE INFORMATIVA**

---

1. Redacción do estudo.
2. Redacción dun resumo.
3. Presentación.

### **FICHA TÉCNICA DO ESTUDO**

- Universo: poboación universitaria dos 3 campus da Universidade de Vigo.
- Tipo de estudo: cuantitativo, subministro de cuestionario en entrevistas presenciais.
- Deseño da mostra: aleatoria simple.
- Tamaño da mostra: 375 entrevistas.
- Marxe de erro: 5%.
- Índice de confianza: P=Q=50%, 95%.
- Data do traballo de campo: 7-10 de outubro de 2019.
- O ámbito de estudo é a Universidade de Vigo.

### **OPERACIONALIZACIÓN NO CUESTIONARIO**

A partir dos obxectivos definidos, traducíronse as hipóteses en observacións empíricas medibles.

Deseñouse un cuestionario totalmente personalizado para este proxecto concreto, con máis de 100 variables que precisan dunha persoa entrevistadora presencial asistindo á persoa entrevistada, incluíndo no mesmo documento as preguntas tanto para os e as estudantes como para o profesorado e PAS, sendo responsabilidade do equipo de campo aplicar os filtros e realizar as preguntas oportunas.



Hai 11 preguntas abertas, 5 pechadas, 5 dicotómicas, 3 cualitativas e unha extensa batería con 14 preguntas de escala.

Dende a delimitación do estudo, realizouse unha revisión da literatura sociolóxica de xénero, de xeito que algunhas das preguntas formuladas xa se probaron e subministraron noutros proxectos de investigación, polo que se poden contrastar as diferenzas e similitudes da poboación universitaria da Universidade de Vigo coa poboación xeral entrevistada na *Macroenquisa de Violencia contra a muller*. 2014. Centro de Investigacións Sociolóxicas, CIS; no estudo *¿Universidad sin clases? Condiciones de Vida de los Estudiantes Universitarios*. 2011. Antonio Ariño e Ramón Llopis (dirs.) e na enquisa *Encuesta de usos del tiempo*, 2011. Instituto Nacional de Estadística.

A modo de exemplo, amósanse 3 preguntas do cuestionario conceptualizadas que forman parte do bloque de preguntas de control ou intanxibles:

<b>VARIABLES DE CONTROL</b> Permiten o cruce con variables sociodemográficas e salvagardarán a comparabilidade con outros estudos. É necesario controlar estas variables para que a análise empírica non esté sesgada. A falta de illamento das variables controladas porá en perigo a validez interna.					
DIMENSIÓN	INDICADOR	PREGUNTA	RESPOSTAS	ORIXE	ORDEN NO CUESTIONARIO
<b>Membro da comunidade universitaria</b>	Persoa entrevistada	Participa na Universidade de Vigo como:	Alumnado/ PAS/ Profesorado	Orixinal	<b>1</b>
<b>Nivel económico</b>	Ingresos do alumnado	¿En que medida contribúen cada unha das seguintes fontes de ingresos e financiamento a pagar os teus estudos (responder con porcentaxes suma 100%)?	Os ingresos dos meus pais/ Os ingresos da miña parella /A dotación dunha bolsa/ Traballo durante o curso / Traballo durante as fins de semana / Outros	P.24 Enquisa de Condicións de Vida e Participación dos Estudiantes Universitarios	<b>36</b>
<b>Nivel formativo</b>	Educación regrada	¿Cales son os estudos de máis alto nivel oficial que cursaches (con independencia de que os finalizaras ou non)? Por favor, especifica o máis posible.	Curso / nome dos estudos --> Codificar segundo T Estudios.	P.61a/Estudo 2450 CIS	<b>37</b>

## TIPOLOXÍA DAS ANÁLISES REALIZADAS

Este estudo ten unha explotación baseada maioritariamente na análise bivariada.

Ao restrinxirse á comunidade universitaria, cóntase cun número limitado de respostas que non permiten facer regresións nin correlacións.

Para obter unha mostra representativa cunha marxe de erro menor ao 5% incrementaríase exponencialmente o tempo dedicado á recolección dos datos. De feito, se se tratase de reducir a marxe de erro a un 1%, como tipo ideal, precisaríanse ao redor de 7.000 respostas para unha mostraxe aleatoria simple.

Preséntanse as frecuencias dos resultados da comunidade universitaria no seu conxunto e de cada un dos grupos que a conforman por separado: alumnado, profesorado e PAS.

A análise bivariada permite observar diferenzas entre os 3 grupos que conforman a comunidade universitaria, prestando especial atención ás diferenzas internas dentro de cada grupo atendendo á variable de sexo.

Realizáronse probas de *Chi Cuadrado*, e as diferenzas consideráronse significativas se o valor do estatístico é inferior a 0,05. O mesmo criterio do 0,05 seguiuuse ao realizar as probas T no caso de comparación de medias nas preguntas de valoración 0-10. Os cálculos realizáronse co soporte de IBM a través do seu programa estatístico informático *SPSS* e os gráficos definíronse co Paquete de Microsoft Office, garantindo compatibilidades de formato entre o equipo investigador e a Unidade de Igualdade.

Dado que nas preguntas nas que se lles solicitou ás persoas enquisadas que se situasen en torno a unha serie de afirmacións hai posicións en ambos extremos, sen chegar a superar 2 puntos sobre 10 en moitas das respostas, non é convinte realizar unha análise factorial por observarse pouca distribución ao longo da escala, concluíndo que non hai apenas debate nestas afirmacións.



## DEBILIDADES DO ESTUDO

Existen erros de cobertura xa que sendo presencial o subministro do cuestionario, non se recollen as impresións da poboación universitaria absentista. Isto implica certos erros de representatividade.

En calquera caso, a aproximación presencial alberga máis posibilidades de éxito de resposta e permite ofrecer un cuestionario tan complexo e longo como é este.

Comprobouse a representatividade da mostra ao observar unha distribución normal dos ingresos da comunidade universitaria equiparable aos datos periodicamente observados por outros indicadores.

Ponderar as respostas obtidas segundo o censo universitario podería distorcer os resultados ao observar as diferenzas nas áreas de coñecemento. Por isto, optouse por presentar os resultados cunha marxe de erro de 5% dado que as respostas normalmente teñen unha diferenza superior entre as opcións de resposta ofrecidas.

As preguntas de situación en torno a afirmacións que aluden á violencia de xénero ou ás peticións de definicións son susceptibles de erros de medición derivados da desexabilidade social, xa que as persoas entrevistadas poden sentirse avaliadas. Dende o equipo de elaboración do estudo deféndese a riqueza das preguntas cualitativas, máis alá da súa representatividade, dado que ofrecen unha aproximación ao discurso da comunidade universitaria fronte a diversos temas.

Como o subministro en papel podía derivar en erros de codificación, o equipo entrevistador solicitoulle ás persoas entrevistadas un número de teléfono persoal para realizar comprobacións naqueles casos nos que a codificación presentase rexistros que podían non corresponder coas opcións de resposta. Isto mellorou a calidade dos datos posto que evitou casos perdidos.



## A UNIVERSIDADE DE VIGO

A Universidade de Vigo nace no ano 1990 cunha oferta formativa impartida en 3 campus especializados en Ourense, Pontevedra e Vigo. Conta con 22 centros universitarios propios, 7 centros adscritos, 6 centros tecnolóxicos, 47 departamentos e 140 áreas de coñecemento. Actualmente, imparte 122 graos e mestrados oficiais, 39 programas de doutoramento, 4 titulacións de programación conxunta e 4 dobres titulacións con universidades estranxeiras nos 3 campus de Vigo, Ourense e Pontevedra. A día de hoxe, as cifras da Universidade de Vigo son:

- 20.129 alumnos/as (10.381 mulleres e 9.748 homes).
- 1.400 PDI (573 mulleres e 827 homes).
- 793 PAS (479 mulleres e 314 homes).
- 319 investigadores/as en formación.
- 535 contratados/as con cargo a proxectos de investigación.
- 39 bolseiros/as de investigación.
- 33 técnicos/as de programas de investigación.
- 158 catedráticas/os (40 mulleres e 118 homes). As mulleres catedráticas supoñen un 25,3%, cifra superior á media nacional de mulleres en cátedras no conxunto das universidades públicas, que é do 22,5%.

PDI por categoría, sexo e doutores/as	Home	Muller	Home doutor	Muller doutora	% doutores/as	Total
Axudante	1	-	-	-	-	1
Axudante doutor/a	20	19	20	19	100%	39
Catedrático/a de Escola Universitaria	10	5	10	5	100%	15
Catedrático/a	108	35	108	35	100%	143
Emérito/a	6	2	6	2	100%	8
Interino/a	9	23	2	11	40,6%	32
Lector/a	2	1	-	-	-	3
Contratado/a doutor/a	117	136	117	136	100%	253
Titular de Escola Universitaria	35	20	6	2	14,5%	55
Titular de Universidade	343	228	343	227	100%	571
Asociado/a	176	103	54	23	27,6%	279
Visitante		1		1	100%	1
<b>1400</b>	<b>827</b>	<b>573</b>	<b>639</b>	<b>461</b>		




## A COMUNIDADE DA UNIVERSIDADE DE VIGO: ANÁLISE DE COINCIDENCIAS E DIFERENZAS ENTRE ALUMNADO, PROFESORADO E PAS

### • 1. Participa na Universidade de Vigo como:

O 78,6% das persoas entrevistadas correspóndense con alumnado, un 9,6% forma parte do equipo docente e un 11,73% é Persoal de Administración e Servizos, en adiante PAS.

Total comunidade universitaria entrevistada			
	Alumnado	Profesorado	PAS
	295	36	44





## • 2. Sobre os 3 Campus e os cuestionarios respondidos

A formulación inicial pasou inicialmente por un reparto de entrevistas por campus de tal xeito que o 50% destas estaban previstas no campus de Vigo, o 30% no campus de Ourense e o 20% no campus de Pontevedra. Finalmente, as realizadas no campus de Vigo superan as porcentaxes previstas, razón pola que este campus queda sobrerrepresentado. Non obstante, a porcentaxe de entrevistas realizadas garda a mesma relación de maior a menor.

Só o alumnado (en relación aos 3 grupos de persoas entrevistadas) respecta a proporción de peso nos 3 campus, xa que hai máis entrevistas a profesorado e a PAS no campus de Pontevedra que no campus de Ourense.

### **Campus de Vigo:**

- O alumnado representa o 76% das entrevistas.
- O profesorado ao 8% das entrevistas.
- O PAS un 16% das entrevistas (a maior proporción dos 3 campus).

### **Campus de Ourense:**

- O alumnado representa a un 88% das entrevistas (a maior proporción dos 3 campus).
- O profesorado un 10% das entrevistas.
- O PAS un 2% das entrevistas.

### **Campus de Pontevedra:**

- O alumnado representa o 75% das entrevistas.
- O profesorado representa ao 15% das entrevistas (a maior proporción dos 3 campus).
- O PAS un 10% das entrevistas.

## • 3. Por facultades

Antes de iniciar o traballo de campo, elixíronse as escolas e facultades dos 3 campus nas que realizar as entrevistas (hai unha única entrevista na Escola de Minas que non estaba prevista e que se computou para o estudo).

Estas facultades son:



### **Campus de Vigo:**

- Escola de Enxeñaría Industrial.
- Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións
- Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
- Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. \* (1 entrevista).

### **Campus de Ourense:**

- Facultade de Ciencias.
- Facultade de Ciencias da Educación.
- Facultade de Dereito.
- Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.


### **Campus de Pontevedra**

- Facultade de Belas Artes.
- Facultade de CC Sociais e da Comunicación.

O maior número de persoas entrevistadas pertence á Escola de Enxeñaría Industrial do campus de Vigo cun 21% seguida da Facultade de Ciencias da Educación do campus de Ourense cun 17%.

Estas porcentaxes correspóndense coa formulación inicial deste traballo, que pretendeu contraponer as dúas facultades e os perfís do alumnado.

### 3. Nº de entrevistas realizadas por facultades



A porcentaxe do alumnado participante no estudo por campus expóñese na seguinte táboa:

2. Campus. Alumnado entrevistado.				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Vigo	167	57%	57%
	Ourense	78	26%	26%
	Pontevedra	50	17%	17%
	Total	295	100%	100%

Hai diferenzas significativas respecto ao sexo do alumnado entrevistado. Así, os alumnos son maioría no campus de Vigo, un 58%, mentres que as alumnas son maioritarias no campus de Ourense, un 64%, e no campus de Pontevedra, un 70%.

O groso do alumnado está no campus de Vigo, que figura como primeiro en número de alumnos: un 69% de alumnos que estudan na Universidade de Vigo



fano no campus de Vigo fronte a un 45% de alumnas, que repártense máis entre os 3 campus (só o 11% dos entrevistados homes asisten ás súas clases no campus de Pontevedra).

O profesorado está sobrerrepresentado no campus de Pontevedra.

2. Campus. Profesorado entrevistado.				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	<b>Vigo</b>	17	47%	47%
	<b>Ourense</b>	9	25%	25%
	<b>Pontevedra</b>	10	28%	28%
	<b>Total</b>	36	100%	100%

A inmensa maioría de PAS participantes traballan no campus de Vigo, un 79,5%, estando o campus de Ourense claramente subrepresentado.

2. Campus. PAS entrevistados.				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	<b>Vigo</b>	35	79,5%	80%
	<b>Ourense</b>	2	4,5%	4%
	<b>Pontevedra</b>	7	15,9%	16%
	<b>Total</b>	44	100%	100%

Respecto ás porcentaxes de alumnado por sexo e campus, cómpre sinalar que a pregunta sobre o sexo quedou sen responder en dúas entrevistas polo que a base de alumnado cae de 295 a 293 na seguinte táboa.

2. Alumnado por campus e sexo (%)						
		Home		Muller		Total
<b>Vigo</b>	96	69%	70	45%	166	57%
<b>Ourense</b>	28	20%	49	32%	77	26%
<b>Pontevedra</b>	15	11%	35	23%	50	17%
<b>Total</b>	139	47%	154	53%	293	100%

Estes datos que sitúan no campus de Vigo a practicamente un 70% de alumnos están directamente ligados á masculinización na Escola de Enxeñaría Industrial

e na Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións, ambas con importante peso nas entrevistas e que forman parte do campus de Vigo ( $\chi^2 = 0,001$ ).

Nos últimos anos estase prestando unha maior atención á fenda xénero nas coñecidas como carreiras STEM, acrónimo que fai referencia ás áreas de coñecemento científicas e de enxeñaría (science, technology, engineering and mathematics, isto é, ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas). A Universidade de Vigo non é unha excepción pero os datos seguen determinando a masculinización das carreiras técnicas, con só un 18% de alumnas.

Os alumnos representan un 47% e as alumnas un 53% do estudo pero estas porcentaxes invértense nas carreiras técnicas, que achegan valores dun 68% de alumnos e dun 32% de alumnas.

Os alumnos representan un 20% máis nas STEM da universidade que as alumnas. Unicamente está cerca dos valores observados en termos xerais a Facultade de Ciencias Económicas, cun 44%-56%, a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, cun 45%-55% e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (41%-59%).

A maior taxa feminina sitúase na Facultade de Belas Artes (campus de Pontevedra) na que un 90% das persoas entrevistadas son mulleres e na Facultade de Ciencias da Educación (campus de Ourense), cun 73%.

Como ocorre no conxunto da universidade española, as alumnas non están repartidas equilibradamente por facultades. Hai estudos altamente feminizados, mentres que o número de mulleres é máis baixo que o de homes en estudos STEM.

Si ben é certo que os estereotipos de xénero vanse diluíndo, despois de moitos anos de traballo nas aulas e nos equipos reitorais, aínda non están erradicados. Basta ver os datos de participación por titulacións de homes e mulleres nas aulas das universidades do país e, particularmente, nas aulas da Universidade de Vigo. ( $\chi^2 = 0,000$ ).

### 3. Alumnado por facultade e sexo



	Homes		Muller		Total	
E. Enxeñaría de Minas e Enerxía	1	100%	0	0%	1	100%
E.U. Enxeñaría de Telecomunicacións	26	79%	7	21%	33	100%
E.U. Enxeñaría Industrial	38	62%	23	38%	61	100%
Facultade de Belas Artes	2	10%	19	90%	21	100%
Facultade de CC. Económicas e Empresariais	16	44%	20	56%	36	100%
Facultade de CC. Sociais e Comunicación	13	45%	16	55%	29	100%
Facultade de Ciencias	15	63%	9	38%	24	100%
Facultade de Ciencias da Educación	14	28%	37	73%	51	100%
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	0	0%	2	100%	2	100%
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	12	41%	17	59%	29	100%
Facultade de Dereito	2	33%	4	67%	6	100%
<b>Total</b>	<b>139</b>	<b>47%</b>	<b>154</b>	<b>53%</b>	<b>293</b>	<b>100%</b>

- **Departamentos de profesorado e centros de traballo de PAS**

Non se recolleron suficientes datos para poder desagregalos por sexo.

- **Cursos e anos que as persoas entrevistadas permanecen na Universidade de Vigo.**


Dado que o alumnado supón o 80% das entrevistas é lóxico que os datos indiquen unha estadía curta do total de persoas entrevistadas. Só un 35% supera os 5 anos de estadía, porcentaxe que tamén se explica, ademais de polo peso do alumnado, pola mobilidade e, sobre todo, pola natureza nova desta



universidade, con titulacións e facultades novas e cun profesorado tamén máis mozo que a media do profesorado doutras universidades españolas.

Segundo datos do Ministerio de Universidades e de Eurostat (Oficina Europea de Estatística) correspondentes a 2013, a idade media do profesorado universitario en España era de 49,2, a terceira máis alta da UE despois de Italia e Grecia, mentres que a media de idade da poboación en España situábase en 2013 en 42,7 anos.

Na Universidade de Vigo, os profesores enquisados teñen 50 anos de media mentres que a media das profesoras sitúase nos 41 anos. A media do profesorado é de 46 anos (*Anova entre grupos = 0,026*).



O Anuario de 2018 do Ministerio de Educación, baseado en datos do curso 2016-2017, apunta que 1 de cada 7 docentes das universidades galegas están en idade de xubilación (entre 60 e 66 anos, ambos incluídos).

A Consellería de Educación e Universidades da Xunta de Galicia nos datos estatísticos do Sistema Universitario de Galicia correspondentes ao curso 2015/2016 apuntan que o 10,1% do profesorado da Universidade de Santiago está en idade de xubilación. Na Universidade de A Coruña esta porcentaxe é dun 4,66% e na Universidade de Vigo, só o 3,1% do profesorado atópase nesta franxa de idade.



A media de anos o profesorado entrevistado da Universidade de Vigo é de 18 anos.

8. Anos/cursos de media na Universidade de Vigo de todos os grupos.			
Media	Profesorado	PAS	Alumnado
5,7	18	13,2	3,2

A media de anos/cursos de estadía da comunidade universitaria é de 5,7 anos (*Anova entre grupos = 0,000*):

- A media do alumnado é de 3,2 anos.
- A media de profesorado é de 18 anos.
- A media de PAS é de 13,2 anos.

Non se observan diferenzas por sexo respecto do tempo que o alumnado adía á formación universitaria.

O alumnado que cursa primeiro ou segundo curso na Universidade de Vigo foi o máis accesible a responder e participar nas entrevistas.

6. Anos/curso de alumnado na Universidade de Vigo, agrupado				
Válido	Anos	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
	1	65	22%	22%
	2	63	21,4%	21%
	3	47	15,9%	16%
	4	53	18%	18%
	De 5 a 10	51	17,3%	17%
	Máis de 20	16	5,4%	5%
	<b>Total</b>	295	100%	100%

Preto dun 23% do total do alumnado que participou no estudo supera os 5 cursos/anos na Universidade de Vigo.

Respecto ao profesorado entrevistado, 7 de cada 10 levan máis de 10 anos na Universidade de Vigo.

### 6. Anos/cursos de profesorado na Universidade de Vigo, agrupado

Válido	Anos	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
	1	2	5,6%	6%
	3	2	5,6%	6%
	4	1	2,8%	3%
	De 5 a 10	5	13,9%	14%
	De 11 a 20	11	30,6%	31%
	Máis de 20	15	41,7%	42%
	<b>Total</b>	<b>36</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>


O PAS mostra estabilidade laboral e practicamente o 80% leva máis de 5 anos traballando na universidade.

### 6. Anos/cursos de PAS na Universidade de Vigo, agrupado

Válido	Anos	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
	1	2	4,5%	4,5%
	2	5	11,4%	11,4%
	3	1	2,3%	2,3%
	4	1	2,3%	2,3%
	De 5 a 10	8	18,2%	18,2%
	De 11 a 20	17	38,6%	38,6%
	Máis de 20	10	22,7%	22,7%
	<b>Total</b>	<b>44</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

### • 7. Sexo da comunidade universitaria

As mulleres supoñen o 53% da comunidade universitaria entrevistada e os homes o 47%. O estudo non achega diferenzas significativas da frecuencia de cada sexo. ( $\chi^2 = 0,1970$ ).





7. Sexo do alumnado				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Home	139	47,1%	47%
	Muller	154	52,2%	53%
	<b>Total</b>	<b>293</b>	<b>99,3%</b>	<b>100%</b>
Perdidos	Sistema	2	0,7%	
<b>Total</b>		<b>295</b>	<b>100%</b>	

Os datos son practicamente idénticos ás porcentaxes totais dos 3 grupos respecto ao sexo do alumnado: un 52,6% de alumnas e un 47,4% de alumnos.

A pregunta sobre o sexo ao que pertencen queda sen resposta en 2 entrevistas do alumnado, razón pola que ao observar por sexo a base de estudantes a cifra baixa de 295 a 293.

7.Sexo Profesorado				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Home	18	50%	50%
	Muller	18	50%	50%
<b>Total</b>		<b>36</b>	<b>100</b>	<b>100%</b>

Participaron 36 profesores e profesoras, exactamente o mesmo número de homes que de mulleres. (50%-50%)

7. Sexo PAS				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Home	19	43,2%	45%
	Muller	23	52,3%	55%
	<b>Total</b>	<b>42</b>	<b>95,5%</b>	<b>100%</b>
Perdidos	Sistema	2	4,5%	
<b>Total</b>		<b>44</b>	<b>100%</b>	


Do PAS cómpre sinalar que 19 son homes, un 45,2% e 23 mulleres, un 54,8%. 2 PAS non indican o sexo.

- 8. Xeración á que pertencen todas as persoas participantes no estudo.

Para analizar axeitadamente os datos sobre grupos xeracionais empregáronse os seguintes estándares académicos:

- **Xeración silenciosa**, persoas nadas entre 1903 e 1948.
- **Xeración *Baby Boom***, persoas nadas entre 1949 e 1968.
- **Xeración X**, persoas nadas entre 1969 e 1980 (non existe un rango oficial e hai quen inclúe ás persoas nadas entre 1970 e 1982).
- **Xeración Y ou "*Millenial*"**, persoas nadas entre 1981 e 1993.
- **Xeración Z, "*Centenial*" ou "*PostMillenial*"**, persoas nadas entre 1994 e 2001.

O forte peso do alumnado é a razón pola que o 74% da comunidade universitaria entrevistada pertence á xeración Z (1994 -2001).



8. Xeración á que pertencen as persoas entrevistadas.								
	Alumnado		Profesorado		PAS		Total	
Xeración silenciosa	1	0,3%	1	3%	0	0%	2	1%
<i>Baby Boom</i>	0	0%	12	32%	15	34%	27	7%
Xeración X	0	0%	13	38%	28	64%	42	11%
Xeración Y	16	5,5%	8	22%	1	2%	25	7%
Xeración Z	274	94,1%	2	5%	0	0%	276	74%
<b>Total</b>	<b>291</b>	<b>100%</b>	<b>36</b>	<b>100%</b>	<b>44</b>	<b>100%</b>	<b>372</b>	<b>100%</b>



Nesta variable pérdese o dato de 4 entrevistas dado que 2 alumnos e 2 alumnas non responderon á pregunta sobre a súa data de nacemento. ( $\chi^2 = 0,000$ ).

Profesorado e PAS nutren a coñecida como xeración X e a que se corresponde co *Baby Boom*.

- O 94% do alumnado pertence á xeración Z.
- O 64% de PAS pertence á xeración X
- O 70% de profesorado pertencen á xeración X (38%) e á xeración do *Baby Boom*. (32%)

Con este método, obsérvanse 3 xeracións de estudantes.

8. Xeración á que pertence. Alumnado.				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Xeración Silenciosa	1	0,3%	0,3%
	Xeración Y	16	5,4%	5,5%
	Xeración Z	274	92,9%	94,2%
	<b>Total</b>	291	98,6%	100%
Perdidos	Sistema	4	1,4%	
<b>Total</b>		295	100%	

A maior parte do **alumnado** naceu a finais da década dos 90 e atópase na franxa de 18 a 25 anos, o motor real da comunidade universitaria neste estudo. Non habendo diferenzas significativas por sexo.

Respecto á xeración do **profesorado** e como cabía esperar, hai unha minoría nada na década dos 90 (xeración X e xeración *Baby Boom*).

8. Xeración á que pertence. Profesorado				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Xeración Silenciosa	1	2,8%	2,8%
	<i>Baby Boom</i>	12	32%	32%
	Xeración X	13	38%	38%
	Xeración Y	8	22%	22%
	Xeración Z	2	5%	5%
	<b>Total</b>	36	100%	100%



Sobre o **PAS** cómpre destacar que ningún dos entrevistados/as é menor de 26 anos nin maior de 50 anos.

A maior parte, un 65% naceu na década dos 70, polo que pertence á xeración X, como sucede tamén co profesorado.

8. Xeración á que pertence. PAS				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	<b>Baby Boom</b>	15	34%	34%
	<b>Xeración X</b>	28	64%	63%
	<b>Xeración Y</b>	1	2%	2%
	<b>Total</b>	44	100%	100%

• **9. Estado civil e situación de convivencia da comunidade universitaria.**

O 85% da comunidade universitaria entrevistada está solteira, dato proba de novo o peso do alumnado.





Do 87% do total de persoas solteiras, o 46% non ten parella e só un 15% declara que convive cunha parella.

9.1. Situación de convivencia (de persoas non casadas) de toda a comunidade universitaria								
	Alumnado		Profesorado		PAS		Total	
Non ten parella	79	50%	3	21%	1	7%	83	46%
Ten parella pero non comparten a mesma casa	67	42%	4	29%	4	29%	75	41%
Vive en parella	12	8%	7	50%	8	57%	27	15%
Outros	0	0%	0	0%	1	7%	1	0%
<b>Total</b>	<b>158</b>	<b>100%</b>	<b>14</b>	<b>100%</b>	<b>10</b>	<b>100%</b>	<b>182</b>	<b>100%</b>

Os datos son similares aos que mostra o Instituto Galego de Estatística na serie 1998-2018 *Matrimonios por meses segundo o tipo de matrimonio* que sinala a diminución notable de matrimonios. En 1978 celebráronse en Galicia 18.796 matrimonios, cifra que baixou a 13.702 en 1988, a 11.893 en 1998, a 10.867 en 2008 e a 8.400 en 2018. En 40 anos, os matrimonios reducíronse en Galicia nun 55,3%.

Como era de esperar, atópanse importantes diferenzas entre a comunidade universitaria, cunha relación directa coa idade do alumnado, do profesorado e de PAS.

- Son maioritariamente alumnos e alumnas, un 89%, os que, aínda tendo parella, non conviven con ela.
- O 99% do alumnado está solteiro/a. Destes, un 29% non ten parella e un 4% ten parella e convive con ela.

9.1. Estado civil. Alumnado				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Casada	4	1,4%	1%
	Solteira	273	92,5%	99%
	<b>Total</b>	<b>277</b>	<b>93,9%</b>	<b>100%</b>
Perdidos	Sistema	18	6,1%	
	<b>Total</b>	<b>295</b>	<b>100%</b>	



O 50% do profesorado entrevistado está casado e o 44% convive en parella.

9.1. Estado civil. Profesorado.				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Casada	18	50%	50%
	Solteira	16	44,4%	44%
	Divorciada	2	5,6%	6%
	Total	36	100%	100%

Os datos sinalan algunhas diferenzas significativas por sexo ( $\chi^2 = 0,023$ ). O 72% dos profesores están casados, mentres que nesta situación só se atopa o 28% das mulleres.

Do profesorado que declara non estar casado, hai diferenzas entre profesores e profesoras (4 profesoras non responderon a pregunta 9.2, polo que na situación de convivencia o total difire da suma de solteira e divorciada da 9.1).

9.2. Situación de convivencia. Profesorado.				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Non ten parella	3	8%	21%
	Ten parella pero non comparte casa	4	11%	29%
	Ten parella coa que vive	7	19%	50%
	Total	14	39%	100%
Perdidos	Sistema	22	61%	
Total		36	100%	

9.1. Estado civil. Profesorado.						
	Home		Muller		Total	
Casada	13	72%	5	28%	18	50%
Solteira	4	22%	12	67%	16	44%
Divorciada	1	6%	1	6%	2	6%
Total	18	100%	18	100%	36	100%



9.2. Situación de convivencia. Profesorado.						
	Home		Muller		Total	
	Non ten parella	2	40%	1	11%	3
Ten parella pero non comparte casa	2	40%	2	22%	4	29%
Ten parella coa que vive	1	20%	6	67%	7	50%
<b>Total</b>	<b>5</b>	<b>100%</b>	<b>9</b>	<b>100%</b>	<b>14</b>	<b>100%</b>

O 52,3% de PAS están casados/as.

9.1. Estado civil. PAS.				
Válido		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
		<b>Casada</b>	23	52,3%
	<b>Solteira</b>	14	31,8%	32%
	<b>Separada</b>	1	2,3%	2%
	<b>Divorciada</b>	6	13,6%	14%
	<b>Total</b>	44	100%	100%

O 57 % de PAS que declaran non están casados/as convive en parella.

9.2. Situación de convivencia. PAS.				
Válido		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
		<b>Non comparten casa</b>	1	2%
	<b>Ten parella pero non comparten casa</b>	4	9%	29%
	<b>Ten parella coa que vive</b>	8	18%	57%
	<b>Outros</b>	1	2%	7%
	<b>Total</b>	14	32%	100%
<b>Perdidos</b>	<b>Sistema</b>	30	68%	
<b>Total</b>		44	100%	

• 10. Situación de convivencia do alumnado en relación ao seu fogar familiar

O 52% do alumnado vive coa súa familia (pais, nais ou ambos).

10. Onde reside o alumnado durante o curso				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Vivo co meu pai e/ou ca miña nai	153	51,9%	52%
	Non vivo co meu pai nin ca miña nai	144	48,1%	48%

Do 52% que declara vivir coa familia, o 55% son alumnos e o 45% alumnas, dato que pode indicar unha emancipación máis precoz das alumnas, ao igual que sucede en Europa e en España. ( $\chi^2 = 0,005$ ).

Na seguinte táboa, a base de alumnado cae de 295 a 293 dado que 2 alumnos/as non responderon á pregunta 7.

10. Onde reside o alumnado durante o curso por sexo						
	Home		Muller		Total	
Vivo con pai e/ou con nai	83	60%	68	44%	151	52%
Non vivo con pai nin con nai	56	40%	86	56%	142	48%
Total	139	100%	154	100%	293	100%

O 48% do alumnado enquisado non vive no fogar familiar, do que o 61% son alumnas.

- 56 alumnos viven fóra do fogar familiar, o que supón o 39% do total do alumnado que vive fóra do fogar familiar e o 19% do total do alumnado.
- 86 alumnas viven fóra do fogar familiar, o que supón o 61% do total do alumnado que vive fóra do fogar familiar e o 29% do total do alumnado.

Estes datos non se deben extrapolar para analizar a emancipación do alumnado xa que son moitos os alumnos e alumnas que viven en residencias estudiantís ou comparten pisos pero dependen economicamente das súas



familias. Aínda así, os datos concordan con estudos previos que apuntan a tardía idade de emancipación en España respecto a outros países europeos. Segundo Eurostat (Oficina Europea de Estatística), a idade media de emancipación da mocidade en Europa é de 26 anos, 25 anos nas mulleres e 27 anos nos homes. Porén, en España, a idade media de emancipación é unha das máis baixas, con 29,5 anos, só por detrás de Italia, Croacia, Grecia e Montenegro.

Nunha reportaxe publicada na Revista ICON do diario El País o 1 de maio de 2019, o subdirector do Departamento de Antropoloxía Social e Psicoloxía Social da Universidade Complutense de Madrid, Juan Carlos Revilla, sinala que a precariedade laboral é unha das razóns da emancipación tardía en España. Nas mesma reportaxe, a CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas) asegura que tamén inflúe a insuficiencia de bolsas e axudas universitarias, por debaixo da metade das que se destinan no resto de países que forman parte da OCDE.

Este dato, unido aos prezos da vivenda e ó maior arraigo familiar dos países europeos do sur, afonda aínda máis nas causas.

Ao igual que sucede en países da nosa contorna, as mulleres en España independízanse 2 anos antes cós homes. (28,6 fronte a 30,5).

Neste estudo, os datos mostran que son máis alumnas que alumnos as que viven fóra do fogar familiar.

- **11. Lugar de residencia da comunidade universitaria.**

Case o 70% das persoas entrevistadas residen na provincia de Pontevedra, incluíndo á cidade de Vigo.

11. Onde resides durante o curso:	Alumnado	Profesorado	PAS	Total
A Coruña	1%	3%	0%	1%
Ourense prov	3%	3%	0%	3%
Ourense cidade	23%	25%	5%	21%
Pontevedra prov	24%	17%	18%	23%
Vigo	<b>34%</b>	<b>31%</b>	<b>57%</b>	<b>36%</b>
Pontevedra cidade	12%	3%	9%	10%
Non indica	3%	19%	11%	6%
<b>TOTAL</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

O 72% do **alumnado** entrevistado vive na provincia de Pontevedra (un 34% na cidade de Vigo, un 12% na cidade de Pontevedra e un 24% no resto da provincia), o 27% na provincia de Ourense (24% na cidade de Ourense) e só o 1% na provincia de A Coruña.

En Vigo vive o mesmo número de alumnos e alumnas que no resto da provincia de Pontevedra e sitúase como a primeira cidade de residencia das persoas enquisadas, presentándose a maior diferenza entre o PAS. Os datos indican o forte peso do campus de Vigo no estudo, ao que hai que sumar o campus de Pontevedra, (ambos na mesma provincia). En todo caso, é evidente o peso da cidade de Vigo, a máis habitada de Galicia e sede principal da Universidade.

O 50% do **profesorado** e o 84% de **PAS** vive na provincia de Pontevedra.

Entre o **alumnado**, as mulleres son máis urbanas. O número de alumnas que viven na cidade de Ourense duplica ó de alumnos e triplícao no caso de Pontevedra.

Respecto do **profesorado** entrevistado hai que sinalar que o número de profesores que viven na cidade de Ourense supera nun 5% ao número de profesoras, diferenza que se repite no caso da cidade de Pontevedra.

Entre o **PAS** non se obtivo resposta de ningún residente na provincia de A Coruña e os datos sinalan que a inmensa maioría vive na cidade de Vigo.



11. Onde resides durante o curso.	Alumnado		Profesorado		PAS		Total xeral	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
A Coruña	1%	1%	6%	0%	0%	0%	2%	1%
Ourense	2%	4,5%	0%	5,5%	0%	0%	2%	4%
Ourense cidade	17%	29%	28%	22%	0%	9%	16%	26%
Pontevedra	32%	17%	28%	6%	16%	17%	30%	16%
Vigo	<b>38%</b>	<b>31%</b>	<b>22%</b>	<b>39%</b>	<b>53%</b>	<b>65%</b>	<b>38%</b>	<b>35%</b>
Pontevedra cidade	5%	18%	6%	0%	16%	0%	6%	14%
No indica	5%	1%	11%	28%	16%	9%	7%	4%
<b>TOTAL</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

• 12. Orixe familiar do alumnado.

No caso de que na pregunta 11 sinalaran que non viven no fogar familiar, solicitouse ao **alumnado** que indicara onde vive a súa familia,

12. Alumnado. C. POSTAL do fogar no que reside pai/nai cando sexa diferente da túa residencia (codificado en cidades)	Porcentaxe de respostas válidas
A Coruña	13,7%
A Coruña cidade	7,6%
Ourense	14,5%
Ourense cidade	4,5%
Pontevedra. Inclúe Vigo.	<b>47,3%</b>
Pontevedra cidade	2,3%
Lugo	0,8%
Lugo cidade	5,3%
Alacante	0,8%
Barcelona	0,8%
Cáceres	0,8%
Madrid	0,8%
Zaragoza	0,8%
<b>TOTAL</b>	<b>100%</b>

O 96% do alumnado provén de familias galegas (4% restante provén das provincias de Alacante, Barcelona, Cáceres, Madrid e Zaragoza).

De novo evidénciase o gran peso da provincia de Pontevedra, lugar de orixe de case o 50% do alumnado.

Un 19% ten na provincia de Ourense a orixe familiar, menos que o 21,3% que ten a orixe familiar na provincia de A Coruña. A provincia de Lugo apenas supera o 6%.

Outro dato salientable ten que ver con que apenas hai alumnado con orixe noutras comunidades autónomas.

A tenor dos datos de mobilidade dentro de Galicia, a maioría do alumnado entrevistado ten a orixe familiar na provincia de Pontevedra, que aporta practicamente o mesmo número de estudantes que as provincias de Ourense, A Coruña e Lugo xuntas.

12.Onde está o fogar familiar?	Homes	Mulleres	TOTAL
A Coruña provincia	18%	11%	14%
A Coruña cidade	8%	8%	8%
Lugo provincia	0%	1%	0,8%
Lugo cidade	10%	3%	5%
Ourense provincia	8%	19%	15%
Ourense cidade	8%	3%	5%
Pontevedra. Inclúe Vigo	38%	54%	47%
Pontevedra Cidade	6%	0%	2%
Alacante	2%	0%	0,8%
Barcelona	0%	1%	0,8%
Cáceres	0%	1%	0,8%
Zaragoza	2%	0%	0,8%
<b>TOTAL</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

Un 19% das alumnas e un 8% dos alumnos teñen a orixe familiar en localidades da provincia de Ourense. Destaca que ningunha alumna ten a súa orixe familiar na cidade de Pontevedra.



• **34. Ingresos mensuais por termo medio no fogar do alumnado (despois da dedución de impostos. Por escala).**

Esta pregunta foi respondida polo 82% do alumnado.

<b>34. Alumnado. Ingresos mensuais por termo medio no seus fogares.</b>				
	<b>Frecuencia</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Porcentaxe válida</b>	
<b>Válido</b>	<b>Sen ingresos</b>	2	0,7%	0,8%
	<b>300€ ou menos</b>	4	1,4%	2%
	<b>De 301€ a 600€</b>	8	2,7%	3%
	<b>De 601€ a 900€</b>	14	4,7%	6%
	<b>De 901€ a 1200€</b>	31	10,5%	13%
	<b>De 1201€ a 1800€</b>	44	14,9%	18%
	<b>De 1801€ a 2400€</b>	61	20,7%	25%
	<b>De 2401€ a 3000€</b>	41	13,9%	17%
	<b>De 3001€ a 4500€</b>	20	6,8%	8%
	<b>De 4501€ a 6000€</b>	8	2,7%	3%
	<b>Máis de 6000€</b>	6	2%	3%
	<b>Non quere contestar</b>	2	0,7%	0,8%
	<b>Total</b>	<b>241</b>	<b>81,7%</b>	<b>100%</b>
	<b>Perdidos Total</b>	<b>Sistema</b>	54	18,3%
		<b>295</b>	<b>100%</b>	


Os ingresos familiares do alumnado seguen unha distribución normal situándose maioritariamente, cun 25%, na franxa de entre 1801€ e 2400€ de ingresos familiares mensuais.

Sen ingresos ou con ingresos familiares por debaixo dos 300€ atópase un 2,1% do alumnado, porcentaxe idéntica á que declara ingresos no fogar superiores a 6000€.

Este é un dato relevante dado que a situación socioeconómica dunha familia inflúe directamente nos resultados académicos, sendo sempre favorable ao alumnado que vive en fogares con maiores ingresos. O informe PISA sinala que



os resultados educativos están influenciados por circunstancias como a situación socioeconómica das familias ou de si pais e nais traballan ou están desempregados. En igualdade de condicións, apunta o informe, os resultados académicos serían iguais.



• **35. Os ingresos persoais mensuais da comunidade universitaria**

Esta pregunta foi respondida polo 74% das persoas entrevistadas, profesorado, alumnado e PAS.

O 29% do **alumnado** non a respondeu a pesar de que a pregunta dos ingresos familiares foi respondida polo 82%, o que está directamente relacionado coa ausencia de ingresos persoais dado que só o 32% do alumnado conta con algún ingreso propio polo que o total presenta desviación nos grupos.



Hai diferenzas estatísticas na participación por sexo entre o alumnado ( $\chi^2 = 0,005$ ) xa que respondeu o 77% de alumnas fronte a un 70% de alumnos.

35. Ingresos persoais	Alumnado		Profesorado		PAS		TOTAL	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Non responderon	48	38	1	1	3	6	52	45
Si responderon	91	116	17	17	16	17	124	150
<b>TOTAL</b>	<b>139</b>	<b>154</b>	<b>18</b>	<b>18</b>	<b>19</b>	<b>23</b>	<b>176</b>	<b>195</b>


35. Os ingresos persoais mensuais da comunidade universitaria								
	Alumnado		Profesorado		PAS		Total	
	Non ten ingresos	141	48%	0	0%	0	0%	141
Menor ou igual a 300€	34	12%	0	0%	0	0%	34	9%
De 301 a 600€	17	6%	0	0%	0	0%	17	5%
De 601 a 900€	1	0%	1	3%	1	2%	3	1%
De 901 a 1200€	6	2%	5	14%	9	20%	20	5%
De 1201 a 1800€	2	1%	5	14%	22	50%	29	8%
De 1801 a 2400€	1	0%	5	14%	3	7%	9	2%
De 2401 a 3000€	0	0%	12	33%	0	0%	12	3%
De 3001 a 4500€	2	1%	5	14%	0	0%	7	2%
De 4501 a 6000€	2	1%	1	3%	0	0%	3	1%
Máis de 6000€	1	0%	0	0%	0	0%	1	0%
Non responde ou non quere responder.	88	30%	2	6%	9	20%	99	26%
<b>Total</b>	<b>295</b>	<b>100%</b>	<b>36</b>	<b>100%</b>	<b>44</b>	<b>100%</b>	<b>375</b>	<b>100%</b>

Aínda que hai diferenzas estatísticas na participación por sexo do **alumnado**, nin os ingresos familiares mensuais (pregunta 34) nin os ingresos persoais mensuais da comunidade universitaria presentan diferenzas significativas por sexo.

O **profesorado** sitúase maioritariamente entre os 2.401€ e os 3.000€ (35%) aínda que a franxa de ingresos persoais declarados é moi ampla, entre os 600€ e os 6.000€,

O **PAS** no supera os 2.400€ e o salario máis común neste colectivo sitúase entre os 1.201€ e os 1.800€ (63% dos casos).

### 35.Os ingresos persoais ó mes %



### 35. Alumnado. Escala de ingresos persoais mensuais despois da dedución.

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	
<b>Válido</b>	<b>Non ten ingresos</b>	141	48%	68%
	<b>300€ ou menos</b>	34	12%	16%
	<b>De 301€ a 600€</b>	17	6%	8%
	<b>De 601€ a 900€</b>	1	0%	0,5%
	<b>De 901€ a 1200€</b>	6	2%	3%
	<b>De 1201€ a 1800€</b>	2	1%	0,5%
	<b>De 1801€ a 2400€</b>	1	0%	0,5%
	<b>De 3001€ a 4500€</b>	2	1%	1%
	<b>De 4501€ a 6000€</b>	2	1%	1%
	<b>Máis de 6000€</b>	1	0%	0,5%
	<b>Non quere responder</b>	1	0%	0,5%
<b>Total</b>	<b>208</b>	<b>70,5%</b>	<b>100%</b>	
<b>Perdidos</b>	<b>Sistema</b>	87	29,5%	
<b>Total</b>	<b>295</b>	<b>100%</b>		



O 84% do **alumnado** que respondeu a esta pregunta declara que non ten ingresos ou que estes non superan os 300€.


O 93% do alumnado con ingresos sinalou que estes ingresos non acadan o salario mínimo. (1.108,3€ en 2020 e de 1.050,0€ en 2019).

35. Profesorado. Escala de ingresos persoais mensuais despois da dedución.				
	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	
Válido	De 601€ a 900€	1	3%	3%
	De 901€ a 1200€	5	14%	15%
	De 1201€ a 1800€	5	14%	15%
	De 1801€ a 2400€	5	14%	15%
	De 2401€ a 3000€	11	30%	34%
	De 3001€ a 4500€	5	14%	15%
	De 4501€ a 6000€	1	3%	3%
	<b>Total</b>	<b>33</b>	<b>92%</b>	<b>100%</b>
Perdidos	Sistema	3	8%	
<b>Total</b>	<b>36</b>	<b>100%</b>		

Os datos sinalan que as profesoras obteñen ingresos máis baixos que os profesores. As diferenzas non son significativas ( $\chi^2 = 0,423$ ).

35. Ingresos persoais do profesorado por sexo	Homes	Mulleres	TOTAL
De 601 a 900€	0	1	1
De 901 a 1200€	1	4	5
De 1201 a 1800€	3	2	5
De 1801 a 2400€	2	3	5
De 2401 a 3000€	6	6	12
De 3001 a 4500€	4	1	5
De 4501 a 6000€	1	0	1
Non quere contestar	1	1	2
<b>Total</b>	<b>18</b>	<b>18</b>	<b>36</b>

Non hai profesores entrevistados na escala de ingresos mínimos, do mesmo xeito que non hai profesoras na escala de ingresos máximos.



Respecto do **PAS** non se observan diferenzas salariais por sexo. Dos 44 que participaron na enquisa, 9 non responderon a esta pregunta e 2 tampouco o fixeron á pregunta sobre o sexo, polo que a base do PAS nesta variable cae de 44 a 33. As diferenzas non son significativas ( $\chi^2 = 0,794$ )

**35. PAS. Escala de ingresos persoais mensuais despois da dedución.**

	Homes		Mulleres		Total	
De 901€ a 1200€	5	31%	4	24%	9	27%
De 1201€ a 1800€	10	63%	11	65%	21	64%
De 1801€ a 2400€	1	6%	2	12%	3	9%
<b>Total</b>	<b>16</b>	<b>100%</b>	<b>17</b>	<b>100%</b>	<b>33</b>	<b>100%</b>

Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística na enquisa de Estrutura Salarial de 2017, a fenda salarial entre homes e mulleres situábase nun 21,9%. Estes datos demostran, segundo o informe da vicesecretaría xeral, departamento da muller traballadora de UGT *“Es urgente legislar sobre la discriminación salarial hacia las mujeres”* presentado en febreiro de 2020, que por cuarto ano consecutivo descende a fenda salarial e equipárase aos datos



de 2008. Así, o informe apunta que as ganancias medias en 2017 das mulleres asalariadas non chegaron a 21.000€ brutos anuais o as ganancias medias en 2017 dos homes asalariados superaron os 26.000€ euros anuais.

O estudo *“Análisis de la Brecha Salarial de género en España”* 2019 da Comisión de Igualdade e Diversidade da CEOE e PricewaterhouseCoopers Asesores de Negocios, S.L. sinala que as mulleres españolas cobraron en 2014 un 12,2% menos cós homes e que a fenda caeu un 28% dende 2002.

No ámbito universitario, cómpre sinalar que o estudo *“A fenda salarial de xénero nas institucións científicas. Estudo do caso”* de Capitolina Díaz, Marcela Jabbaz e Teresa Samper-Gras, identifica factores internos e externos que son constitutivos da fenda salarial de xénero nunha institución científica como a Universidade de Valencia. Os datos, analizados a partir do rexistro de nóminas de 2015, conclúen que a fenda salarial de xénero maniféstase en todas as categorías do profesorado investigador, máis forte cando se teñen fillos ou fillas. Así mesmo, apunta que é o resultado da estrutura de funcionamento das universidades e da estrutura social xeral, nunca resultado da diferenza de méritos entre profesores e profesoras.

No presente estudo non hai datos suficientes para extraer conclusións sobre a fenda salarial na Universidade de Vigo. Aínda así, cómpre sinalar que os datos aportados polos 36 profesores e profesoras participantes aleatoriamente no estudo e que responderon á pregunta, amosan unha diferenza salarial a favor dos homes.

- **36. Alumnado. En que medida contribúen diferentes fontes ingresos e financiamento para pagar os estudos.**

Os ingresos dos pais, das nais ou de ambos son o principal garante da educación universitaria do alumnado, xa que de media contribúen nun 75% a que os seus fillos e fillas acudan á universidade.

As bolsas están nun segundo lugar e contribúen nun 47%. A familia extensa cubre un 46% dos gastos da factura universitaria.

36. De onde proceden os ingresos do alumnado para pagar os estudos	% medio (295)	% medio indicado	Frec. alumnado que indicaron
1.Os ingresos do meu pai e a miña nai	62%	75%	245
2.Os ingresos da miña parella.	0%	27%	3
3.A dotación dunha bolsa	20%	47%	125
4.Traballo durante o curso	3%	35%	28
5.Traballo durante as fins de semana	2%	20%	23
6.Traballo durante o verán.	4%	29%	44
7.Outro (avós e avoas, plan de estudos, outros familiares, aforros etc)	2%	54%	13

É importante diferenciar o que supón para o alumnado cada fonte de ingresos (% medio 295) e o que supón para o alumnado que recibe ingresos e axudas económicas por ese concepto concreto (% medio indicado).

Os ingresos da parella son insignificantes no total pero non nos que declaran depender da súa parella.

Na táboa obsérvase o que supón para facer fronte á factura universitaria cada fonte de ingresos: ingresos familiares, parella, bolsas, rendas do traballo e outros tipos de financiamento.

Destaca a axuda económica de pais e nais como ingresos familiares como a fonte principal. Así, 75% do alumnado recibe axuda da familia directa.

Só 3 mencionan recibir axuda económica das súas parellas, que de media supón un 27% dos ingresos que precisan. Por sexo, só para un alumno a axuda da súa parella supón a principal ingreso.

As bolsas son a segunda fonte de ingresos máis mencionada: 125 alumnos e alumnas financian así unha parte ou a totalidade dos seus estudos e de media lles custea o 47% da factura.

A familia extensa (avós e avoas fundamentalmente) e outros tipos de ingresos, como aforros ou créditos, contribúen a financiar os estudos a 13 alumnos/as, supoñendo de media o 54% do total que precisan.



O 9% do alumnado traballa durante o curso obtendo así ingresos estables que lle permite facer fronte ao 35% da factura universitaria.

Só 23 declaran traballar as fins de semana. Estas rendas de traballo, tal e como sinalan, son insuficientes para cubrir as súas necesidades económicas e de media, estes ingresos, supoñen o 20% da factura.

Traballar durante o verán contribúe máis que traballar nas fins de semana. 44 estudantes enquisados declaron buscar traballos estivais para pagar os estudos, pero con estes ingresos só financian o 29% da factura universitaria.

Cando a variable de sexo é incorporada aos ingresos, achéganse valores idénticos ao diferenciar e clasificar a súa procedencia (nais e/ou país, parella, familia extensa, bolsa...).

### 36. Alumnado. De onde proceden os ingresos do alumnado para pagar os estudos por sexo

	Homes		Mulleres		TOTAL	
	Frec.	%	Frec.	%	Frec.	%
Dependen de país e nais	95	74%	110	75%	205	75%
Dependen da parella	1	1%	0	0%	1	0%
Dependen dunha bolsa	20	16%	23	16%	43	16%
Dependen do seu traballo	8	6%	9	6%	17	6%
Outros ingresos (familia extensa, créditos, etc.)	4	3%	5	3%	9	3%
<b>TOTAL</b>	<b>128</b>	<b>100%</b>	<b>147</b>	<b>100%</b>	<b>275</b>	<b>100%</b>

Ao ponderar para tomar as medias como propias do alumnado no seu conxunto obtense que o gasto medio dun estudante precisa contar con:

- 40% de ingresos do pai, da nai ou de ambos.
- 22% de dotación dunha bolsa
- 16% doutros, normalmente familia extensa, avós e avoas.
- 21% traballo do propio do alumno ou alumna (16% traballos de verán, 8% traballos durante o curso, 4% traballos de fin de semana)
- 0-1% os ingresos da parella.

Un 40% dos alumnos e un 56% das alumnas viven fóra do fogar familiar. Este dato, sumado a que o 68% non conta con ingresos persoais propios, sinala que a inmensa maioría do alumnado precisa de apoio familiar para estudar, aínda



que un 20% complemente estes recursos económicos con traballos (ás veces esporádicos, ás veces estacionais e mesmo todo o curso) e un 42% conte cunha bolsa.

Traballar durante o verán ten máis peso no financiamento dos estudos que traballar nas fins de semana, pero non tanto como os ingresos que proporciona un emprego estable.

O alumnado entrevistado que busca traballos estivais para pagar os seus estudos, só chega a financiar o 29% do total do gasto universitario.

O recente informe da CRUE (Conferencia de Rectores de Universidades Españolas) titulado "*La Universidad Española en Cifras*" sostén que o actual método de bolsas coñecido como "método Wert" excluíu ao alumnado.


O informe sinala que os requisitos académicos están actuando como un factor excluínte para máis de 45.000 alumnos e alumnas que, cumprindo as condicións económicas para acceder e manter unha bolsa, precisan que as súas familias realicen un esforzo económico suplementario o que, nalgúns casos, deriva en ter que abandonar os estudos.


Segundo este informe, as cantidades das bolsas son claramente insuficientes, a súa distribución é regresiva e o limiar é moi baixo e limita o acceso ás mesmas xa que canto maior é o nivel de renda, menor é a incidencia da nota na participación da dotación da bolsa.

### • 37. Estudos oficiais máis altos de profesorado e PAS

Respecto aos estudos máis altos de profesorado e PAS, cómpre sinalar que están sobrerrepresentadas as persoas que posúen un título de doutoramento.

Entre o **profesorado** hai maioritariamente doutores e doutoras, mentres que o 30% de PAS conta cunha diplomatura e un 34% con licenciatura.





No que atinxe a **PAS**, o 91% de mulleres e o 69% de homes foi á universidade.

37. Nivel de estudos. PAS						
	Home		Muller		Total	
Bacharelato sen rematar	0	0%	1	5%	1	3%
FP Medio	0	0%	1	5%	1	3%
FP Superior	4	31%	0	0%	4	12%
Diplomatura	4	31%	5	23%	9	26%
Licenciatura sen rematar	1	8%	1	5%	2	6%
Licenciatura	3	23%	9	41%	12	34%
Grao	0	0%	3	13%	3	8%
Enxeñería sen rematar	0	0%	1	5%	1	3%
Mestrado ou posgrao	1	7%	1	5%	2	5%
<b>Total</b>	<b>13</b>	<b>100%</b>	<b>22</b>	<b>100%</b>	<b>35</b>	<b>100%</b>

( $\chi^2 = 0,172$ ).




- 38. Alumnado. Cales son os estudos oficiais que ten a persoa que máis contribúe no fogar.

38. Cales son os estudos oficiais de alto nivel que ten a persoa que máis contribúe no fogar. Alumnado				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	EXB	20	7%	9%
	ESO sen rematar	2	1%	1%
	ESO	9	3%	4%
	Bacharelato	34	12%	15%
	FP Medio	3	1%	1%
	FP Superior	31	11%	13%
	Diplomatura sen rematar	3	1%	1%
	Diplomatura	33	11%	14%
	Licenciatura sen rematar	4	1%	2%
	Licenciatura	52	17%	23%
	Grao	2	1%	1%
	Enxeñería sen rematar	3	1%	1%
	Enxeñería	25	9%	11%
	Arquitectura	3	1%	1%
	Mestrado ou posgrao	2	1%	1%
	Doutoramento	5	2%	2%
		<b>TOTAL</b>	<b>231</b>	<b>80%</b>
Perdidos Total	Sistema	64	20%	
		<b>295</b>	<b>100%</b>	

O 29% dos pais e/ou nais non foron á universidade e un 71% son fillos e fillas de pais ou nais con titulacións de Formación Profesional ou diplomatura.

Un 15% das persoas que máis contribúen á economía familiar ten unha carreira técnica, mestrado ou doutoramento.



No que respecta ás diferenzas entre alumnos e alumnas na formación dos seus pais ou das súas nais, hai que sinalar que:

- Un 66% dos alumnos homes son fillos de nais e/ou pais con estudos superiores, mentres que esa porcentaxe sube ao 74% entre as alumnas mulleres.
- No 30% da poboación universitaria, os seus pais e nais non teñen estudos. O 67% son homes e o 33% son mulleres.



## IGUALDADE REAL NA UNIVERSIDADE DE VIGO

### • 13. Valoración do esforzo da Universidade de Vigo en igualdade.

A comunidade universitaria valora cun 6 de media o esforzo que a Universidade de Vigo realiza en materia de igualdade.

13. Valora o esforzo en igualdade.						
Media	Nº	Desviación	Mediana	Mín	Max	Error estándar media
6	360	2	6	0	10	0

Ao clasificar a valoración coa ferramenta de Marketing NPS (Net Promoter Score) e clasificar aos que valoraron entre 0 e 6 como detractores das medidas, aos que valoraron con 7 e 8 como neutros e aos que valoraron con 9 e 10 como promotores, obsérvase o número de persoas para as que o esforzo en materia de igualdade é moi valorado máis aló da nota media recibida.

13. Valora o esforzo en igualdade. NPS			
Media	Detractores	Neutros	Promotores
6	54%	39%	7%

O **profesorado** é o grupo que máis valora o esforzo que fai en igualdade a Universidade de Vigo cun 7,1, máis dun punto sobre a media. Esta valoración poder estar relacionada co feito de que son docentes os que dirixen as políticas de igualdade e por tanto séntense máis partícipes das medidas do equipo reitoral, da Unidade de Igualdade, dos departamentos, das facultades, das xornadas que se celebran etc.


13. Profesorado. Valora o esforzo en igualdade.					
Media	Nº	Desviación	Mediana	Mínimo	Máximo
7,1	34	1,5	7	3	10

O **alumnado** é o grupo máis crítico cun 5,8 pero aproba igualmente o esforzo e non hai diferenzas significativas por sexo.

Os **PAS** valoran cun 6,2 esta cuestión.

• **14. Coñecemento por parte da comunidade universitaria das políticas concretas de igualdade da Universidade de Vigo**

Todas as persoas entrevistadas da comunidade universitaria foron preguntadas por políticas de igualdade concretas.



Só un 20% manifesta coñecer algunha política concreta de igualdade.

As porcentaxes por grupos (alumnado, profesorado e PAS) que di coñecer algunha das políticas de igualdade na Universidade de Vigo son:

- 53% profesorado
- 45% PAS.
- 12% alumnado.

O **alumnado** mostra diferenzas salientables por sexo.

Son maioritariamente os alumnos os que din coñecer algunha política de igualdade concreta.

Só o 7% das alumnas afirman coñecer estas políticas fronte a un 16% dos alumnos, o dobre ( $\chi^2 = 0,021$ ).



14. Coñecemento dalgunha política de igualdade concreta na Universidade de Vigo								
	Alumnado		Profesorado		PAS		Total	
Si	34	12%	19	57%	20	47%	73	20%
Non	169	58%	11	31%	15	35%	195	53%
Non sabe/non contesta	86	30%	4	11%	8	19%	98	27%
<b>Total</b>	<b>289</b>	<b>100%</b>	<b>34</b>	<b>100%</b>	<b>43</b>	<b>100%</b>	<b>366</b>	<b>100%</b>

O 56% do **profesorado** coñece como mínimo unha política ou acción de igualdade concreta desenvolvida.

14. Profesorado. ¿Coñeces algunha política concreta na Universidade de Vigo?				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Si	19	52,8%	56%
	Non	11	30,6%	32%
	Non sabe/non contesta	4	11%	12%
	<b>Total</b>	<b>34</b>	<b>94,4%</b>	<b>100%</b>
Perdidos	Sistema	2	5,6%	
<b>Total</b>		<b>36</b>	<b>100%</b>	

Máis da metade de **PAS** non coñece ningunha política universitaria en materia de igualdade.

14. PAS. ¿Coñeces algunha política concreta na Universidade?				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Si	20	45,5%	47%
	Non	15	34,5%	35%
	Non sabe/non contesta	8	18,2%	19%
	<b>Total</b>	<b>43</b>	<b>97,7%</b>	<b>100%</b>
Perdidos	Sistema	1	2,3%	
<b>Total</b>		<b>44</b>	<b>100%</b>	



• **15. As políticas concretas de igualdade da Universidade de Vigo que se coñecen.**

O 16% das 366 persoas participantes sinalou ou definiu unha política de igualdade da Universidade de Vigo.

15. Indica o nome ou en que consiste esta política universitaria.		16. Valoración
Seminarios de sensibilización	8	7,6
Carteleiras de sensibilización	7	5,5
Plan de Igualdade	7	7,1
Puntos Lila	6	6,3
Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.	4	7,3
Unidade de Igualdade	4	10
Sala de lactación.	3	9
Comisións e tribunais paritarios	3	7,6
Outras	2	9
Campaña de mulleres referentes	2	9,5
Campañas de sensibilización	2	9
Uso da linguaxe inclusiva	2	6,5
Cambio de dominio e-mail	2	10
Protestas puntuais	2	10
Medidas contra a explotación sexual	1	4
Cátedra de Igualdade	1	6
Medidas contra a violencia de xénero	1	5
Axuda á conciliación: horarios	1	7
Hixiene menstrual	1	8
<i>Experimenta en Feminino</i>	1	10
Financiamento para a ciencia	1	5

Os seminarios sobre igualdade están valorados cun 7,6 sendo tamén as políticas máis coñecidas, cun 13,5% sobre o total de quen manifesta coñecer algunha política. Equivale a un 2,2% do total de persoas entrevistadas.

Os carteis de igualdade son coñecidos por un 12% das persoas que din coñecer algunha política de igualdade, un 2% do total de persoas entrevistadas.

O Plan de Igualdade só é coñecido polo 2% do total e polo 12% de persoas que din coñecer algunha política de igualdade na universidade.

Os Puntos Lila son coñecidos por un 10% e teñen unha valoración dun 6,3.



O Plan de Igualdade obtén mellor nota entre o alumnado, cun 7 de media, e entre o PAS, cun 8,3, que entre o profesorado, que o valora cun 5,5 de nota media.

O Plan de Igualdade é unha ferramenta relevante en toda a política universitaria e na Universidade de Vigo en particular. Agora mesmo está vixente o II Plan para o período 2016-2019 e o III Plan está en fase de elaboración.

Os plans son unha ferramenta institucionalizada e indiscutible no funcionamento interno das universidades e está plenamente asentado na Universidade de Vigo. Por isto, o baixo coñecemento e a regular valoración do profesorado debe ser tido en conta como un indicador relevante.

A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo só é coñecida polo 1% do total de persoas entrevistadas e polo 6,8% das que din coñecer políticas de igualdade.

A pesar de ser moi baixo o coñecemento da Unidade de Igualdade, hai que destacar o 10 de nota de valoración que recibe, como se verá na seguinte pregunta.

O Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo recibe unha valoración media de 7,3.

Pola contra, as políticas ou accións de igualdade menos valoradas son as medidas contra a explotación sexual e contra a violencia de xénero, que di coñecer só unha persoa, ao igual que o uso da linguaxe non sexista.

15. Alumnado. Indica o nome ou en que consiste a política de igualdade				
	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	
Válido	Punto Lila	6	2,0	24%
	Carteleiras sensibilización	4	1,4	16%
	Seminario sensibilización	3	1,0	12%
	Plan de Igualdade	2	0,7	8%
	Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.	2	0,7	8%
	Unidade de Igualdade	2	0,7	8%
	Pacto de Estado contra VX	1	0,3	4%
	Protestas puntuais	1	0,3	4%
	Medidas contra explotación sexual	1	0,3	4%
	Hixiene menstrual	1	0,3	4%
	Mulleres referentes	1	0,3	4%
	Medidas contra VX	1	0,3	4%
	Perdidos	Sistema	270	91,5
<b>Total</b>		<b>295</b>	<b>100,0</b>	

As políticas máis coñecidas polo **alumnado** son os Puntos Lilas, cun 24%, seguido das diferentes carteleiras, cun 16%, e os seminarios, cun 12%.

Que os Puntos Lila sexan a política máis coñecida polo alumnado pode estar relacionado co feito de que é unha medida dirixida a este grupo, moi visible e que normalmente se instala en espazos festivos da universidade. Ademais, tamén inflúe o feito de que a información que ofrecen está dirixida ao alumnado é, o que é máis relevante, é o propio alumnado quen xestiona estes Puntos Lilas.

Destaca o feito de que só son alumnos os que manifestan coñecer os Puntos Lilas.



Só un 0,7% coñece o Plan de Igualdade da Universidade de Vigo e un 0,33% coñece a Unidade de Igualdade. Con todo, a valoración que recibe o Plan, cun 7, é alta.

A Unidade de Igualdade recibe a máxima valoración, un 10, por parte de quen a coñece.

O alumnado manifesta coñecer máis as accións de divulgación e sensibilización (carteleiras, campañas, seminarios etc...) que as medidas de carácter estrutural como pode ser a composición de tribunais paritarios, o uso da linguaxe non sexista ou financiamento para a ciencia, que non foron citadas por ningún alumno ou alumna.

Por sexo, a seguinte táboa reflicte datos concretos.

15. Alumnado. Nome ou en que consiste a política de igualdade. Por sexo						
	Home		Muller		Total	
Punto Lila	6	38%	0	0%	6	25%
Carteleiras	2	13%	2	25%	4	17%
Seminarios sensibilización	2	13%	1	13%	3	13%
Plan de Igualdade	1	6%	1	13%	2	8%
Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.			2		2	
		0%		25%		8%
Protestas puntuais	1	6%	0	0%	1	4%
Hixiene menstrual		0%	1	13%	1	4%
Medidas contra explotación sexual	1	6%	0	0%	1	4%
Outras	1	6%	0	0%	1	4%
Medidas contra violencia de xénero		0%	1	13%	1	4%
Campaña mulleres referentes	1	6%	0	0%	1	4%
Unidade de Igualdade	1	6%	0	0%	1	4%
<b>Total</b>	<b>16</b>	<b>100%</b>	<b>8</b>	<b>100%</b>	<b>24</b>	<b>100%</b>

O dobre de alumnos que de alumnas mencionan unha política ou actividade concreta de igualdade da Universidade de Vigo.

É baixo o coñecemento e a valoración do conxunto do alumnado sobre as medidas en materia de violencia de xénero postas en marcha. De feito, ningún alumno valora as medidas contra a violencia de xénero.

Só o 6% do **profesorado** achega o nome dalgunha política ou medida concreta de igualdade a pesar de que un 57% manifesta coñecelas.

<b>15. Profesorado. Indica o nome ou en que consiste esta política universitaria</b>				
		<b>Frec.</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Porcentaxe válida</b>
<b>Válido</b>	<b>Experimenta En Feminino</b>	1	0,3%	4%
	<b>Unidade de Igualdade</b>	1	0,3%	4%
	<b>Promoción de Mulleres nos procesos de selección</b>	1	0,3%	4%
	<b>Cátedra de Igualdade</b>	1	0,3%	4%
	<b>Financiamento para Ciencia</b>	1	0,3%	4%
	<b>Uso Linguaxe Inclusiva</b>	1	0,3%	4%
	<b>Comisións e Tribunais Paritarios</b>	1	0,35	4%
	<b>Cambio dominio e-mail</b>	1	0,3%	4%
	<b>Campaña Mulleres Referentes</b>	1	0,3%	4%
	<b>Plan de Igualdade</b>	2	0,75	8%
	<b>Axuda á Conciliación: Sala Lactación</b>	2	0,7%	8%
	<b>Campañas Sensibilización</b>	2	0,7%	8%
	<b>Seminarios Sensibilización</b>	2	0,7%	8%
	<b>Total</b>	<b>18</b>		
<b>Perdidos</b>	<b>Sistema</b>	18		
<b>Total</b>		<b>36</b>		

A valoración do profesorado sobre as políticas de igualdade na Universidade de Vigo é razoablemente positiva. Ningunha está valorada por debaixo de 5.

Só 17 PAS responderon á pregunta sobre o nome dalgunha política concreta. A política máis coñecida por este colectivo é o Plan de Igualdade e as salas de lactación reciben a nota máis alta.



**15. PAS. Indica o nome ou en que consiste esta política universitaria:**

	<b>Frecuencia</b>	<b>Nota media</b>
Axuda a la conciliación: lactación	1	10,0
Uso de linguaxe inclusivo	1	7,0
Comisións e tribunais paritarios	1	7,0
Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.	1	7,0
Outras	1	9,0
Axuda á conciliación: horarios	1	7,0
Carteleira de sensibilización	2	4,0
Seminarios de sensibilización	2	7,5
Plan de Igualdade	3	8,3
<b>Total</b>	<b>17</b>	<b>7,1</b>

• **16. Valora de 0 a 10 a política de igualdade mencionada:**

O 8% do **alumnado** valora de 0 ao 10 a política que menciona, unha porcentaxe baixa ao igual que a da que manifesta coñecer políticas e accións concretas de igualdade na universidade.

Apenas hai diferenza por sexo entre o alumnado en valoración pero si en coñecemento.

As alumnas valoran cun 8 as medidas relacionadas coa hixiene menstrual, as máis valoradas e valoran cun 7,5 o Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.

Os alumnos valoran os seminarios cun 7,5 e a campaña de “*Mulleres Referentes*” cun 9.

Así mesmo, os alumnos valoran con 10 as protestas puntuais e a Unidade de Igualdade.

Na seguinte táboa achégase a valoración do alumnado respecto das políticas de igualdade.

16. Alumnado. Valora de 0 a 10 a política mencionada:			
	Home	Muller	Media
Punto Lila	6,3		6,3
Carteleira	6,0	6,5	6,3
Seminarios de sensibilización	7,5	6,0	7,0
Plan de Igualdade	7,0	7,0	7,0
Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.		7,5	7,5
Campaña mulleres referentes	9,0		9,0
Hixiene menstrual		8,0	8,0
Medidas a explotación sexual	4,0		4,0
Medidas contra violencia de xénero		5,0	5,0
Unidade de Igualdade	10,0		10,0
Protestas puntuais	10,0		10,0
<b>Total</b>	<b>7,1</b>	<b>6,8</b>	<b>7,0</b>

Respecto ás valoracións do **profesorado** cómpre sinalar que son razoablemente positivas xa que non suspenden ningunha destas políticas.

Hai que subliñar que o Plan de Igualdade recibe unha modesta valoración dun 5,5, a pesares de estar deseñado para obter un forte impacto neste grupo. O mesmo ocorre co financiamento para a ciencia.

As políticas máis valoradas son a Unidade de Igualdade, o programa “*Experimenta en feminino*”, o cambio de dominio do e-mail, a promoción de mulleres en procesos de selección e a campaña de “*Mulleres Referentes*” reciben un 10 de valoración.

As campañas e seminarios de sensibilización reciben un 9.

O seguinte cadro recolle a valoración media de cada política mencionada polo profesorado.



16. Profesorado. Valora de 0 a 10 a política indicada:			
		Media	Nota
Válido	Financiamento para ciencia	5,0	1,0
	Plan de Igualdade	5,5	2,0
	Cátedra de igualdade	6,0	1,0
	Uso de linguaxe inclusiva	6,0	1,0
	Comisións e tribunais paritarios	6,0	1,0
	Axuda á conciliación: lactación.	8,5	2,0
	Seminarios de sensibilización	8,5	2,0
	Campañas de sensibilización	9,0	2,0
	<i>Experimenta en Feminino</i>	10,0	1,0
	Unidade de igualdade	10,0	1,0
	Promoción de mulleres en procesos de selección	10,0	1,0
	Cambio dominio e-mail	10,0	1,0
	Campaña <i>Mulleres Referentes</i>	10,0	1,0
	<b>Total xeral I</b>	<b>7,9</b>	<b>17,0</b>
Perdidos	<b>Sistema</b>		19
<b>Total</b>			<b>36</b>

O **PAS** valora as axudas á conciliación cun 10, seguida de *Outras* non especificadas, que reciben un 9.

A carteleira de sensibilización é valorada cun 4, a máis baixa de todas. O resto de medidas e políticas de igualdade están en torno a unha media de 7 e o Plan de Igualdade recibe unha valoración notable cun 8,3.

15. PAS. Indica o nome ou en que consiste esta política universitaria:		
	Frecuencia	Nota media
Axuda a la conciliación: lactación	1	10,0
Uso de linguaxe inclusivo	1	7,0
Comisións e tribunais paritarios	1	7,0
Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.	1	7,0
Outras	1	9,0
Axuda á conciliación: horarios	1	7,0
Carteleira de sensibilización	2	4,0
Seminarios de sensibilización	2	7,5
Plan de Igualdade	3	8,3
<b>Total xeral</b>	<b>17</b>	<b>7,1</b>



Tendo en conta os datos de toda a comunidade universitaria sobre as políticas estruturais e permanentes de igualdade na universidade e observando o baixo coñecemento, que non valoración, hai que destacar que as Unidades de Igualdade son organismos estruturais e imprescindibles.

A creación de organismos encargados de velar e impulsar as políticas de igualdade na universidade iniciouse en 2004, coa posta en marcha das primeiras unidades destinadas a materializar o principio de igualdade entre mulleres e homes. Algunhas universidades contaban antes desta data con organismos diferentes adidos ao estudo e promoción da Igualdade. A partir da aprobación da Lei orgánica 4/2007, do 13 de abril, de modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establécese a obrigatoriedade de crear unidades ou estruturas para garantir o principio de Igualdade nas universidades españolas.

Así, a Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impulsou *«a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros»* como un criterio de calidade do sistema educativo. (Art. 23). No eido da educación superior, a Lei, no art. 25 establece que *«as Administracións Públicas, no exercicio das súas respectivas competencias, fomentarán o ensino e a investigación sobre o significado e alcance da igualdade entre mulleres e homes, promovendo:*

- *A inclusión, nos plans de estudo en que proceda, de ensino en materia de igualdade entre mulleres e homes*
- *A creación de postgraos específicos.*
- *A realización de estudos e investigacións especializadas na materia».*

A Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, fai referencia expresa ao principio de igualdade nas universidades e á creación dunha estrutura que impulse a igualdade efectiva. A disposición adicional duodécima sinala que *«as universidades contarán entre as súas estruturas de organización con unidades de igualdade para o desenvolvemento das funcións relacionadas co principio de igualdade entre homes e mulleres».*



Dende entón, o número de unidades foise incrementando hoxe é unha excepción a universidade que no conta con estes organismos que dan resposta á necesidade de incorporar a transversalidade de xénero no eido universitario.

Foron o xerme da institucionalización das políticas de igualdade de xénero na universidade e seguen sendo unha ferramenta imprescindible para seguir avanzando dende todos os ámbitos, tanto académicos e de investigación como de organización interna e transversalidade.

Os obxectivos e funcións destas unidades foron variando e perfeccionándose ao longo destes anos pero algunhas permanecen intactas. Así, coordinan e traballan en todo o que ten que ver co deseño, a promoción ou a divulgación de estudos e investigación de xénero que lideran seminarios, cátedras ou institutos de xénero das universidades. Tamén hai que salientar o apoio destas unidades á creación e consolidación dos seminarios e institutos de estudos feministas e do xénero así como a importancia que tiveron e teñen na formalización dos mesmos.

As unidades son os centros de realización e difusión de seminarios, premios e campañas de sensibilización en torno á igualdade e teñen sido as encargadas da formación e, nalgúns casos, da formalización da paridade nos espazos de toma de decisións universitarios, de avaliación do coñecemento e nos órganos de goberno.

Por outra banda, aspectos tan relevantes como programas e medidas para compatibilizar a vida profesional, persoal e familiar nas universidades, así como programas de impulso a servizos e recursos orientados ao asesoramento psicolóxico, prevención e detección precoz de situacións de violencia de xénero e acoso sexual, foron impulsados, e nalgúns casos deseñados e postos en marcha, no seo das unidades de igualdade.

Estas unidades seguirán sendo eficaces si son dotadas de orzamento, manteñen criterio propio e seguen removendo algunhas estruturas e costumes que aínda rexen no sistema.


A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo foi creada en 2006, por tanto antes de que se recollera na lexislación á que se fixo referencia. Esta é a

encargada de promover políticas para favorecer a igualdade de xénero na institución. Durante os anos 2016 e 2017 dependeu directamente do reitorado e estaba formada por unha directora procedente do Persoal de Administración e Servizos. Actualmente, e dende decembro de 2018, a Unidade depende do reitorado.

Está creada unha *Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria* (RUIGEU) da que a Unidade de Vigo forma parte xunto con outras 49 universidades e que tamén reúne a todas as oficinas, observatorios, comisións e secretariados de igualdade das universidades públicas españolas e daquelas privadas que solicitan adhesión.

- **17. Formación en Xénero. Alumnado. Quere recibir o alumnado horas ECTS sobre igualdade?**

O 73% do **alumnado** desexa recibir formación en materia de igualdade e que esta teña acreditación ECTS.



Do total do alumnado que quere recibir horas ECTS en materia de igualdade, o 64% son mulleres e só un 36% son homes.



Observando o peso de cada sexo entre o alumnado que indicou querer recibir formación en materia de igualdade, hai un 57% de homes fronte a un 87% de mulleres ( $\chi^2 = 0,000$ ).

17. Alumnado e Sexo. ¿Queres recibir horas ECTS sobre igualdade?						
	Home		Muller		Total	
Si	75	57%	134	87%	209	73%
Non	57	43%	20	13%	77	27%
<b>Total</b>	<b>132</b>	<b>100%</b>	<b>154</b>	<b>100%</b>	<b>286</b>	<b>100%</b>


A predisposición do alumnado a recibir formación curricular sobre igualdade é moi salientable e desmonta certos mitos sobre a idoneidade e utilidade da formación de xénero e igualdade no eido académico.

- 18. Profesorado e PAS. ¿Queres recibir horas de formación profesional en materia de igualdade?

18. Total. Queres recibir horas de formación profesional sobre igualdade?						
	Profesorado		PAS		Total	
Si	24	68%	27	67%	51	67%
Non	12	32%	13	33%	25	33%
<b>Total</b>	<b>36</b>	<b>100%</b>	<b>40</b>	<b>100%</b>	<b>76</b>	<b>100%</b>

Un 68% das persoas entrevistadas manifesta querer recibir formación profesional específica de xénero.

Certo é que está máis motivado o alumnado, especialmente as alumnas, que o resto da comunidade universitaria, pero as porcentaxes son moi altas para todos os grupos.



Combinando a pregunta dirixida ao alumnado coa pregunta dirixida ao profesorado e PAS obsérvase que entre o alumnado hai máis inquietude por recibir formación que entre o profesorado e o PAS, sendo a predisposición destes dous grupos practicamente a mesma.

Así, o 66% do **profesorado** queredría recibir máis formación sobre igualdade. Non existen nesta pregunta diferenzas entre mulleres e homes.

O 67% de **PAS** manifesta querer recibir formación en materia de igualdade.

O 71% das 287 persoas que contestaron quere recibir formación en igualdade (ECTS ou horas de formación profesional).



## VIOLENCIA DE XÉNERO

### • 19. ¿Como definirías a violencia de xénero?

Esta pregunta dirixiuse a toda a comunidade universitaria para que brevemente definiran o concepto de violencia de xénero.

Un 91% das persoas que participaron no estudio responderon a esta cuestión e achegaron a súa definición.

Co gallo de analizar as definicións, estas agrupáronse por sexo, facultade do alumnado, características máis relevantes e por grupos (alumnado, profesorado e PAS)

A primeira conclusión da análise das definicións é o descoñecemento sobre a violencia de xénero entendida tal e como se define:

- Na Lei orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- No Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e violencia doméstica, coñecido como Convenio de Istambul, aberto a firma en Istambul o 11 de maio de 2011 e que entra en vigor en España o 1 de agosto de 2011.

Por facultades:

Na Facultade de Enxeñeira Industrial e na de Telecomunicacións, 85 persoas de 96 que participaron, vincularon a violencia de xénero ao ámbito das relacións de parella e un 73,5% sinalou que esta se exerce indistintamente tanto de homes a mulleres como de mulleres a homes. É dicir, non consideran a violencia de xénero como unha violencia que se exerce contra as mulleres polo feito de selo.

Estes son exemplos de definicións nestas dúas facultades:

- *«Violencia física ou psicolóxica exercida por unha persoa contra alguén do sexo oposto por motivo desta diferenza».*
- *«Violencia física, psicolóxica por parte do xénero oposto».*
- *«Violencia contra o xénero oposto no ámbito de parella, tanto verbal, como física ou psicolóxicamente».*

Outras definicións poñen o acento nos diferentes tipos de violencia como maltrato físico, psicolóxico, social e nalgún caso sinalan a violencia económica. Na maioría das definicións non se asocia esta violencia ás mulleres como vítimas, senón a unha violencia que se produce tamén de mulleres cara a homes.

Estes son outros exemplos:

- *«Maltrato físico e psicolóxico tendo en conta o xénero da persoa».*
- *«Violencia contra o xénero oposto no eido da parella, tanto verbal, como física ou psicolóxicamente».*

Algunhas definicións mesturan identidade sexual, identidade de xénero e igualdade de xénero:

- *«Violencia exercida por unha persoa socialmente considerada como home contra outra persoa á que se considera socialmente como muller».*
- *«Discriminación ou agresión cara a alguén identificado sexualmente diferente».*

Outras sinalan a violencia de xénero como un asunto de costumes:

- *«Un problema de costumes causado pola negativa da parte beneficiaria de perder o status de superioridade, reaccionando de forma violenta».*

Hai definicións axustadas á base teórica tomada como exemplo para medilas e sinalan a violencia de xénero como:

- *«Aquela violencia estrutural e social do patriarcado cara ás mulleres».*
- *«Abuso físico e/ou psicolóxico exercido sobre as mulleres polo feito de ser mulleres».*

Só 14 definicións de toda a comunidade educativa das dúas facultades (alumnado, profesorado e PAS) axústanse ao concepto legal e académico de violencia de xénero.

Nestas facultades, hai diferenzas por sexo. Por exemplo, son homes o 65% das persoas participantes que responderon que a violencia de xénero se perpetra indistintamente entre homes e mulleres.



Na Facultade de Ciencias Xurídicas e Empresariais, a Facultade de Dereito e a Facultade de CC Económicas contestaron esta cuestión 84 persoas entre alumnado, profesorado e PAS.

Cómpre indicar que esta é, conxuntamente con Ciencias da Educación, a facultade na que as definicións de violencia de xénero achegadas son as que máis axustadas ás definicións de referencia.

Das 82 persoas que responderon, un 36,5% relacionan a violencia de xénero a unha violencia exercida indistintamente de un sexo cara a outro. O 70% destas definicións foron achegadas por homes, ao igual que na Facultade de Enxeñería Industrial e na Facultade de Telecomunicacións.

- *«Violencia física ou psicolóxica dunha persoa de diferente xénero».*
- *«Violencia por creerse superior contra unha persoa de diferente xénero».*
- *«Calquera actividade física que denigra a un xénero».*

O 74% das definicións que sinalan que a violencia de xénero se exerce por homes a mulleres polo feito de selo foron aportadas por mulleres, tanto alumnas como profesoras e traballadoras PAS.

12 das 14 persoas que definiron a violencia de xénero axustada ás definicións de referencia son mulleres.

- *«Violencia contra as mulleres polo feito de selo».*
- *«Violencia contra as mulleres».*

O 7,1% das persoas entrevistadas nestas facultades, definiron correctamente a violencia de xénero, achegaron datos e completaron as definicións cunha descrición axeitada das distintas formas de violencia de xénero. Todas son mulleres.

Outras definicións:

- *«Violencia cara unha persoa pola súa identidade sexual ou orientación sexual».*
- *«Agresión dunha persoa sobre outra pola súa orientación sexual, xénero, status social ou creerse superior».*

28 persoas da Facultade de Ciencias definiron a violencia de xénero.



O 42% definiu a violencia de xénero como unha violencia que se exerce indistintamente dun sexo a outro. Destas, o 50% son de homes e o 50% de mulleres entre alumnado, profesorado e PAS.

Un 57% identifica correctamente a violencia de xénero como unha violencia que se exerce de homes a mulleres das que o 62% son homes.

- *«Agresión dun home a unha muller por ser muller».*
- *«Manifestación do poder sobre as mulleres por parte dos homes a través de diferentes formas de violencia».*

Na Facultade de Belas Artes, definiron a violencia de xénero 26 persoas. Un 57,6% descríbena como unha violencia que se exerce contra as mulleres:

- *«Calquera tipo de abuso ou dano intencionado, físico ou psicolóxico, por parte dun home a unha muller».*

Outras definicións:

- *«Calquera tipo de agresión ou discriminación a nivel de xénero».*
- *«Odio baseado no xénero».*
- *«Toda violencia, xa sexa física, social, psíquica, contra un xénero en potencia».*

O 31% incorpora ás súas definicións conceptos de identidade sexual, identidade de xénero e orientación sexual con igualdade de xénero. Nalgunhas, considérase a violencia de xénero a exercida por razón de orientación ou identidade sexual.

- *«Violencia contra outra persoa dependendo da súa orientación sexual».*
- *«Discriminación cara as mulleres ou persoas de xénero non binario como produto dun sistema e educación patriarcal».*

Na Facultade de Ciencias Sociais e de Comunicación participaron na definición de violencia de xénero 30 persoas. Un 50% cre que esta violencia se exerce tanto por parte de homes a mulleres como de mulleres a homes.

- *«Violencia verbal ou física cara alguén de distinto xénero por razóns de superioridade de xénero».*
- *«É un acto de odio entre homes e mulleres».*



O 50% das definicións restantes sinalan que a violencia de xénero se exerce de homes a mulleres polo feito de ser mulleres, tanto alumnas como profesoras e PAS. O 84% das persoas que definen correctamente a violencia de xénero son mulleres.

Na Facultade de Ciencias da Educación participaron na definición 56 persoas. Destas, un 74% define a violencia de xénero como unha violencia que é exercida contra as mulleres polo feito de selo.

- *«Conxunto de agresións físicas e/ou psíquicas así como actitudes controladora, humillantes..., que exerce un varón sobre unha muller coa que mantivo ou mantén unha relación».*
- *«Fenómeno estrutural, social e cultural derivado do sistema patriarcal que violenta os dereitos humanos das mulleres».*
- *«Acto de violencia física ou psicolóxica contra as mulleres polo feito de ser mulleres e xerado polo machismo».*

Cómpre sinalar que nesta facultade, conxuntamente coa Facultade de Ciencias Xurídicas e Empresariais e a Facultade de CC Económicas, aportáronse as definicións máis acaídas de acordo coa Lei, o Convenio de Istambul e NN.UU, sendo maioritariamente mulleres as que achegaron as definicións máis axustadas ás tomadas de referencia.

O 21% das definicións de violencia de xénero expresan explicitamente que esta violencia se exerce de homes a mulleres e de mulleres a homes:

- *«Agresión verbal ou psicolóxica entre persoas de diferente sexo».*
- *«Violencia por motivos amorosos, sexuais ou de xénero diferente».*

O 16% das definicións desta facultade inclúe a identidade sexual e identidade de xénero:

- *«Unha forza que actúa sobre todas as persoas que non compren co rol social asignado para esta pola sociedade cisheteropatriarcal».*
- *«Discriminación cara a muller e cara a homosexualidade».*

Respecto dos PAS que participaron no estudo e que teñen o seu posto de traballo en edificios administrativos, incluída a Unidade de Igualdade, cómpre sinalar algunhas das definicións:

- *«Falla de respecto sobre as persoas».*
- *«Falla de entendemento entre mulleres e homes».*
- *«Imposición dun xénero sobre outro, infravalorando as súas capacidades, aptitudes o fortalezas».*


Na comunidade universitaria predomina a confusión sobre a violencia de xénero. Son altas as porcentaxes que, posiblemente sen ser esa a súa intención, afirman que a violencia non ten xénero, asumindo indirectamente o negacionismo dalgúns discursos políticos e sociais.

Ante un ataque racista ou homófobo non resultaría admisible sinalar que a violencia non ten raza ou non ten orientación sexual, do mesmo xeito que ante unha agresión machista non se pode afirmar que a violencia non ten sexo.

- **20. Opinión sobre unha serie de afirmacións de violencia de xénero sobre as que se pediu valoración a toda a comunidade universitaria (Acordo 0-10):**

Estas preguntas, dirixidas a toda a comunidade universitaria participante están deseñadas para que se valore de 0 a 10 o grado de acordo ou desacordo con determinadas afirmacións expostas no cuestionario, expresando 0 o total desacordo e 10 o tal acordo:

- *«As mulleres que sofren ou sufriron malos tratos soen ter un nivel formativo baixo».*
- *«Os agresores normalmente teñen algunha enfermidade mental».*
- *«As mulleres padecen malos tratos porque teñen dependencia económica».*
- *«Hai máis ataques entre parellas estranxeiras que entre españolas».*



A afirmación coa valoración total máis máis alta, sendo igualmente moi baixa (un 3,4) é a que aborda a dependencia económica das vítimas, sustentada maioritariamente polos homes cun 5,1, fronte ás mulleres que outorgan unha valoración de 2,1, menos da metade.

A afirmación coa valoración máis baixa, cun 1,9, recíbea a que sinala que as mulleres que sofren ou sufriron malos tratos soen ter un nivel formativo baixo.

**20.2. As mulleres que sofren malos tratos teñen dependencia económica. Comunidade académica.**

Media	Profesorado	PAS	Alumnado
3,4	3,7	3,4	3,3

**Alumnado:**

20.1. Hai máis ataques entre parellas estranxeiras que entre españolas	2,9	290
20.2. As mulleres que sofren malos tratos teñen dependencia económica	3,3	292
20.3. Os agresores normalmente teñen algunha enfermidade mental	3,0	291
20.4. As mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero teñen normalmente un nivel formativo baixo	1,9	289

Observando o Net Promoter Score, a primeira afirmación sobre parellas estranxeiras tan só é promovida (amosouse un acordo de 9 ou 10 puntos sobre a escala) polo 3% das persoas enquisadas, a independencia económica estaría avalada polo 4% e a baixa formación das vítimas por un 3%. Pola contra, a afirmación sobre a enfermidade mental do agresor como escusa conta cun apoio do 7% entre as persoas enquisadas.

O **profesorado** achega unha diferenza significativa na afirmación sobre a variable económica cun acordo de 3,7 e por riba da media. Os profesores apoian esta afirmación cun 5,1 fronte a un 2,1 das profesoras.

Hai un grao de acordo dun 2,2 sobre 10 respecto de que hai máis ataques entre parellas estranxeiras que entre parellas españolas; un 2,4 sobre 10 respecto da crenza de que os agresores teñen unha enfermidade mental e un 2,1 sobre 10, respecto de que as vítimas teñen normalmente nivel formativo baixo.

Entre o **alumnado**, o maior rexeitamento, cun 1,9, o recibe a afirmación de que as vítimas teñen normalmente nivel formativo baixo malia non rexeitar do mesmo xeito a afirmación de que as mulleres sofren violencia de xénero porque teñen dependencia económica, cun 3,3.

A afirmación de que os agresores teñen normalmente algunha enfermidade mental é apoiada cun punto menos por parte das alumnas mulleres. Un 2,6 fronte a un 3,6 dos alumnos homes.

20.3. Alumnado. Os agresores normalmente teñen algunha enfermidade mental		
Media	Home	Muller
3,0	3,6	2,6

Sobre a afirmación de que hai máis ataques entre parellas estranxeiras que entre parellas españolas, a resposta media é de 2,9.

No **PAS** hai un grao de desacordo de 2,8 ante a afirmación de que hai máis ataques entre parella estranxeiras que entre parellas españolas.

Sobre a afirmación de que os agresores teñen algún tipo de enfermidade mental, o PAS está aínda máis en desacordo, cun 2,1 sobre 10.



A afirmación de que as vítimas teñen normalmente un nivel formativo baixo recibe un 1,4 sobre 10, a puntuación máis baixa.

A afirmación de que as mulleres sofren violencia de xénero porque teñen dependencia económica, destaca o 3,4, a máis defendida polo PAS.

- **24. Valora as políticas ou medidas realizadas pola Universidade de Vigo para combater a violencia de xénero**

Esta pregunta conta cun nivel de resposta moi alta entre o alumnado. (240).

As medidas para combater a violencia de xénero rozan o aprobado da comunidade universitaria cunha media de 4,9, habendo diferenzas significativas entre a comunidade universitaria.

A nota media do profesorado mellora nun punto a valoración media.

24. Valora de 0 a 10 o conxunto de medidas realizadas pola Universidade de Vigo para combater a violencia de xénero						
Media	Nº	Desviación	Mediana	Mín	Máx	Error da media
4,9	301	2	5	0	10	0

Entre alumnado, os alumnos cren que as medidas son suficientes mentres que as alumnas suspenden á universidade na súa loita contra a violencia de xénero.

O PAS asigna un 5,3 de media ao conxunto de medidas.

24. Valora de 0 a 10 o conxunto de medidas realizadas pola Universidade de Vigo para combater a violencia de xénero:			
Media	Estudantes	Profesorado	PAS
4,9	4,7	5,9	5,3

24. Alumnado. Valoración por sexo das medidas realizadas pola Universidade de Vigo para combater a violencia de xénero:		
Media	Home	Muller
4,7	5,1	4,3

## AGRESIÓNS SEXUAIS

### • 21. Como definirías unha agresión sexual

O 84,5% das 375 persoas entrevistadas definiu as agresións sexuais.

A maioría das definicións relacionan as agresións sexuais coa falla de consentimento.

No 31% das definicións emprégase a expresión «non consentimento» ou «non consentida».

Das 309 persoas que definiron as agresións sexuais, 39 reflexaron expresamente que as vítimas son fundamentalmente mulleres.

O 55% circunscribe ás agresións sexuais a unha relación sexual e o 6% as asocia directamente cunha violación.

Non se detectan diferenzas salientables por facultades, sexo e grupos da comunidade universitaria.

Algúns exemplos das definicións:

- *«Levar a cabo relaciones sexuais forzadas sen consentimento».*
- *«Relaciones forzadas».*
- *«Agresión física ou verbal contra o corpo dunha muller.*
- *«Agresión física contra sexo contrario».*
- *«Relacións sexuais sen consentimento».*
- *«Tratar de manter sexo con alguén sen que sexa consentido».*
- *«Coacción a unha persoa con obxectivo de levar a cabo un acto sexual».*
- *«Sexo non consentido por unha das partes».*

### • 22. Opinión sobre unha serie de afirmacións de agresións sexuais sobre as que se pediu valoración a toda a comunidade universitaria (Acordo 0-10):

Estas preguntas, dirixidas a toda a comunidade universitaria participante están deseñadas para que se valore de 0 a 10 o grado de acordo ou desacordo con determinadas afirmacións expostas no cuestionario, expresando 0 o total desacordo e 10 o tal acordo:



As declaracións ou afirmacións que valoraron nas entrevistas foron:

- «A maioría dos ataques sexuais son cometidos por un estraño».
- «As mulleres din que non cando realmente queren dicir si para facerse interesantes».
- «Si se legalizara a prostitución, habería menos violacións».
- «Os infractores son reincidentes».
- «É imposible superar unha agresión ou un abuso sexual».
- «Os agresores sexuais son persoas enfermas e estrañas, sempre proveñen de familias non estruturadas e foron maltratados na infancia».
- «Non se pode considerar violación se a muller non se resiste».

Na valoración conxunta dos 3 grupos, o maior acordo expresado está no carácter reincidente dos agresores, cun 6,9.

Aínda que no cuestionario non se formula directamente a pregunta sobre a regulación da prostitución, destaca o rexeitamento contundente da comunidade universitaria á afirmación que pide valorar si a súa regulación podería ter efectos na diminución de agresións sexuais.

O pasado ano, o Barómetro sobre Feminismo realizado por 40dB para CTXT, achegaba o dato de que o 60,4% de persoas maiores de 18 anos en España era partidaria de regular a prostitución e un 94,6% consideraba que as administracións públicas deben conceder ás mulleres prostituídas dereitos, seguridade social e a posibilidade de pagar impostos.

Os datos amosan o rexeitamento da comunidade universitaria ás agresións sexuais.

A afirmación de que non se pode considerar violación se a muller non se resiste obtén un nivel de desacordo case total, cun 0,8 e a afirmación de que as mulleres din que non cando queren dicir que si para facerse as interesantes obtén un nivel de desacordo aínda maior, dun 0,7.

Só hai diferenzas significativas na afirmación de que a maioría das agresións sexuais son cometidas por un estraño, sendo o alumnado quen cre nela por riba de profesorado e PAS.



### 22.1. A maioría dos ataques sexuais son cometidos por un estraño. 0-10

Media	Profesorado	PAS	Alumnado
3,2	2	2,3	3,5


O **alumnado** rexeita claramente as xustificacións das agresións sexuais nas que se cuestiona o papel das mulleres como vítimas.

Só hai unha excepción. Na afirmación sobre a reincidencia dos infractores, hai un nivel alto de acordo, un 7.

Rexeitan a afirmación de que as mulleres din que non cando realmente queren dicir que si para facerse as interesantes cun 0,7, e a afirmación de que non pode considerarse violación se a muller non se resiste, cun 0,9.

Nestas dúas valoracións hai diferenzas significativas entre alumnos e alumnas.

Alumnado:		
1.A maioría dos ataques sexuais son cometidos por un estraño.	3,5	292
2.Non se pode considerar violación se a muller non se resiste	0,9	290
3.Os agresores sexuais son persoas enfermas e estrañas, que sempre proveñen de familias non estruturadas e que foron maltratadas na infancia	2,0	291
4.É imposible superar unha agresión ou un abuso sexual.	3,9	287
5.Os infractores son reincidentes	7	292
6.Se se legalizase a prostitución, habería menos violacións	1,4	291
7.As mulleres din que non cando realmente queren dicir si para facerse interesantes.	0,7	286



No **profesorado** non hai diferenzas significativas, sendo plenamente rexeitadas as escusas que amparan aos agresores.

- «A maioría dos ataques sexuais son cometidos por un estraño». Un 2 de media.
- «Non se pode considerar violación se a muller non se resiste». A contundencia do desacordo con esta afirmación por parte do profesorado é total cun 0.
- «Os agresores sexuais son persoas enfermas e estrañas, que sempre proveñen de familias non estruturadas e que foron maltratadas na infancia», obtén no profesorado un nivel de rexeitamento alto, cun 1.
- «É imposible superar unha agresión ou un abuso sexual», un 4.

- «Os infractores son reincidentes» acada un nivel de acordo similar ao expresado polo alumnado, un 7.
- «Si se legalizase a prostitución, habería menos violacións» é rexeitada, cunha puntuación de 1, sendo 0 totalmente en desacordo.
- «As mulleres din que non cando realmente queren dicir que si para facerse interesantes», amosa desacordo unánime.

No **PAS** amósase algunha diferenza significativa entre mulleres e os homes respecto da afirmación de que a maioría dos ataques sexuais son cometidos por un estraño, que obtén un 2,3 sobre 10. Entre os homes a media é un 3,5 e nas mulleres un 1,4.

Respecto a outras afirmacións:

- «Non se pode considerar violación se a muller no se resiste» un 1 sobre 10.
- «Os agresores sexuais son persoas enfermas e estrañas, que sempre proveñen de familias non estruturadas e que foron maltratadas na infancia» igual que no profesorado, un 1.
- «É imposible superar unha agresión ou un abuso sexual» Tamén igual co profesorado cun 4.
- «Os infractores son reincidentes». Un 7 sobre 10, a máis alta.
- «Si se legalizase a prostitución, habería menos violacións» 1/10
- «As mulleres din que non cando realmente queren dicir si para facerse interesantes» directamente cun 0.

• **23. Valoración da frecuencia coa que se produciron distintas situacións no último ano:**

As situacións no ultimo ano:

- «Alguén que coñecín bicoume sen o meu consentimento».
- «Alguén que coñecín tocoume o peito sen o meu consentimento».
- «Alguén que coñecín tocoume o cu sen o meu consentimento».
- «Alguén que coñecín obrigoume a practicar sexo oral sen o meu desexo».
- «Alguén que coñecín obrigoume a ter relacións sexuais sen condón, aínda que lle pedín que o usara».



- «Alguén que coñecín envioume fotos dos seus xenitais sen preguntarme».
- «Unha persoa descoñecida comentou o meu físico na rúa».

Frecuencia coa que se produciron estas situacións:

- Nunca
- Unha vez
- Dúas veces
- Tres veces
- Máis de tres veces

No estudo «*Diagnose do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo*» 2018, das profesoras María Lameiras Fernández, Yolanda Rodríguez Castro e María Victoria Carrera Fernández, o alumnado mostra unha baixa percepción de risco en relación coas agresións sexuais. Así, considera que é moi pouco probable que se produza unha situación deste tipo no ámbito universitario, especialmente nos homes (case improbable nun 99,2 %) seguido das mulleres (case improbable nun 90,7 %). No que atinxe ó profesorado, un 31,8 % das profesoras mulleres considera que é unha situación bastante ou moi habitual na cal se poden atopar as mulleres no ámbito universitario fronte a un 13,5 % dos profesores.

O actual estudo, como xa se indicou, presenta diferentes situacións á comunidade universitaria para que indiquen si, no último ano e con que frecuencia, sufriron estas situacións, non só no ámbito universitario senón tamén na súa vida persoal.


O 48% da poboación universitaria entrevistada declara que «alguén que coñecín tocoume o cu sen o meu consentimento» e un 60% declara que «unha persoa descoñecida comentou o meu físico na rúa».





Un 23% manifesta que «alguén que coñecín envioume fotos dos seus xenitais sen preguntarme».


O 25% afirma que «alguén que coñecín bicoume sen o meu consentimento», o 25% declara que «alguén que coñecín tocoume o peito sen o meu consentimento» e o 25% sinala que «alguén que coñecín bicoume sen o meu consentimento».

O 7% declara que «alguén que coñecín obrigoume a ter relacións sexuais sen condón, aínda que lle pedín que o usara».

Un 3% sinala que «alguén que coñecín obrigoume a practicar sexo oral sen o meu desexo».







Hai algunhas diferenzas salientables entre o alumnado, profesorado e PAS:

- 23.2. «Alguén que coñecín tocoume o peito sen o meu consentimento»: o 29% do alumnado sufriu este acoso mentres que entre o profesorado a porcentaxe baixa ata un 12% e a un 7% entre PAS.
- 23.3. «Alguén que coñecín tocoume o cú sen o meu consentimento»: de novo a maioría das vítimas atópanse entre o alumnado, pois o 55% sufriu este tipo de tocamientos. A porcentaxe entre profesorado sitúase nun 32% e non chega a un 10% entre o PAS.
- 23.6. «Alguén que coñecín envioume fotos dos seus xenitais sen preguntarme». O 27% do alumnado recibiu ese tipo de imaxes, fronte a un 0% dos e das PAS. Con relación ao profesorado, un 87% nunca recibiu estas fotos.
- 23.7. «Unha persoa descoñecida comentou o meu físico na rúa». Volve a ser o alumnado o grupo que máis sofre o acoso en espazos públicos. Un 75% do alumnado recibiu comentarios sobre o seu físico na rúa, fronte a un 45% do profesorado e un 36% dos PAS.

Comparando os resultados deste estudo cos datos da «*Diagnose do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo*», conclúese que a Universidade de Vigo é percibida como un espazo seguro. No estudo das profesoras María Lameiras Fernández, Yolanda Rodríguez Castro e María Victoria Carrera Fernández, as persoas entrevistadas declararon ter sido vítimas de acoso sexual ou percibir que podían ser vítimas de acoso en menor medida que no presente estudo, que como xa se explicou, contempla situacións de acoso vividas no último ano en calquera actividade da vida cotiá e non só na universidade.



As diferenzas máis salientables por sexo móstranse no alumnado.

**Alumnado:**

O 70% do alumnado negou ter sufrido tocamentos pero o 37% das alumnas declarou ter sido vítima destes abusos no último ano.

23.2 Alguén que coñecín tocoume o peito sen o meu consentimento						
	Homes		Mulleres		Total	
	Nunca	105	80%	96	63%	201
Unha vez	13	10%	29	19%	42	15%
Dúas veces	9	7%	16	10%	25	9%
Tres veces	0	0%	4	3%	4	1%
Máis de tres	5	4%	7	5%	12	4%
<b>Total</b>	<b>132</b>	<b>47%</b>	<b>152</b>	<b>54%</b>	<b>284</b>	<b>100%</b>

23.3 Alguén que coñecín tocoume o cú sen o meu consentimento						
	Home		Muller		Total	
	Nunca	82	62%	47	31%	129
Unha vez	20	15%	35	23%	55	19%
Dúas veces	13	10%	19	12%	32	11%
Tres veces	6	5%	9	6%	15	5%
Máis de tres	12	9%	43	28%	55	19%
<b>Total</b>	<b>133</b>	<b>47%</b>	<b>153</b>	<b>54%</b>	<b>286</b>	<b>100%</b>

O 69% das alumnas e o 38% dos alumnos sinala que «alguén que coñecín tocoume o cú sen o meu consentimento».

O 37% das alumnas manifesta que «alguén que coñecín envioume fotos dos seus xenitais sen preguntarme» fronte a un 16% de alumnos.



### 23.5. Alguén que coñecín envioume fotos dos seus xenitais sen preguntarme

	Home		Muller		Total	
Nunca	112	84%	97	63%	209	73%
Unha vez	9	7%	21	14%	30	10%
Dúas veces	7	5%	11	7%	18	6%
Tres veces	2	2%	11	7%	13	5%
Máis de tres	3	2%	13	8%	16	6%
<b>Total</b>	<b>133</b>	<b>47%</b>	<b>153</b>	<b>54%</b>	<b>286</b>	<b>100%</b>

A afirmación «unha persoa descoñecida comentou o meu físico na rúa» presenta a maior diferenza entre alumnas e alumnos. Un 90% das alumnas recibiron comentarios sobre o seu físico na rúa, fronte a un 36% de homes.

### 23..6. Unha persoa descoñecida comentou o meu físico na rúa

	Home		Muller		Total	
Nunca	84	64%	16	10%	100	35%
Unha vez	15	11%	7	5%	22	8%
Dúas veces	7	5%	15	10%	22	8%
Tres veces	7	5%	11	7%	18	6%
Máis de tres	19	14%	104	68%	123	43%
<b>Total</b>	<b>132</b>	<b>46%</b>	<b>153</b>	<b>54%</b>	<b>285</b>	<b>100%</b>

#### Profesorado:

No que atinxe ao profesorado, e si se dicotomiza entre «nunca» e «algunha vez», obsérvanse diferenzas por sexo que non sempre son significativas, dado o baixo nivel de resposta.

2 homes de 13 e 4 mulleres de 17 que responderon á pregunta sinalan que «alguén que coñecín bicoume sen o meu consentimento».

Ao 23% das profesoras manifestan que «alguén que coñecín tocoume o peito sen o meu consentimento». Pero cando se trata da afirmación «alguén que coñecín tocoume o cú sen o meu consentimento» a porcentaxe sube a un 50%.

Das 31 respostas do equipo docente á afirmación «alguén que coñecín obrigoume a ter relacións sexuais sen condón» unha profesora respondeu afirmativamente.



Un 13% do profesorado sinala que «alguén que coñecín envioume fotos dos seus xenitais sen preguntarme», todas profesoras mulleres.

Un 66% das profesoras mulleres manifesta que «unha persoa descoñecida comentou o meu físico na rúa» fronte a un 18% dos profesores homes.

#### **PAS:**

Polo baixo número de respostas de PAS a estas preguntas, as diferenzas só son salientables respecto da afirmación «unha persoa descoñecida comentou o meu físico na rúa», que o sufriron 10 mulleres PAS das 23 entrevistadas e só 4 homes PAS dos 18 entrevistados.

O 12% dos PAS manifesta que «alguén que coñecín bicoume sen o meu consentimento». o 8% declara que «alguén que coñecín tocoume o peito sen o meu consentimento», todas mulleres.

Ningunha persoa PAS declara que «alguén que coñecín obrigoume a practicar sexo oral sen o meu desexo» nin «alguén que coñecín obrigoume a ter relacións sexuais sen condón, aínda que lle pedín que o usara».

Un 3% de PAS manifesta que «alguén que coñecín envioume fotos dos seus xenitais sen que me preguntase».

Todos os datos expostos son o suficientemente contundentes como para extraer algunhas conclusións. A

- As mulleres seguen sendo maioritariamente as vítimas das agresións, abusos e acoso sexual.
- A comunidade universitaria detecta perfectamente as agresións e os abusos sexuais.
- Mantéñense as «vellas formas e métodos de acoso, abuso e agresión» sexual e se incorporan novas formas a través da tecnoloxía e das redes sociais. Por tanto, non hai substitución, hai ampliación de formas de abuso, acoso e agresión sexual.

- **25. Valora, se o coñeces, o Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo**

A Lei orgánica de universidades 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril obrigou ás universidades a evitar situacións de acoso sexual e por razón de sexo.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no artigo 62 sinala a necesidade de que as administracións públicas negocien protocolos de actuación fronte ao acoso sexual e por razón de sexo.

A Universidade de Vigo conta cun Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo así que, tendo en conta a existencia e a relevancia desta ferramenta, preguntouse a toda a comunidade universitaria ao respecto.

O Protocolo só é valorado polo 33% das persoas participantes cunha nota media de 3,4. Ademais de descoñecido, a valoración recibida é moi baixa.

**25. Valora, se o coñeces, o Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo**

Media	N	Desviación	Mediana	Min	Máx	Erro estándar media
3,4	124	3	2	0	10	0

O alumnado é o máis crítico cunha valoración de 2,8.

O profesorado é quen outorga a valoración máis alta pero o suspende igualmente cun 4,8 de media. O PAS tamén suspende o Protocolo cun 4,7.

**25. Valora, se o coñeces, o Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo**

Media	Alumnado	Profesorado	PAS
3,4	2,8	4,8	4,7



## PERCEPCIÓNS DO FEMINISMO

### • 26. Como definirías o feminismo?

Na definición do feminismo participou un 90% das persoas participantes, unha das porcentaxes de resposta máis altas.

O Dicionario da RAE define o feminismo como: «1. *Unha ideoloxía que defende que as mulleres deben ter os mesmos dereitos que os homes; e 2. Un movemento que se apoia no feminismo (é dicir, en dita ideoloxía)* ».

Celia Amorós, Catedrática de Filosofía sinala que: «*entendemos por feminismo, de acordo cunha tradición de tres séculos, un tipo de pensamento antropolóxico, moral e político que ten como o seu referente a idea racionalista e ilustrada da igualdade entre os sexos*».

En liñas xerais, a maioría das definicións da comunidade universitaria están axustadas ás definicións de referencia e non amosan diferenzas por facultade ou escola e grupo universitario.

O 80% das definicións incorpora a palabra “*igualdade*” e un 48%, a palabra “*mulleres*”.

O 34,5% define o feminismo como un “*movemento*” fronte a un 2,4% que o define como “*pensamento*” e só un 3% que o sinala como unha “*ideoloxía*”.

Algúns exemplos de definición:

- «*Loita pola igualdade real entre homes e mulleres en todos os eidos da vida*».
- «*Loita por acadar a igualdade entre homes e mulleres, na que a muller teña os mesmos dereitos, salarios, oportunidades... que un home*».
- «*Movemento social e político tanto de mulleres como de homes para acadar a igualdade*».
- «*Defensa polos dereitos das mulleres para chegar a ter igualdade en todos os eidos da vida, laborais, sociais, económicos e políticos*».

Non obstante, hai definicións de profesorado, alumnado e PAS que evidencian confusión sobre o concepto e outros que directamente o rexeitan.

A maioría destas definicións corresponden a alumnado ou profesorado da Facultade de Enxeñaría de Telecomunicacións e da Facultade de Enxeñaría Industrial:

- *«Movemento de loita social que busca a igualdade entre todos os xéneros e que debería ser sempre unha loita transversal a todas aquelas que loitan polas minorías, como a loita LGTBI+ ou a loita antiespecista».*
- *«É unha corrente de pensamento pouco clara cun bo fin pero que non acerta cos medios».*
- *«Loita pola igualdade todas (xénero, raza, clase,...) empregando unha discriminación positiva para intentar acadar dita igualdade».*
- *«Poñer á muller por riba do home»*
- *«Loita pola desigualdade».*

Exemplos de definicións negativas sobre o feminismo na Facultade de CC Xurídicas e do Traballo e na Facultade de CC Económicas:

- *«Superioridade da muller sobre o home e que busca máis dereitos».*
- *«Extremo, ao igual que o machismo».*
- *«Movemento de moda».*

#### • 27. Participación nalgunha actividades feminista no último ano

Pregunta que se dirixiu a toda a comunidade universitaria para medir o grao de asistencia ou participación en actividades feministas:

¿Participaches nalgunha actividade feminista ou de loita contra a violencia de xénero no último ano? Selecciona todas as que correspondan.


- *«Asistín a Manifestacións como o 8 de marzo ou o 25 de novembro».*
- *«Participei en asembleas abolicionistas».*
- *«Participei en asociacións ou organizacións de mulleres ou feministas con algunha periodicidade».*
- *«Asistín á concentracións específicas como a de apoio á vítima da Manada de San Fermín».*
- *«Asistín a seminarios ou espazos académicos de contido feminista».*
- *«Militei e/ou milito activamente dende unha plataforma política».*



Concentracións e manifestacións son os eventos nos que máis participa a comunidade universitaria. Convocatorias masivas como a do 8 de marzo ou a do 25 de novembro contou coa asistencia do 60% da comunidade universitaria. Un 27% manifestou ter asistido ás manifestacións de apoio á vítima da Manada de San Fermín

Con todo, á participación redúcese notablemente cando se pregunta pola asistencia a outro tipo de reunións que requiren máis implicación ou directamente unha militancia política:

- Un 5% participou en asembleas especificamente abolicionistas.
- Un 4% de militancia política.
- Un 8% de militancia feminista



- 27.1. «Asistín a manifestacións como o 8 de marzo ou o 25 de novembro»:
  - Asistiu a manifestacións un 68% de profesorado, 66% de PAS e 58% de alumnado.
- 27.2. «Participei en asembleas abolicionistas».



- Un 8% do profesorado manifesta ter acudido a estas asembleas fronte a un 5% de alumnado e un 2% de PAS.
- 27.3. «Participei en asociacións ou organizacións de mulleres ou feministas con algunha periodicidade»..
  - Un 14% do profesorado participou fronte a un 11% de PAS e un 7% do alumnado.
- 27.4. «Asistín á concentracións específicas como a de apoio á vítima da Manada de San Fermín».
  - Un 46% do profesorado afirma terse manifestado contra a sentenza da manada de San Fermín, en 2017 fronte a un 30% de PAS e un 24% de alumnado.
- 27.5. «Asistín a seminarios ou espazos académicos de contido feminista».
  - Case 3 de cada 10 profesores ou profesoras asistiron ou participaron en seminarios de contido feminista, un 27% fronte a un 17% de alumnado e un 11% de PAS.
- 27.6. «Militei e/ou milito activamente dende unha plataforma política».
  - Sobre a militancia política, un 14% do profesorado sinala a súa militancia, un 5% de PAS e só un 3% do alumnado.

#### 27.Partipasches nalgunha actividade. Alumnado.

	Home	Muller	Total	N
1. Asistín a Manifestacións (8M, 25N...)	40%	74%	58%	169
2. Participei en asembleas abolicionistas	2%	6%	4%	12
3. Participei en asocia. ou organiz. de mulleres ou feministas con periodicidade	3%	8%	6%	17
4. Asistín á concentracións como a de apoio á vítima da Manada de San Fermín	12%	35%	24%	70
5. Asistín a seminarios ou espazos académicos de contido feminista	12%	24%	18%	53
6. Militei e/ou milito nunha plataforma política	4%	3%	3%	10



Entre o **alumnado**, a participación en manifestacións (8M, 25N) son a actividade na que se declara a maior porcentaxe de participación cun 58%. Hai diferenzas por sexo que apuntan a unha maior asistencia das alumnas mulleres, un 74% fronte a un 40% de alumnos homes.

A asistencia a concentracións de apoio á vítima da Manada de San Fermín volve a presentar diferenzas entre alumnos e alumnas, sendo outra vez as mulleres máis participativas: un 35% fronte a un 12% de homes.

Respecto da asistencia a seminarios con contido feminista as diferenzas se reducen. Un 12% de alumnos e un 24% de alumnas asistentes.

So no que atinxe á participación política non feminista os alumnos superan ás alumnas. Un 4% de alumnos e un 3% de mulleres militan en organizacións políticas

Respecto dos **PAS**, o 59% afirma ter asistido a manifestacións como o 8M ou o 25N.

As concentracións de apoio á vítima da Manada foron secundadas polo 25% de PAS e un 100% declara non ter acudido a ningunha asemblea abolicionista.

Respecto á participación en asociacións de mulleres e feministas, o 93% de PAS declara non ter participado.

Só un 2% de PAS declara militancia política.

No **profesorado**, o 78% das mulleres profesoras acudiron a manifestacións como o 8M ou o 25N fronte ao 56% de profesores.

Ningún home do profesorado participou en asembleas abolicionistas fronte ao 17% de profesoras que si o fixo.

A participación é do 6% entre os homes profesores en asociación feministas ao tempo que as mulleres participan tres veces máis, o 22%.

O apoio recibido pola vítima da manada contou coa mesma porcentaxe de asistencia de profesoras e profesores, o 44% en ambos sexos.

Respecto da militancia política do profesorado, un 17% de profesores declaran a súa militancia en partidos fronte a un 11% das profesoras.



## CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADES


### • 28. Na túa casa ¿quen se encarga das seguintes tarefas?



Preguntamos a toda a comunidade universitaria por unha serie de actividades cotiás que se desenvolven no espazo doméstico para que indicaran quen se encarga de cada unha das tarefas.


- Normalmente eu
- Normalmente a miña parella
- Outra persoa non remunerada
- Eu e a miña parella por igual
- Sempre a miña parella
- Outra persoa con remuneración

As tarefas que se expuxeron para valorar foron as seguintes:

- «Lavar a roupa, pasar o ferro, secar..... ».
- «Pequenas reparacións na casa».
- «Limpar a casa».
- «Preparar as comidas».







Nos datos si se detectan diferenzas significativas entre todas as actividades domésticas por grupos:

- 28.1. «Na túa casa, quen se encarga da roupa, lavar, pasar o ferro, secar...»
  - O PAS indica que concilia coas súas parellas nun 33%.
  - O 24% do profesorado concilia nesta actividade doméstica e un 9% recorre a persoas externas remuneradas.
- 28.2. «Na túa casa, quen se encarga de facer pequenas reparacións»
  - Un 12% do profesorado recorre á súa parella para facer pequenas reparacións na casa.
  - Entre o PAS, un 29% recorre á súa parella.
- 28.3. «Na túa casa, quen se encarga de facer a limpeza»
  - O 60% do PAS colabora coa súa parella nas tarefas de limpeza doméstica e recorre a persoas externas remuneradas un 5%.
  - O profesorado recorre máis a persoas externas remuneradas nun 21% e un 27% comparte tarefas.
- 28.4. «Na túa casa, quen se encarga de preparar as comidas».



- O 31% do PAS concilia nesta tarefa fronte a un 21% do profesorado.
- Entre quen recorren á súa parella, os e as PAS apuntan unha porcentaxe dun 26% fronte ao 32% do profesorado.
- O 12% do profesorado recorre a unha terceira persoa.

Estes datos están relacionados co poder adquisitivo e as retribucións, xeralmente máis altas no profesorado, que recorre a terceiras persoas remuneradas para realizar as tarefas domésticas.

O 9% recorre a alguén con remuneración para encargarse da roupa (lavar, pasar o ferro, secar a roupa...), o 6% para pequenas reparacións, o 3% para preparar as comidas e o 21% para a limpeza, sendo esta tarefa doméstica a máis externalizada.

No caso do **alumnado** esta pregunta esconde diversas dificultades xa que moi poucos alumnos e alumnas enquisadas viven en parella polo que o maior valor atópase entre as persoas non remuneradas que fan as tarefas do fogar no que viven (as súas nais na maioría dos casos).

28.1. A roupa (lavar, prancha, secar...). Alumnado.					Viven en parella	
	Frecuencia	%	% válida	Nº	% válida	
Válido	Sempre eu	45	15%	18%	6	11%
	Normalmente eu	50	17%	20%	9	16%
	Eu e a miña parella	35	12%	14%	12	22%
	Normalmente a miña parella	13	4%	5%	5	9%
	Sempre a miña parella	2	1%	1%	0	0%
	Persoa non remunerada	90	31%	36%	16	29%
	Persoa remunerada	17	6%	7%	7	13%
	<b>Total</b>	<b>252</b>	<b>85%</b>	<b>100%</b>	<b>55</b>	<b>100%</b>
Perdidos	Sistema	43	15%			
<b>Total</b>		<b>295</b>	<b>100%</b>			

No que respecta ás pequenas reparacións a propia persoa entrevistada soe ser a que resposta estar máis implicada neste tipo de tarefas domésticas.

28.2. Facer pequenas reparacións. Alumnado.					Viven en parella	
Válido		Frecuencia	%	% válida	Nº	% válida
	Sempre eu	36	12%	14%	7	13%
	Normalmente eu	54	18%	21%	11	20%
	Eu e a miña parella	30	10%	12%	5	9%
	Normalmente a miña parella	13	4%	5%	9	16%
	Sempre a miña parella	3	1%	1%	0	0%
	Persoa non remunerada	91	31%	36%	18	32%
	Persoa remunerada	25	8%	10%	6	11%
	<b>Total</b>	<b>252</b>	<b>85%</b>	<b>100%</b>	<b>56</b>	<b>100%</b>
Perdidos	Sistema	43	15%			
<b>Total</b>		295	100%			

Hai diferencias entre o alumnado nesta pregunta. Sumando as respostas “sempre eu” e “normalmente eu”, os datos achegan que un 48% dos alumnos ocúpase desta actividade fronte a un 22% das alumnas.

O 47% das alumnas recorre a outra persoa fronte a un 24% de homes.

28.2. Facer pequenas reparacións. Alumnado e sexo.						
	Home		Muller		Total	
Sempre eu	22	18%	14	11%	36	14%
Normalmente eu	39	32%	15	12%	54	22%
Eu e a miña parella por igual	17	14%	13	10%	30	12%
Normalmente a miña parella	1	1%	12	9%	13	5%
Sempre a miña parella	3	2%	0	0%	3	1%
Outra persoa non remunerada	29	24%	61	47%	90	36%
Outra persoa con remuneración	11	9%	14	11%	25	10%
<b>Total</b>	<b>122</b>	<b>100%</b>	<b>129</b>	<b>100%</b>	<b>251</b>	<b>100%</b>

Sobre as tarefas de limpeza cómpre indicar que un 33% do alumnado recorre a outra persoa sen remuneración (30% familia, case sempre as nais).

28.3. Facer a limpeza. Alumnado.	Viven en parella
----------------------------------	------------------



	Frecuencia	%	% válida	Nº	% válida	
<b>Válido</b>	<b>Sempre eu</b>	37	13%	15%	5	9%
	<b>Normalmente eu</b>	54	18%	21%	10	18%
	<b>Eu e a miña parella por igual</b>	60	20%	24%	22	39%
	<b>Normalmente a miña parella</b>	8	3%	3%	3	5%
	<b>Sempre a miña parella</b>	1	0%	0%	0	0%
	<b>Persoa non remunerada</b>	75	25%	30%	11	20%
	<b>Persoa remunerada</b>	17	6%	7%	5	9%
	<b>Total</b>	<b>252</b>	<b>85%</b>	<b>100%</b>	<b>56</b>	<b>100%</b>
<b>Perdidos</b>	<b>Sistema</b>	43	15%			
<b>Total</b>	<b>295</b>	<b>100%</b>				

Na preparación de comidas a conciliación acadada a porcentaxe máis alta co 31% das persoas participantes declarando que se encargan por igual. O dato, que indica reparto de tarefas na parella, sinala que no 38% dos casos se recorre a axuda dunha persoa non remuneración.


28.4. Preparar as comidas. Alumnado.				Viven en parella		
	Frecuencia	%	% válida	Nº	% válida	
<b>Válido</b>	<b>Sempre eu</b>	54	18%	21%	9	16%
	<b>Normalmente eu</b>	53	18%	21%	10	18%
	<b>Eu e a miña parella igual</b>	38	13%	15%	14	25%
	<b>Normalmente a miña parella</b>	13	4%	5%	5	9%
	<b>Sempre a miña parella</b>	2	1%	1%	0	0%
	<b>Persoa non remunerada</b>	86	29%	34%	16	29%
	<b>Persoa remunerada</b>	7	2%	3%	2	4%
	<b>Total</b>	<b>253</b>	<b>86%</b>	<b>100%</b>	<b>56</b>	<b>100%</b>
<b>Perdido</b>	<b>Sistema</b>	42	14%			
<b>Total</b>	<b>295</b>	<b>100%</b>				

Por sexos non hai diferenzas significativas entre profesores e profesoras.

O 60% dos e das PAS declara que concilia coa súa parella as tarefas de limpeza, nun 5% externalízanse entres que a preparación das comidas é unha actividade compartida para o 31%.

Hai diferenzas significativas na metade das tarefas do fogar. Así, o 3% das mulleres indican que é a súa parella a que faise cargo da roupa fronte a un 13% dos homes.

• **29. Pensas o pensaches que terías que deixar o teu traballo cando...:**



Casarse ou ter fillos non é motivo para deixar de traballar pero o 25% do alumnado teme deixar o traballo por ter que coidar a unha persoa dependente. Esta porcentaxe baixa ao 17% no caso do profesorado e a un 16% entre o PAS.

Entre o **alumnado** hai diferenzas. O 28% dos alumnos deixarían o traballo para coidar a un familiar dependente fronte a un 18% de alumnas.

O **profesorado** non contempla a posibilidade de deixar o seu traballo no caso de casarse nin no caso de ter fillos ou fillas (94%).

Aínda que non son datos significativos, hai diferenzas por sexo entre alumnado e profesorado. Mentres que no profesorado son maioritariamente mulleres as que están dispostas a deixar o traballo para coidar a un familiar dependente, no caso do alumnado son maioritariamente homes os que o farían.

O 3% de **PAS** deixaría o traballo en caso de casar, o 6% no suposto de ter fillos ou fillas e un 16% en caso de coidar a unha persoa dependente.



A conciliación pasa por compatibilizar o afecto á propia familia, sen empregar o inxusto termo de «carga familiar» con quen nos unen lazos de cariño, co traballo remunerado e a vida profesional.

A conciliación non é exclusiva das mulleres aínda que é certo que estas herdaron un modelo social, non esgotado, no que homes e mulleres tiñan claramente diferenciados os roles e o reparto de responsabilidades. Hoxe as mulleres de tódalas idades loitan por ocupar o espazo que lles corresponde no mercado laboral, na vida social, económica e política.

29.1. Casar. Alumnado				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Si	3	1%	1%
	Non	260	88%	94%
	Non sei	14	5%	5%
	<b>Total</b>	<b>277</b>	<b>94%</b>	<b>100%</b>
Perdidos	Sistema	18	6%	
<b>Total</b>		<b>295</b>	<b>100%</b>	

29.2. Ter fillos ou fillas. Alumnado				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Si	17	6%	6%
	Non	229	77%	83%
	Non sei	31	11%	11%
	<b>Total</b>	<b>277</b>	<b>94%</b>	<b>100%</b>
Perdidos	Sistema	18	6%	
<b>Total</b>		<b>295</b>	<b>100%</b>	

29.3. Ter que coidar dunha persoa dependente. Alumnado				
		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válido	Si	68	23%	25%
	Non	111	38%	41%
	non sei	95	32%	35%
	<b>Total</b>	<b>274</b>	<b>93%</b>	<b>100%</b>
Perdidos	Sistema	21	7%	
<b>Total</b>		<b>295</b>	<b>100%</b>	



**29.3. Ter que coidar dunha persoa dependente. Alumnado e sexo**

	Home		Muller		Total	
Si	45	28%	34	18%	79	23%
Non	73	46%	82	45%	155	45%
Non sei	42	26%	68	37%	110	32%
<b>Total</b>	<b>160</b>	<b>100%</b>	<b>184</b>	<b>100%</b>	<b>344</b>	<b>100%</b>

 $(\chi^2 = 0,101)$ 

Entre as medidas da Universidade de Vigo en materia de conciliación hai que sinalar o acordo do Consello de Goberno sobre medidas de igualdade e conciliación na Universidade de Vigo. Aprobado o 10 de outubro de 2016 a proposta do Reitor e negociado coas organizacións sindicais, acorda que a universidade aplique ao seu persoal PAS e PDI as melloras que, no referente a políticas de igualdade, teñan a súa orixe na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

En resolución de 24 de febreiro de 2016 establécese un permiso retribuído para as traballadoras da Universidade de Vigo en estado de xestación a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo ata a data do parto. No suposto de xestación múltiple este permiso poderá iniciarse o primeiro día da semana 35 de embarazo, ata a data do parto.

- **30. Alumnado. ¿Para que cres que van ser útiles os estudos que estás a realizar? 1-5**

Esta pregunta formulada ao alumnado se formulou con 4 respostas posibles para ser puntuadas do 1 ao 5 no que 1 equivale a «nada útil» e 5 «moi útil».

As catro respostas posibles:

- «Ser capaz de ter un traballo interesante no futuro».
- «Asegurar un bo rendemento».
- «Cultivar e enriquecer os meus coñecementos».
- «Contribuír á mellora da sociedade».

A resposta sobre o traballo interesante recibe a maior puntuación por parte do alumnado en xeral, sen diferenzas por sexo:



30. Para que cres que van ser útiles os estudos que estás a realizar?	
1.Ser capaz de ter un traballo interesante no futuro	4,5
2.Asegurar un bo rendemento	4,1
3.Cultiva e enriquece os meus coñecementos	4,3
4.Contribuír á mellora da sociedade	3,9

As mulleres son máis optimistas cós homes en todos os aspectos mencionados.

30. Para que cres que van ser útiles os estudos que estás a realizar?		
	Home	Muller
1.Ser capaz de ter un traballo interesante no futuro	4,5	4,5
2. Asegurar un bo rendemento	3,9	4,2
3. Cultiva e enriquece os meus coñecementos	4,1	4,4
4. Contribuír á mellora da sociedade	3,8	4,1

## TEITO DE CRISTAL

«Entendemos por teito de cristal aquelas barreiras invisibles creadas por prexuízos e actitudes discriminatorias nas organización, que bloquean o ascenso laboral das mulleres a postos executivos e de dirección. Estas barreiras se producen como consecuencia da desigualdade das mulleres no económico e o social» (OIT, Breaking through the glass ceiling. Women in management, 2004).

- **31. Valoración das desigualdades:**

Respecto da desigualdade en determinadas institucións e organizacións as persoas entrevistadas valoraron o nivel de igualdade segundo estes rangos:

- Moi grande.                      - Bastante grande.
- Pequena                             - Case inexistente

As institucións, estamentos e organizacións a valorar:

- España    - Clubs deportivos
- Galicia     - Partidos políticos
- Universidade de Vigo                             - No Poder Xudicial



- Organizacións empresariais/sindicais -Forzas e Corpos de Seguridade
- No IBEX 35 - Asociacións estudiantís

Agrupando as opcións desigualdades moi grandes e desigualdades bastante grandes, a Universidade de Vigo resulta a institución mellor valorada respecto á igualdade, cunha porcentaxe relativamente baixa dun 31% de desigualdade.

En segundo lugar figuran as asociacións estudiantís cun 33% de desigualdade.

As peores valoradas pola comunidade universitaria son:

- Os clubs deportivos, cun 81%
- O IBEX 35 cun 78%
- As Forzas e Corpos de Seguridade cun 78%
- España como país cun 77%
- Partidos políticos cun 74%.

O 30% do **alumnado** pensa que as desigualdades son pequenas ou case inexistentes no Consello Xeral do Poder Xudicial mentres que esta porcentaxe redúcese ata un 24% entre o profesorado. O 13% dos e das PAS opina que hai poucas desigualdades.

O 36% do alumnado sinala que no IBEX 35 hai unha desigualdade moi grande e un 41% opina que é bastante grande.

Sen dúbida é a Universidade de Vigo aparece como a mellor valorada, moi por encima das outras institucións e organizacións.

Para o 23% do **profesorado**, a Universidade de Vigo é unha institución na que as desigualdades son inexistentes mentres que para o 34%, as diferenzas son grandes.

Un 67% do **PAS** opina que as desigualdades son pequenas e case inexistentes.

Respecto a Galicia, as diferenzas percíbense menos entre os alumnos que entre as alumnas. Un 59% de alumnos opina que as diferenzas son bastante ou moi grandes e o 76% das alumnas percibe diferenzas bastante ou moi grandes.



Hai diferenzas por sexo respecto das asociacións de estudantes e son as mulleres as que aprecian máis desigualdade.


O 36% dos alumnos homes cre que as diferenzas son pequenas e un 35% que son case inexistentes. Mentres, o 66% das alumnas mulleres perciben estas diferenzas pequenas ou case inexistentes fronte ao 34% que segue observando diferenzas bastante grandes e moi grandes (27% e 8%).

Hai diferenzas entre a comunidade universitaria ao valorar as desigualdades dentro do IBEX 35.

Para o PAS a Universidade de Vigo é a institución con menos desigualdade. O 66% sinala que as desigualdades son pequenas e case inexistentes.


España e Galicia teñen a peor valoración respecto da igualdade.

Valoración das desigualdades de toda a comunidade universitaria:






Valoración da desigualdade no alumnado:



### 31. VALORACIÓN DAS DESIGUALDADES ENTRE HOMES E MULLERES (%) POLO PROFESORADO:


■ moi grande ■ bastante grande ■ pequena ■ case inexistente





### 31. VALORACIÓN DAS DESIGUALDADES ENTRE HOMES E MULLERES (%) PAS:

■ moi grande ■ bastante grande ■ pequena ■ case inexistente





### 31.1. En España. Alumnado

	Home		Muller		Total	
Moi grande	16	12%	37	25%	53	19%
Bastante grande	73	55%	87	58%	160	57%
Pequena	37	28%	25	17%	62	22%
Case inexistente	7	5%	1	1%	8	3%
<b>Total</b>	<b>133</b>	<b>100%</b>	<b>150</b>	<b>100%</b>	<b>283</b>	<b>100%</b>

( $\chi^2 = 0,002$ )

O 57% do alumnado opina que a desigualdade en España é bastante grande.

### 31.2. En Galicia. Alumnado

	Home		Muller		Total	
Moi grande	20	15%	37	25%	57	20%
Bastante grande	58	44%	78	51%	136	48%
Pequena	46	34%	29	20%	75	26%
Case inexistente	10	7%	6	4%	16	6%
<b>Total</b>	<b>134</b>	<b>100%</b>	<b>150</b>	<b>100%</b>	<b>284</b>	<b>100%</b>

( $\chi^2 = 0,007$ )

O 48% do alumnado considera que en Galicia hai unha desigualdade bastante grande. Desta porcentaxe, un 51% son alumnas e 44% alumnos.

Un 41% de alumnos opina que a desigualdade en Galicia é pequena ou inexistente fronte a un 24%.

### 31.4. Nas organizacións empresariais e sindicais. Alumnado.

	Home		Muller		Total	
Moi grande	26	20%	40	29%	66	25%
Bastante grande	48	37%	65	46%	113	42%
Pequena	42	32%	29	20%	71	26%
Case inexistente	15	11%	7	5%	22	8%
<b>Total</b>	<b>131</b>	<b>100%</b>	<b>141</b>	<b>100%</b>	<b>272</b>	<b>100%</b>

( $\chi^2 = 0,015$ )

O 46% das alumnas opina que nas organizacións empresariais e sindicais a desigualdade é bastante grande e un 29% que é moi grande fronte a un 37% de alumnos que opina que é bastante grande e un 20% que opina que é moi grande. O 8% do alumnado cre que a desigualdade é case inexistente. Desta porcentaxe, o 68% son alumnos.



31.5. Nos partidos políticos. Alumnado						
	Home		Muller		Total	
Moi grande	34	25%	80	54%	114	42%
Bastante grande	50	38%	45	31%	95	35%
Pequena	37	28%	14	10%	51	19%
Case inexistente	13	9%	8	5%	21	7%
Total	134	100%	147	100%	281	100%

( $\chi^2 = 0,000$ )

Sobre os partidos políticos, un 77% opina que a desigualdade é moi grande ou bastante grande, especialmente as mulleres.

31.8. No Poder Xudicial. Alumnado						
	Home		Muller		Total	
Moi grande	30	23%	65	45%	95	35%
Bastante grande	48	36%	52	35%	100	36%
Pequena	28	20%	19	13%	47	17%
Case inexistente	26	20%	10	7%	36	13%
Total	132	100%	146	100%	278	100%

( $\chi^2 = 0,000$ )

O 45% das alumnas cren que a desigualdade é moi grande no Poder Xudicial e o 20% dos alumnos considera que é case inexistente.

31.6. Nos clubs deportivos. Alumnado.						
	Home		Muller		Total	
Moi grande	66	50%	101	66%	167	61%
Bastante grande	34	25%	27	19%	61	22%
Pequena	22	17%	12	8%	34	13%
Case inexistente	11	9%	9	6%	20	8%
Total	133	100%	149	100%	282	100%

( $\chi^2 = 0,026$ )

Respecto dos clubs deportivos, destaca que o 85% das alumnas cre que as desigualdades son moi grandes ou bastantes grandes.

31.10. En asociacións estudiantís. Alumnado.						
	Home		Muller		Total	
Moi grande	10	8%	11	8%	21	8%
Bastante grande	28	21%	37	27%	65	24%
Pequena	48	36%	71	49%	119	43%
Case inexistente	46	35%	24	17%	70	26%
Total	132	100%	143	100%	275	100%

( $\chi^2 = 0,010$ )

Nas asociacións estudiantís, o 35% dos alumnos opina que a desigualdade é case inexistente fronte ao 17% de alumnas.

Un 8% do alumnado pensa que a desigualdade é moi grande.

<b>31.9. Nas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Alumnado.</b>						
	<b>Home</b>		<b>Muller</b>		<b>Total</b>	
<b>Moi grande</b>	38	28%	78	53%	116	41%
<b>Bastante grande</b>	53	40%	45	30%	98	35%
<b>Pequena</b>	24	19%	14	10%	38	14%
<b>Case inexistente</b>	18	14%	10	7%	28	10%
<b>Total</b>	133	100%	147	100%	280	100%

( $\chi^2 = 0,000$ )

Nas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado a porcentaxe de mulleres que opina que a desigualdade é moi grande practicamente dobra á porcentaxe dos homes. Un 53% fronte a un 28%

Dito todo isto e analizando os datos que achegan diferenzas por sexo, hai que indicar que a comunidade universitaria percibe as desigualdades dos diferentes estamentos e institucións de xeito irregular. Algunhas aparecen claramente identificadas como non igualitarias como é o caso do Consello Xeral do Poder Xudicial, sinalado así por profesorado e PAS.

O IBEX e os Clubs deportivos son percibidos como non igualitarios por toda a comunidade universitaria que tamén coincide en identificar así a España e Galicia.

No que atinxe aos partidos políticos, a desigualdade é percibida de xeito distinto por profesorado e PAS respecto do alumnado que a considera maioritariamente moi alta.

Do que non cabe a menor dúbida é que a Universidade de Vigo é considerada como a institución mellor valorada.

• **32. Cres que actualmente a situación das mulleres na Universidades de Vigo é mellor, igual o peor que a dos homes nos seguintes aspectos?**

Se valoraron os seguintes aspectos dentro da vida universitaria:

- «As posibilidades de promoción no traballo».



- «Estabilidade no lugar de traballo».
- «Acceso a postos de responsabilidade».
- «Acceso a posicións gobernamentais».
- «Acceso ao decanato ou reitorado».
- «Acceso a unha cátedra».
- «Acceso a bolsas e financiamento da investigación».
- «Acceso a bolsas de colaboración noutras universidades».
- «Posibilidades de combinar traballo e vida familiar».
- «Reducións nas horas de traballo para mellorar a conciliación».
- «Acceder a licenza de maternidade/paternidade ou adopción».
- «Solicitar unha licenza para coidar dun membro da familia».
- «Regresar ao seu traballo despois da maternidade».

O maior pesimismo aparece ante a posibilidade de conciliación, cun 48%, no acceso a postos de goberno dentro da universidade e no acceso a postos de responsabilidade, cun 42%.

As persoas enquisadas só cren que os homes teñen máis dificultades que as mulleres para acceder a permisos de maternidade/paternidade e para coidar a un membro da familia, cun 21%.


Un 48% da comunidade universitaria opina que as mulleres teñen máis dificultades para conciliar na universidade cós homes.

O 29% sinala que as mulleres teñen máis dificultades cós homes para acceder a unha cátedra e hai bastantes diferenzas na percepción da conciliación e o teito de cristal na comunidade universitaria:

- 32.2. «En posibilidades de promoción laboral»:
  - O 36% do alumnado considera que é máis difícil para as mulleres que para os homes fronte a un 24% do profesorado e un 3% de PAS.
- 32.2. «Na estabilidade no lugar de traballo»:
  - O 41% do alumnado considera que é peor para as mulleres que para os homes fronte a un 8% do profesorado e un 5% de PAS.




- 32.4. «No acceso a postos de responsabilidade»:
  - O 45% do alumnado considera que é peor para as mulleres que para os homes fronte a un 27% do profesorado e un 33% de PAS.
  
- 32.5. «No acceso a postos gobernamentais»:
  - O 50% do alumnado consideran que é peor para as mulleres que para os homes, un 27% do profesorado e un 47% de PAS.
  
- 32.10. «En posibilidades de conciliar traballo e vida familiar»:
  - Consideran que é peor para as mulleres o 51% do alumnado, o 38% do profesorado e o 32% de PAS.
  
- 32.11. «Para reducións nas horas de traballo para mellorar a conciliación»:
  - Consideran que é mellor para as mulleres que para os homes o 11% do alumnado, o 5% do profesorado e tamén o 5% de PAS.
  
- 32.12. «No acceso á permisos de maternidade/paternidade ou adopción»:
  - O 27% de alumnado consideran que é peor para as mulleres que para os homes fronte a un 11% do profesorado e un 5% de PAS.
  
- 32.13. «Para solicitar un permiso para coidar dun membro da familia»:
  - Consideran que é peor para as mulleres que para os homes o 28% do alumnado, o 3% do profesorado e o 5% de PAS.



Nas seguintes 3 gráficas omítese o termo medio «igual” xa que a desexabilidade social pode camuflar os verdadeiros resultados.


### 32.A situación das mulleres na UVigo comparada cos homes

**%. Alumnado.**



O alumnado, en xeral, non amosa diferenzas e percibe que as mulleres teñen maiores dificultades que os homes na universidade.

As alumnas son máis pesimistas cós alumnos sobre o acceso a postos de responsabilidade, a postos de goberno, ás cátedras, ás políticas de conciliación e ás solicitudes de permisos para o coidado de familiares.



O PAS cre que as mulleres teñen máis dificultades que os homes salvo para a promoción laboral:

- Un 32% cre que as mulleres concilia con maior dificultade.
- O 30% opina que as mulleres teñen máis difícil acceder a postos de responsabilidade.
- So un 5% de homes considera que o acceso a postos de responsabilidade é máis doado para as mulleres.
- O 72% das mulleres considera que teñen máis dificultades no acceso a postos governamentais
- O 79% dos homes opina que hai igualdade de oportunidades no acceso a decanatos ou ó reitorado, mentres que o 78% das mulleres cre que elas teñen maiores dificultades.
- O 78% dos homes considera que non hai diferenzas no acceso a unha cátedra e o 63% de mulleres opina elas teñen maiores dificultades que os homes.



A Universidade de Vigo conta cun borrador do coñecido como Plan Concilia, un documento de ampla natureza xurídica presentado para estudar na comisión de igualdade e que recolle as alegacións presentadas.

Con respecto á situación do profesorado, o informe «*Análise das traxectorias profesionais das mulleres na Universidade de Vigo*» (2015) coordinado por María M. Álvarez Lires é un estudo de consulta aberta que analiza a traxectoria das mulleres docentes na Universidade de Vigo. O estudo posúe un apartado específico sobre conciliación.

Dende o ano 2014, abríronse no campus de Pontevedra e no campus de Ourense dúas escolas infantís destinadas aos fillos e fillas do persoal e alumnado da Universidade e puxéronse en marcha campamentos de verán nos 3 campus universitarios, destinados tamén ás fillas e fillos do persoal e do alumnado da universidade. Tamén en 2014, elaborouse unha “Guía de recursos e medidas de apoio á conciliación”, non editada e que está en proceso de revisión e actualización.

O II Plan de Igualdade da Universidade de Vigo (2016-2019) comprométese no «Eixe IV: *condicións socio-laborais con perspectiva de xénero*» a crear un contorno para o desenvolvemento profesional e persoal en igualdade de condicións para toda a comunidade universitaria.

Neste momento, a Universidade de Vigo está desenvolvendo unha normativa para todos os concursos de oposición a postos laborais e/ou funcionarios/as para tomar en conta as situacións de traballadores/as que por motivos de baixa maternal/paternal, parto, embarazo de risco, lactación, etc. non poida acudir as datas das probas para adaptar as mesmas a súa situación (en proceso).

32.4. No acceso a postos de responsabilidade. Alumnado						
	Home		Muller		Total	
Peor	43	35%	77	55%	120	45%
Igual	71	57%	56	40%	127	48%
Mellor	10	8%	7	5%	17	6%
<b>Total</b>	<b>124</b>	<b>100%</b>	<b>140</b>	<b>100%</b>	<b>264</b>	<b>100%</b>

( $\chi^2 = 0,004$ )



32.5. No acceso a postos governamentais. Alumnado						
	Home		Muller		Total	
Peor	51	41%	81	58%	132	50%
Igual	67	54%	54	39%	121	46%
Mellor	7	6%	5	4%	12	5%
Total	125	100%	140	100%	265	100%

( $\chi^2 = 0,021$ )

32.7. No acceso a unha cátedra. Alumnado						
	Home		Muller		Total	
Peor	23	19%	50	36%	73	28%
Igual	93	76%	83	60%	176	67%
Mellor	7	6%	6	4%	13	5%
Total	123	100%	139	100%	262	100%

( $\chi^2 = 0,008$ )

32.10. En posibilidades de conciliar traballo e vida familiar. Alumnado						
	Home		Muller		Total	
Peor	52	42%	84	60%	136	51%
Igual	63	50%	46	33%	109	41%
Mellor	10	8%	10	7%	20	8%
Total	125	100%	140	100%	265	100%

( $\chi^2 = 0,009$ )

32.13. Para solicitar unha licenza para coidados. Alumnado						
	Home		Muller		Total	
Peor	13	11%	32	24%	45	17%
Igual	78	63%	72	53%	150	58%
Mellor	32	26%	32	24%	64	25%
Total	123	100%	136	100%	259	100%

( $\chi^2 = 0,024$ )

Máis do 60% das persoas tituladas nas universidades españolas son mulleres e ademais gradúanse con mellores expedientes. Pero esta proporción descende segundo se ascende nas carreiras científicas. Así, esta tendencia común aos países da UE mantense a pesar de que nos últimos anos as mulleres obtiveron máis do 45% dos doutoramentos.

A Comisión de Mulleres e Ciencia do CSIC, creada o 30 de setembro de 2002 pola Xunta de Goberno do organismo, publicou o informe «*Mujeres Investigadoras 2019*» con datos que se corresponden ca situación do persoal científico do CSIC a 31 de decembro de 2018 e permiten facer unha análise da evolución da situación das científicas do CSIC. Esta proporción de mulleres na categoría de profesorado de investigación aínda que ten aumentado é dun 26,1%. Tamén ten aumentado a presenza de mulleres no persoal directivo pero segue sendo unha proporción de directoras de instituto dun 16,7%. Finalmente, e respecto do CSIC, cabe dicir que os datos sobre o persoal en formación indican diminución da proporción de mulleres nos últimos anos, si en 2018 eran un 52,3%, agora son un 51,8%.

Os datos indican que no centro de referencia investigadora do país, que dende hai anos desenvolve accións positivas, conta cun Plan de Igualdade desde 2011 e cun Distintivo de acreditación en igualdade de xénero, a situación das mulleres segue evidenciando teitos de cristal.

So un 8% das persoas reitoras nas universidades públicas do noso país son mulleres. Un dato que evidencia un gran desequilibrio e unha fenda de xénero no postos de máximo nivel e recoñecemento académico.

Esta porcentaxe incrementábase no conxunto de universidades públicas e privadas que pasa a un 15% actual fronte a un 10% en 2015.

O informe «*Científicas en Cifras 2017*» elaborado pola Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades recolle datos moi significativos como a infrarrepresentación das mulleres na categoría de maior rango, o que indica una segregación vertical de xénero. As universidades públicas españolas só contan cun 21% de mulleres entre o seu profesorado catedrático de universidade. Aínda que as investigadoras continúan infrarrepresentadas na case totalidade dos órganos unipersoais de goberno analizados, os datos sinalan que dende 2016 acadouse o equilibrio de xénero no nivel de vicerreitorías, cun 41% no total das universidades públicas.

Por elo, as unidades de igualdade son unha resposta necesaria a unha situación diagnosticada e amplamente denunciada pero tamén son a resposta ás resistencias que algunhas universidades aínda presentan.



- **33. ¿Cal é posto de traballo con maior responsabilidade que esperas acadar nun futuro?**

Esta pregunta aberta a toda a comunidade universitaria formulouse para analizar a percepción das dificultades ás que fan fronte as mulleres no acceso a postos de responsabilidade.


Indican cal é o seu maior obxectivo laboral ou que responsabilidades esperan acadar.

A preferencia das persoas participantes é a de exercer a súa profesión con estabilidade pero sen responsabilidades, o que sinala poucas expectativas e ambicións no 16% da comunidade universitaria entrevistada, que prioriza a estabilidade fronte ás responsabilidades ou o emprendemento.

No **alumnado**, parece claro que o actual mercado laboral, con salarios por debaixo do nivel de estudos e traballos precarios, provoca que planifiquen o futuro en base á estabilidade, aínda que sexa a costa de renuncias profesionais.

Un 14% aspira a dirixir e un 10% desexa ser xefe ou xefa.

So un 6% desexa emprender o seu propio negocio ou empresa.



Un 22% do **profesorado** desexa acceder a unha cátedra e un 6% espera ter responsabilidades no decanato ou no reitorado.

Entre o **PAS**, un 9% desexa manifesta o desexo de acceder a postos de responsabilidade como xefes ou xefas e un 7% quere acceder a postos de dirección técnica.

O 19% do profesorado e o 7% de PAS cren que xa acadaron o máximo nivel da súa carreira.

Hai diferenzas significativas entre homes e mulleres. O 21% das alumnas confórmase con exercer a súa profesión fronte a un 14% dos homes.

Hai 8 puntos de diferenza entre o 15% de homes que esperan ser xefes e o 7% de mulleres que aspiran á mesma responsabilidade.

Un 10% das alumnas decláranse emprendedoras e un 3% ve o seu futuro no emprego público. A carreira xudicial só é mencionada polas mulleres, igual que o acceso a postos na xerarquía universitaria. Isto pode ter que ver ca



percepción de que no acceso a estas profesións, ligadas a probas obxectivas e mediante oposicións públicas, hai maior igualdade de oportunidades entre mulleres e homes que no acceso a postos de carácter directivo ou empresarial.

Un 3% de alumnos ten aspiracións políticas fronte ao 1% de alumnas mulleres.

33. Alumnado. ¿Cal é o posto de traballo con maior responsabilidade que esperas acadar nun futuro?						
	Home		Muller		Total	
Non sabe/non contesta	39	28%	44	29%	83	28%
Dirección	25	18%	28	18%	53	18%
Exercer a súa profesión con estabilidade pero sen responsabilidades	20	14%	32	21%	52	18%
Xefe/a	21	15%	11	7%	32	11%
Emprender	9	7%	15	10%	24	8%
Responsable/Supervisión	5	4%	2	1%	7	2%
CEO	5	4%	1	1%	6	2%
Funcionario/a- A1		0%	5	3%	5	2%
Responsabilidades políticas	4	3%	1	1%	5	2%
Técnico/a Especialista ou Director/a técnico/a	1	1%	2	1%	3	1%
Encargado	3	2%		0%	3	1%
Xerencia	1	1%	2	1%	3	1%
Fiscal		0%	2	1%	2	1%
Cátedra	1	1%	1	1%	2	1%
Carrera diplomática	1	1%	1	1%	2	1%
Adestrador/a	1	1%		0%	1	0%
Como está	1	1%		0%	1	0%
Decanato		0%	1	1%	1	0%
Presidente/a do Tribunal Supremo		0%	1	1%	1	0%
Editor/a		0%	1	1%	1	0%
Enseñeiro/a da NASA	1	1%		0%	1	0%
Notaria/o		0%	1	1%	1	0%
Executiva/o		0%	1	1%	1	0%
Produtora/a		0%	1	1%	1	0%
Rector/a		0%	1	1%	1	0%
<b>Total</b>	<b>138</b>	<b>47%</b>	<b>154</b>	<b>53%</b>	<b>292</b>	<b>100%</b>

En canto ao profesorado hai que indicar que máis profesoras que profesores esperan acceder a unha cátedra na universidade mentres que os profesores homes optan por respostas máis conservadoras e declaran querer quedar como están.

Un 38,8% dos homes non responderon a esta pregunta.

Profesorado. Posto de máxima responsabilidade desexados	Home	Muller	Total
Cátedra	2	6	8
Decanato	1	0	1
Dirección	0	1	1
Reitorado	0	1	1
Responsable/Supervisión	0	1	1
Non sabe/Non contesta	7	5	12
Exercer a súa profesión con estabilidade pero sen responsabilidades	3	2	5
Como está	5	2	7
<b>Total xeral</b>	<b>18</b>	<b>18</b>	<b>36</b>

Respecto do PAS, o 70% de mulleres indican non saber a que aspira fronte ao 63% dos homes. Rexeitan as responsabilidades o 17% das mulleres.

Un 16% dos homes manifesta querer ser técnico ou especialista.

O 9% das mulleres esperan chegar a xefa e un 4% ten aspiracións políticas.

• **36. Profesorado. Cales son os estudos oficiais máis altos que fixeches**

Os resultados entre profesores e profesoras participantes son practicamente idénticos:

- 2 contan cunha licenciatura (1-1)
- 1 profesor é enxeñeiro.
- 2 profesores e 3 profesoras teñen un mestrado.
- 28 son doutores/as (14-14).



## CONCLUSIÓN

O contexto da Universidade de Vigo reflicte, do mesmo xeito que a sociedade, a falta de igualdade real entre mulleres e homes.

Neste traballo preséntanse os resultados dunha investigación da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo logo de analizar os datos de 375 entrevistas realizadas entre o 7 e o 10 de outubro de 2019 nos 3 campus.

Desta análise despréndese que as mulleres da comunidade universitaria aínda conviven en contextos masculinizados nos que se albiscan importantes diferenzas de oportunidades por razón de xénero.

O estudo forma parte dun extenso cuestionario presencial no que se aplicaron máis de 100 variables con 11 preguntas abertas, 5 pechadas, 5 dicotómicas, 3 cualitativas e unha batería con 14 catorce preguntas de escala. Das 375 persoas participantes, o 78,6% corresponde a alumnado, o 9,6% a docentes e un 11,7% a PAS.

Realizouse unha revisión da literatura sociolóxica de xénero de xeito que algunhas das preguntas formuladas xa se probaron e subministraron noutros proxectos de investigación, polo que se poden contrastar as diferenzas e similitudes da poboación universitaria da Universidade de Vigo coa poboación xeral entrevistada na *Macroenquisa de Violencia contra a muller*. 2014. Centro de Investigacións Sociolóxicas, CIS; no estudo *¿Universidad sin clases? Condiciones de Vida de los Estudiantes Universitarios*. 2011. Antonio Ariño e Ramón Llopis (dirs.) e na enquisa *Encuesta de usos del tiempo*, 2011. Instituto Nacional de Estadística.

Entre os 3 campus participaron 11 escolas ou facultades. No campus de Vigo, participaron as de Enxeñería Industrial, Enxeñería de Telecomunicacións, CC Xurídicas e do Traballo, CC Económicas e Empresariais e a Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía. \*(1 entrevista). No campus de Ourense participaron alumnos, profesorado e PAS da Facultade de Ciencias, de CC da Educación, da Facultade de Dereito e da Facultade de CC Empresariais e Turismo. Finalmente





no campus de Pontevedra, as entrevistas realizáronse na Facultade de Belas Artes e na Facultade de CC da Comunicación.

O campus de Vigo resultou sobrerrepresentado debido a que as entrevistas realizadas superaron as porcentaxes previstas inicialmente.

Do total de persoas entrevistadas, as mulleres supoñen o 53% e os homes o 47%. Respecto aos datos do sexo das persoas entrevistadas, as porcentaxes totais dos 3 grupos participantes son practicamente idénticas.

As alumnas representan o 52,6% e os alumnos o 47,4%. Sobre o profesorado entrevistado hai que indicar que participou o mesmo número de homes que de mulleres docentes mentres que no caso de PAS, os homes representan o 45,2% e as mulleres un 54,8%.

En relación coas xeracións ás que pertence a comunidade universitaria participante, destacar que o 74% naceu entre 1994 e 2001 polo que pertence maiormente á xeración Z, (coñecida tamén como “Centenial” ou “PostMillenial”). Parece obvio que este dato está directamente relacionado co forte peso do alumnado no estudo.

O groso do alumnado naceu a finais da década dos 90 e atópase na franxa de 18 a 25 anos, constituíndo o motor real da comunidade universitaria, sen detectarse diferenzas significativas por sexo.

O profesorado e o PAS nutren a chamada xeración X (nados entre 1969-1980) pero tamén hai unha notable presenza da que se coñece como *Baby Boom* (1949-1968), especialmente entre o profesorado.

Por campus e facultades, a maioría de PAS entrevistado traballa no campus de Vigo, estando o campus de Ourense claramente subrepresentado malia que o profesorado ourensán representa ao 15% das entrevistas (a maior proporción dos tres campus).

O groso do alumnado estuda no campus de Vigo e por sexos, o 69% dos alumnos da Universidade de Vigo está no campus de Vigo fronte ao 45% de alumnas, con presenza máis repartida entre os 3 campus.



Estas diferenzas significativas por sexo de alumnado e campus obsérvanse en que, mentres os alumnos representan o 58% do alumnado do campus de Vigo, as alumnas representan o 64% do campus de Ourense e o 70% do campus de Pontevedra.

Nos últimos anos vense prestando unha maior atención á fenda de xénero nas coñecidas como carreiras STEM, (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas) e a Universidade de Vigo non é unha excepción, pero as cifras sinalan que nas carreiras técnicas tan só se atopa un 18% das alumnas universitarias que, ademais, están sobrerrepresentadas no resto de áreas do coñecemento neste estudo ao tempo que os alumnos representan un 20% máis nas STEM desta universidade

A maior taxa feminina atópase na Facultade de Belas Artes, na que un 90% das persoas entrevistadas son mulleres, e en CC da Educación onde chegan ao 73%.

Como ocorre no conxunto da universidade española, as alumnas non se reparten equilibradamente por estudos. Deste xeito, hai carreiras moi feminizadas e outras, como acabamos de ver, que seguen fortemente masculinizadas.

É certo que moitos estereotipos e fendas de xénero nos estudos de mulleres e homes nas universidades foron desaparecendo nas aulas despois de anos de traballo, pero iso non significa que xa non existan. Existen e brotan cada vez que se analizan datos e estatísticas como as expostas neste traballo.

Sobre a permanencia e o tempo de estadía na Universidade de Vigo de novo cómpre lembrar o peso do alumnado para explicar os datos que indican estadías curtas. De feito, só un 35% supera os 5 anos de estadía, porcentaxe que se explica, ademais de polo peso do alumnado, pola mobilidade e sobre todo, pola natureza nova desta universidade, con titulacións e facultades novas e cun profesorado tamén máis mozo que a media do profesorado doutras universidades españolas.

A media reflexada neste estudo sobre os anos de estadía na Universidade de Vigo relativa aos 3 grupos (alumnado, profesorado e PAS) é de 5,7 anos: a do

alumnado é de 3,2 anos, a de PAS é de 13,2 anos e, por último, a do profesorado de 18 anos. Destes, o 70% leva máis de 10 anos na Universidade de Vigo. Ademais, o 80% de PAS declara estabilidade laboral, con máis de 5 anos traballando na universidade.

A idade media do profesorado universitario en España é de 49,2, a terceira máis alta da UE. Así mesmo, o anuario de 2018 do Ministerio de Educación e os datos estatísticos do SUG 2015/16 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, 1 de cada 7 docentes das universidades galegas está en idade de xubilación (entre 60 e 66 anos). A Universidade de Vigo conta ca porcentaxe máis baixa das 3 universidades galegas, co 3,1% do profesorado nesta franxa de idade.

Cando se lle pregunta ó alumnado polo tempo que adía á súa formación universitaria, apenas se observan diferenzas por sexo. Preto dun 23% do total do alumnado supera os 5 cursos/anos na Universidade de Vigo. Nesta cuestión é preciso indicar que foi o alumnado de primeiro e segundo curso o máis accesible a responder e participar activamente nas entrevistas, o que provoca un maior peso do alumnado máis novo dentro do gran peso do conxunto de alumnado.

O 85% da poboación universitaria entrevistada está solteira. Desta, o 45% tampouco ten parella e só un 20% convive en parella. De tódolos xeitos, ademais do peso do alumnado no estudo, é importante referenciar os datos do IGE e do INE que sinalan a diminución notable de matrimonios. En 40 anos, os matrimonios reducíronse en Galicia nun 55,3%.

Hai importantes diferenzas entre a comunidade universitaria, cunha relación directa coas idades dos e das participantes xa que o 98% do alumnado está solteiro e o 52% non ten parella. Só un 11% está casado e o 10% ten parella coa que vive.

O 50% do profesorado entrevistado está casado e o 45% convive en parella. Os datos amosan algunha diferenza por sexo xa que o 72% dos profesores están casados, mentres que nesta situación só están o 28% das mulleres, que son máis novas.



No caso de PAS, o 52,3% están casados/as e o 80% dos que non o están, conviven en parella.

Outro dato salientable é que máis da metade do alumnado vive coa súa familia, sendo maioritariamente alumnos fronte a alumnas os que se atopan nesta situación (55%-45% mulleres), dato que pode indicar unha emancipación lixeiramente máis precoz das alumnas respecto dos alumnos, ao igual que ocorre en Europa e en España.

Do 49% do alumnado que vive fóra do fogar familiar, a maioría, un 61%, son mulleres.

Aínda que non son datos suficientes para analizar a emancipación do alumnado debido a que moitos e moitas aínda que non viven no fogar familiar, están en residencias ou pisos e dependen economicamente da familia, si que están en sintonía con aqueles que apuntan á tardía idade de emancipación en España. Eurostat (Oficina Europea de Estatística) sinala que a idade media de emancipación da mocidade europea é de 26 anos, 25 anos nas mulleres e 27 anos nos homes. Porén, en España, a idade media de emancipación é unha das máis baixas, con 29,5 anos. E, ao igual que sucede nos países da nosa contorna, as mulleres independízanse 2 anos antes cós homes. (28,6 fronte a 30,5).

O 70% das persoas entrevistadas residen na provincia de Pontevedra. Na cidade de Vigo vive tanto alumnado como en toda a provincia de Pontevedra, sendo a primeira cidade na que viven as persoas entrevistadas, presentándose a maior diferenza entre os e as PAS.

Entre o alumnado, as mulleres son máis urbanas cós homes en xeral. Na cidade de Ourense o número de mulleres practicamente duplica o de homes, e, no caso de Pontevedra, triplicao.

Respecto do profesorado, obsérvase entre os e as entrevistadas que o número de homes profesores que vive na cidade de Ourense supera o número de mulleres nun 5%, diferenza que se repite no caso da cidade de Pontevedra.



O 96% do alumnado provén de familias galegas e a provincia de Pontevedra é o lugar de orixe de case a metade do alumnado participante.

Destaca que apenas hai alumnado con orixe noutras comunidades autónomas.

Respecto dos ingresos familiares do alumnado, convén indicar que seguen unha distribución normal e o 15% das persoas que máis contribúen á economía familiar do alumnado conta cunha carreira técnica, mestrado ou doutoramento.

O 30% dos pais e/ou nais non foron á universidade e un 55% si o fixeron ou estudaron FP superiores. Nesta cuestión, e no que respecta ás diferenzas entre alumnos e alumnas, mentres un 66% dos alumnos son fillos/as de nais/pais con estudos superiores, a porcentaxe sube ao 74% entre as alumnas.

Por tanto, é superior a porcentaxe de alumnas con pais/nais universitarios.

Os ingresos persoais do profesorado entrevistado atópanse nunha franxa moi ampla comprendida entre os 600€ e os 6.000€, maioritariamente entre os 2.401€ e os 3.000€. O PAS non supera os 2.400€ e o salario máis común neste colectivo sitúase entre os 1.201€ e os 1.800€ (63%).

É un dato relevante que o 32% do alumnado conta con algún ingreso propio e que nun 93% dos casos, estes ingresos non acadan o salario mínimo.

No profesorado hai diferenzas salariais por sexo e as mulleres obteñen ingresos máis baixos. Non hai homes profesores entrevistados na escala de ingresos mínimos, do mesmo xeito que non hai mulleres profesoras entrevistadas na escala de ingresos máximos do conxunto do profesorado.

No PAS non se detectan diferenzas salariais por sexo, polo menos entre as e os entrevistados.

Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística na enquisa de Estrutura Salarial de 2017, a fenda salarial entre homes e mulleres situábase nun 21,9%. Estes datos demostran, segundo o informe da vicesecretaría xeral, departamento da muller traballadora de UGT *“Es urgente legislar sobre la discriminación salarial hacia las mujeres”* presentado en febreiro de 2020, que por cuarto ano consecutivo descende a fenda salarial e equipárase aos datos de 2008. Así, o informe sinala que en 2017 as ganancias medias das mulleres



asalariadas non chegaron a 21.000€ brutos anuais o as ganancias medias dos homes asalariados superaron os 26.000€ euros anuais.

Na universidade española, o estudo “*A fenda salarial de xénero nas institucións científicas. Estudo do caso*” de Capitolina Díaz, Marcela Jabbaz e de Teresa Samper-Gras, identifica factores internos e externos que son constitutivos da fenda salarial de xénero nunha institución científica como a Universidade de Valencia, analizados a partir dos datos do rexistro de nóminas de 2015. Conclúen que a fenda salarial de xénero maniféstase en todas as categorías do profesorado investigador, máis forte cando se teñen fillos ou fillas, que é o resultado da estrutura de funcionamento das universidades e da estrutura social xeral, nunca resultado da diferenza de méritos entre profesores e profesoras.

Sobre a contribución das diferentes fontes de ingresos e financiamento para custear os estudos do alumnado, aparece outra das principais conclusións do estudo que é que os ingresos dos pais, das nais ou de ambos son o principal garante da educación universitaria do alumnado e de media contribúen nun 75% a que os seus fillos e fillas acudan á universidade.

As bolsas contribúen nun 47%, e a familia extensa (normalmente avós e avoas) cubre un 46% dos gastos da factura universitaria.

A alumnado que traballa durante o curso representa o 28%, que consegue así ingresos estables que lles permiten facer fronte ao 35% da factura universitaria.

Os traballos de fin de semana son insuficientes para cubrir as necesidades económicas do alumnado e de media supoñen só o 20% da factura.

Traballar durante o verán ten máis peso no financiamento dos estudos que traballar nas fins de semana, pero non tanto coma os ingresos que proporciona un emprego estable. O alumnado entrevistado que busca traballos estivais para pagar os seus estudos, só chega a financiar o 29% do total dos gastos universitarios.

Como se indicou, só o 41% dos alumnos viven fóra do fogar familiar, fronte ao 56% das alumnas. Este dato, sumado ao de que o 67,8% do alumnado non

conta con ingresos, indica que a inmensa maioría do alumnado precisa de apoio familiar para poder estudar, aínda que un 21%, complementa estes recursos con traballos (ás veces esporádicos, ás veces estacionais e mesmo en todo o curso, nun 8%) e un 22% conte cunha bolsa.

O informe da CRUE(Conferencia de Reitores de Universidades Españolas) titulado “*La Universidad Española en Cifras, 2017-2018*” sostén que o actual método de bolsas excluíu ao alumnado e que os requisitos académicos están actuando como un factor excluínte para miles de alumnos e alumnas que se ven obrigados a que as súas familias realicen un esforzo económico suplementario o que, nalgúns casos, os obriga a abandonar os estudos.

A situación socioeconómica dunha familia inflúe directamente nos resultados académicos do alumnado, sendo sempre favorable para os que viven en fogares con máis ingresos. O derradeiro informe PISA apunta que os resultados educativos están influenciados por circunstancias como a situación socioeconómica das familias e se os pais ou nais traballan ou están desempregados. Sinala ademais que en igualdade de condicións os resultados académicos serían iguais.

Sobre os estudos máis altos que fixeron profesorado e PAS hai que indicar que no profesorado hai maioritariamente doutores e doutoras, mentres que o PAS nútrese fundamentalmente de persoas con diplomaturas, nun 29% dos casos, e con licenciaturas, nun 35%.

## **A IGUALDADE NA UNIVERSIDADE DE VIGO: PERCEPCIÓNS, VALORACIÓNS E IMPACTOS**

O esforzo que a Universidade de Vigo realiza en materia de igualdade recibe de nota media un 6 entre o conxunto da comunidade universitaria. Polo tanto, é un traballo percibido e razoablemente valorado.

Quen máis valora este esforzo é o profesorado, con máis dun punto sobre a media, un 7,1 o que pode ter que ver co feito de que son docentes os que deseñan e executan maioritariamente as políticas de igualdade da universidade



e séntense máis participes das medidas do equipo reitoral, da Unidade de Igualdade, dos departamentos, das facultades e das xornadas e seminarios.

O alumnado é o grupo máis crítico cun 5,8 pero aproba igualmente o esforzo e non hai diferenzas significativas por sexo, e o PAS a valora cun 6,2.

Cando se lles pregunta ós grupos por algunha política de igualdade da universidade, un 20% manifesta coñecer algunha concreta pero só o 16% cita ou define algunha concreta e un 14,7% puntúaas.

A pesar de que o grao de coñecemento das políticas de igualdade na Universidade de Vigo é baixo as valoracións son altas. A porcentaxe do alumnado que afirma coñecer estas políticas é moi baixo . Hai diferenzas salientables por sexo xa que son maioritariamente alumnos homes os que afirman coñecer políticas de igualdade, un 67% fronte a un 33% de alumnas.

Sobre o profesorado hai que indicar que máis da metade, un 55,9%, coñece unha política ou acción de igualdade concreta desenvolvida pola Universidade de Vigo.

Entre o conxunto da comunidade universitaria, os seminarios sobre igualdade son as políticas ou accións máis coñecidas e teñen unha valoración dun 7,6.

O Plan de Igualdade da universidade é coñecido polo 2% do total e polo 12% de persoas que si coñecen algunha políticas de igualdade.

A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo só é coñecida polo 1% do total e polo 6,8% das persoas que din coñecer políticas de igualdade, ao igual que o Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.

A pesar de ser moi baixo o coñecemento da Unidade de Igualdade, cómpre destacar a máxima valoración que recibe, cun 10 de media.

Destaca o baixo coñecemento que teñen as medidas contra a explotación sexual e contra a violencia de xénero (só as coñece 1 persoa) e o uso da linguaxe non sexista ( que recibe un 6,5 de valoración)..



Os Puntos Lilas son as políticas máis coñecidas no alumnado, pero cunha porcentaxe moi baixa, un 2%.

Que sexa a política máis coñecida pode ter que ver con varias razóns. Unha delas é que esta é unha medida dirixida ao alumnado, visible e normalmente instalada en espazos lúdicos da universidade. Ademais, inflúe o feito de que a información ofrecida está dirixida ao alumnado e, o que é máis relevante, é o propio alumnado o que informa e xestiona os Puntos Lilas.

Só foron alumnos homes os que dixeron coñecer estes Puntos Lilas.

O Plan de Igualdade e a Unidade de Igualdade son descoñecidos polo alumnado. Só un escaso 0,7% do total do alumnado coñece o Plan de Igualdade da Universidade de Vigo e un 0,33% coñece a Unidade de Igualdade. A valoración que recibe o Plan é dun 7 e a Unidade é valorada cun 10.

O alumnado valora e coñece máis as accións de divulgación e sensibilización (cartalería, campañas, seminarios etc.) que as medidas de carácter estrutural como a composición de tribunais paritarios, a linguaxe non sexista ou o financiamento para a ciencia, que non foron citadas por ningún alumno ou alumna.

É moi baixo o coñecemento tanto dos homes como das mulleres sobre as medidas contra as formas de violencia de xénero postas en marcha na universidade,

A valoración que o profesorado fai das políticas de igualdade é razoablemente positiva e ningunha está valorada por debaixo de 5 pero só o 6% sinala algunha concreta. O profesorado outorga unha modesta valoración ao Plan de Igualdade e á financiación para a ciencia con perspectiva de xénero a pesar de que ambas están deseñadas para provocar impacto no seu colectivo.

A política máis coñecida polo PAS é o Plan de Igualdade da universidade, que recibe unha valoración de 8,3.

Así, tendo en conta os datos de toda a comunidade universitaria (profesorado, alumnado e PAS) sobre as políticas estruturais e permanentes de igualdade na universidade e observando o baixo coñecemento (que non valoración), hai que



facen un apuntamento sobre as Unidades de Igualdade, como organismos estruturais e imprescindibles. A súa creación iniciouse en 2004, ca posta en marcha das primeiras unidades destinadas a materializar o principio de igualdade entre mulleres e homes. A partir da aprobación da Lei orgánica 4/2007, do 13 de abril, de modificación da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, establécese a obrigatoriedade de crear unidades ou estruturas para garantir o principio de igualdade nas universidades españolas.

Desde entón, o número de unidades foise incrementando e hoxe son unha unha excepción as universidades que no contan con estes organismos. As Unidades foron o xerme da institucionalización das políticas universitarias de igualdade e unha ferramenta para seguir avanzando dende todos os ámbitos, tanto académicos e de investigación como para a organización interna e a transversalidade.

As unidades son os centros de realización e difusión de seminarios, premios e campañas de sensibilización en torno á igualdade e teñen sido as encargadas da formación e, nalgúns casos, da formalización da paridade nos espazos de toma de decisións universitarios, de avaliación do coñecemento e nos órganos de goberno.

A día de hoxe, os datos seguen demostrando que as universidades precisan de máis actuacións, especialmente nos graos de carácter científico e técnico.

Despois de anos de políticas públicas de igualdade e a pesar dos seus bos resultados académicos, as mulleres atopan atrancos para ocupar cátedras e reitorados nas universidades españolas, cunhas porcentaxes que non se corresponden nin ca súa presenza nin cos seus resultados.

A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo foi creada en 2006, por tanto antes de que se recollera na lexislación á que se fixo referencia. É a encargada de promover políticas para favorecer a igualdade de xénero na institución e hoxe é o principal referente de igualdade académico. Sen dúbida, esta unidade e todas as demais seguirán sendo eficaces se contan con orzamento axeitado, manteñen criterio propio e poden seguir despregando medidas e deseñando



ferramentas para remover determinadas estruturas e costumes intrínsecas do sistema.

Un dos datos máis positivos do estudo ten que ver coa formación en igualdade. A pesar dalgúns indicadores anteriores que poderían sinalar escaso interese polas políticas de igualdade na universidade, os datos referidos á formación son moi alentadores, tanto no alumnado como no profesorado e PAS.

O 73% do alumnado manifesta estar completamente a favor de mellorar os seus coñecementos en materia de igualdade e que estes teñan acreditación ECTS.

É unha porcentaxe significativa e moi potente que indica predisposición do alumnado a recibir formación curricular sobre igualdade e desmonta mitos sobre a utilidade da formación universitaria en materia de xénero.

Outro dato relevante é que do total do alumnado que desexa recibir horas ECTS de igualdade, o 64% son mulleres e un 36% son homes. Observando o peso de cada sexo entre o alumnado que indica desexo de recibir formación de igualdade, hai un 57% de alumnos fronte a un 87% de alumnas.

O 67% do profesorado e o 67,5% do PAS quere recibir horas de formación profesional en igualdade, non existindo diferenzas entre sexos.

Das 375 persoas que participaron no estudio, 341 definiron o que entendían por violencia de xénero, un 91%.

As definicións do alumnado, profesorado e PAS amosan un descoñecemento manifesto da violencia de xénero entendida tal e como se define na Lei orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero ou no Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia sobre a muller e violencia doméstica, coñecido como Convenio de Istambul, do 11 de maio de 2011,

Na Facultade de Enxeñeira Industrial e na de Telecomunicacións, un 73,5% das persoas participantes sinalan que esta violencia se exerce indistintamente tanto de homes a mulleres como de mulleres a homes. É dicir, non vinculan nas



súas definicións a violencia de xénero como a que se exerce contra as mulleres polo feito de selo.

Outras definicións fan fincapé nos diferentes tipos de violencia como maltrato físico, psicolóxico, social e, nalgún caso, sinalan a violencia económica aínda que a maioría, a asocia a unha violencia que se exerce de mulleres a homes. Outras definicións denotan confusión entre identidade sexual, identidade de xénero e igualdade de xénero:

Nestas facultades, si que se detectan diferenzas por sexo. Por exemplo, son homes o 65% das persoas que responderon que a violencia de xénero se perpetra indistintamente de homes e mulleres e de mulleres a homes.

Na Facultade de CC Xurídicas e Empresariais, Facultade de Dereito e Facultade de Económicas conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Educación, achegáronse as definicións de violencia de xénero máis axustadas ás leis, ao Convenio de Istambul e ás NN.UU.

Aínda así, un 36,5% das persoas participantes destas facultades inclúe nas definicións elementos negacionistas da violencia de xénero ou sinala que esta é unha violencia que se se perpetra indistintamente de homes e mulleres e de mulleres a homes. O 70% das definicións estas características fixéronas homes.

Respecto ás definicións que sinalan que a violencia de xénero se exerce por parte dos homes ás mulleres polo feito de selo, o 74% son mulleres, tanto alumnas como profesoras ou PAS.

Na Facultade de Ciencias o 42% inclúe nas definicións a violencia de xénero como unha violencia que se exerce indistintamente dun xénero a outro e un 57% identifícaa correctamente como unha violencia que se exerce polos homes contra as mulleres polo feito de ser mulleres.

Na Facultade de Belas Artes o 58% definiu a violencia de xénero como aquela que se exerce contra as mulleres por parte dos homes e un 31% mestura na súa definición os conceptos de xénero, sexo e identidade sexual e de xénero.



Algunhas definicións consideran violencia de xénero aquela que se exerce por razón de identidade sexual.

Na Facultade de CC da Comunicación o 50% das definicións considera que esta violencia se exerce indistintamente dun xénero a outro e tamén un 50% sinala que a violencia de xénero se exerce por homes a mulleres polo feito de ser mulleres. O 84% das persoas que definiron perfectamente a violencia de xénero de acordo ás definicións de referencia, son mulleres.

No que atinxe á Facultade de CC da Educación, un 74% define a violencia de xénero como unha violencia que se exerce contra as mulleres polo feito de selo e ademais, nesta Facultade, xunto coas de CC Xurídicas e Empresariais e CC Económicas, achéganse as definicións máis acaídas de acordo coa Lei, o Convenio de Istambul e as NN.UU. sendo maioritariamente mulleres as que fan estas definicións correctas.

Unha das principais conclusións é que na comunidade universitaria predomina a confusión sobre a violencia de xénero. Son altas as porcentaxes de definicións que sinalan que a violencia non ten xénero, asumindo indirectamente o negacionismo dalgúns discursos políticos e sociais.

Ante un ataque racista ou homófobo non resulta admisible defender que esta violencia non ten raza ou non ten orientación sexual do mesmo xeito que ante unha agresión machista non se pode defender que a violencia non ten xénero.

Tamén se pregunta a toda a comunidade universitaria (alumnado, profesorado e PAS).por unha serie de afirmacións falsas e erroneamente relacionadas coa violencia de xénero. Hai nas respostas un rexeitamento contundente a estas afirmacións. Aínda así, cómpre facer algunha puntualización. A afirmación ca valoración máis alta é a de que «as vítimas de violencia de xénero son economicamente dependentes» e a afirmación sobre o baixo nivel formativo das vítimas de violencia de xénero, recibe a valoración máis baixa. Así, a tese de que as mulleres «vítimas de violencia de xénero son economicamente dependentes» susténtase máis polos homes que polas mulleres cun 2,1.



As medidas para combater a violencia de xénero da Universidade de Vigo non chegan ao aprobado das persoas participantes cunha valoración media dun 4,9.

O profesorado é o grupo que máis valora as medidas contra a violencia de xénero xunto cos PAS. Pola contra, o alumnado suspende estas medidas cun 4,7 e con diferenzas por sexo. Así, os alumnos cren que as medidas son suficientes mentres que as alumnas consideran que non.

O 84% da comunidade universitaria participou na definición da violencia sexual e cómpre sinalar que a inmensa maioría destas vencellan a violencia sexual coa falla de consentimento.

Un 31% incorpora nas definicións as expresións “non consentimento” ou “non consentida” e no 55% se circunscribe a violencia sexual a unha relación sexual. Un 6% asocia directamente a violencia sexual cunha violación.

Preguntouse á comunidade universitaria por unhas declaracións e afirmacións erróneas e pedíuselle que sinalara o grao de acordo e desacordo con elas. Neste caso, o maior acordo expresado está en considerar como reincidentes ós agresores, cun 6,9.

Aínda que no cuestionario non se formula directamente a pregunta sobre a regulación da prostitución, destaca o rexeitamento contundente da comunidade universitaria á afirmación que pedía valorar si a súa regulación podería ter efectos na diminución de agresións sexuais. O pasado ano, o Barómetro sobre Feminismo realizado por 40dB para CTXT, achegaba o dato de que o 60,4% de persoas maiores de 18 anos en España era partidaria de regular a prostitución e un 94,6% consideraba que as administracións públicas deben conceder ás mulleres prostituídas dereitos, seguridade social e a posibilidade de pagar impostos.

Hai outro dato moi positivo neste estudo que evidencia o rexeitamento da comunidade universitaria fronte ás agresións sexuais. Na afirmación na que se pide que valoren a necesidade da vítima de manifestar resistencia ante unha violación, o nivel de desacordo amosado foi total.

Ademais destas valoracións, preguntouse se algunha foran vítimas de determinadas situacións de abusos e agresións sexuais e se as sufriran ao longo do último ano. Os datos non deixan lugar a dúbidas.

Practicamente a metade da poboación universitaria foi vítima de tocamientos no cu e un 60% sufriu acoso verbal nas rúas. De feito, o acoso verbal nas rúas e os comentarios sobre o físico son denunciados polo 90% das mulleres.

Un 23% das persoas enquisadas recibiu fotos dos xenitais de alguén coñecido que as enviou sen consentimento e a porcentaxe de alumnas que recibiu estas fotos supera á dos alumnos.

O 7% de toda a poboación universitaria participante foi obrigada a manter relacións sexuais sen condón (todas mulleres, matizando nalgún caso que o condón fora retirado durante a relación, sen consentimento) e un 3% sinala que foron obrigadas a practicar sexo oral.

O 90% das persoas enquisadas participaron na definición de feminismo. Tomouse como referencia o Dicionario da RAE e unha definición académica da catedrática de filosofía Celia Amorós.

En liñas xerais, as definicións achegadas se axustan aos conceptos teóricos, políticos e culturais que se empregan para definir o feminismo.

A gran maioría das definicións de feminismo incorpora a palabra “igualdade” e case a metade emprega o termo “mulleres” nas súas definicións.

Por outra banda, máis dunha terceira parte das persoas define o feminismo como un “movemento” fronte a pouco máis dun 2,4% que o define como “pensamento” ou como “ideoloxía”.

Non obstante, e pese a unha valoración xeral moi positiva, hai definicións que rexeitan o feminismo e outras que manifestan un profundo descoñecemento. A maioría achegounas o alumnado e profesorado da Facultade de Enxeñaría de Telecomunicacións e da Facultade de Enxeñaría Industrial.

O 60% da comunidade universitaria asistiu a convocatorias masivas como as que se celebran cada 8 de marzo ou cada 25 de novembro e un 27% declara ter asistido ás manifestacións de apoio á vítima da Manada de San Fermín.



A participación cae cando se pregunta pola asistencia a outro tipo de reunións que requiren máis implicación ou directamente militancia activa, tanto política como feminista, como asembleas abolicionistas, reunións feministas e reunións de militancia política.

Son fundamentalmente as profesoras as que en maior grao participan en convocatorias ou reunións feministas.

Todos os datos expostos son o suficientemente claros como para extraer algunhas conclusións, As mulleres seguen sendo maioritariamente as vítimas das agresións, abusos e acoso sexual e a comunidade universitaria detecta perfectamente estas agresións e abusos sexuais.

Queda patente que se manteñen as “vellas formas e métodos de acoso, abuso e agresión” sexual ao tempo que se están incorporando novas formas de agresión e acoso a través das novas tecnoloxías e das redes sociais. En todo caso, debe quedar claro que non hai substitución senón ampliación nas formas de abuso, acoso e agresión sexual.

Os datos da comunidade universitaria referidos á conciliación están moi relacionados co poder adquisitivo e as retribucións, máis altas no profesorado que é o que manifesta en maior grao recorrer a terceiras persoas remuneradas para o traballo non remunerado de tarefas domésticas.

No caso do alumnado esta pregunta esconde diversas dificultades xa que moi poucos alumnos e alumnas viven en parella, polo que o maior valor atópase entre as persoas que fan as tarefas do fogar no que viven sen remuneración, fundamentalmente as súas nais ou avoas.

Na preparación das comidas a conciliación acada a porcentaxe máis máis alta e indica un maior reparto de tarefas na parella a pesar de que os datos sinalan que son as mulleres as que se fan cargo maioritariamente de lavar a roupa ou pasar o ferro. A conciliación é un asunto sen resolver e así é percibido xeracionalmente por toda a comunidade universitaria participante que indirectamente recoñece unha falla de cultura da conciliación.



Sobre se abandonarían un posto de traballo por razóns familiares, a maior saída do mercado laboral valórase no caso de que un familiar precisase coidados.

O 25% do alumnado teme deixar o traballo por ter que coidar a persoas dependentes, mentres que ese temor baixa ao 17% entre o profesorado e ao 14% entre o PAS.

O dato e a preocupación por ter que coidar de persoas familiares dependentes no alumnado está directamente relacionado co envellecemento da poboación en Galicia e en como se percibe pola poboación máis nova.

No que respecta ao profesorado, ningún dos homes e mulleres entrevistadas pensaría en deixar o seu traballo no caso de casarse nin no caso de ter fillos ou fillas pero si que o deixaría no caso de coidar a un familiar dependente.

No profesorado son maioritariamente mulleres as que estarían dispostas a deixar o traballo para coidar a un familiar dependente e no alumnado son maioritariamente homes.

O 3% de PAS deixaría o traballo en caso de casar, o 5% no suposto de ter fillos ou fillas e segue sendo moi alta a porcentaxe de PAS que deixaría o traballo para coidar a unha persoa con dependencia, un 14%.

A conciliación pasa por compatibilizar o afecto persoal á familia, sen empregar o inxusto termo de “carga familiar” aos que nos unen lazos de cariño, co traballo remunerado e a vida persoal.

A conciliación non é un asunto que deban resolver as mulleres e convertela nunha tensión propia a pesar de que aínda semellan ser as herdeiras dun modelo social non esgotado, no que homes e mulleres tiñan claramente diferenciados os roles e o reparto de responsabilidades.

Sobre a situación xeral das mulleres en España, pediuse que valorasen as desigualdades existentes en institucións e organizacións como clubs deportivos, partidos políticos, Poder Xudicial, Universidade de Vigo, organizacións empresariais e sindicais, Forzas e Corpos de Seguridade, IBEX



35 e as asociacións estudiantís. Tamén se pediu que valorasen a España e Galicia respecto das desigualdades.

Os resultados son ben interesantes pero a modo de conclusións, e empezando pola máis salientable, a Universidade de Vigo é a institución mellor valorada respecto á igualdade, conxuntamente coas asociacións estudiantís.

As peores valoradas pola comunidade universitaria son os clubs deportivos, o IBEX 35 e as Forzas e Corpos de Seguridade.

No alumnado existen diferenzas significativas entre mulleres e homes sobre a valoración de todas as organizacións e institucións excepto a Universidade de Vigo. Por exemplo, a respecto da Galicia, entre os alumnos as diferenzas son menos percibidas que entre as alumna.

Das organizacións empresariais e sindicais, de novo as mulleres cren en maior medida ca os homes que as desigualdades son moi grandes. A opinión sobre a igualdade nos partidos políticos é contundente e o 77% cre que a desigualdade é moi grande ou bastante grande, especialmente as mulleres.

No que atinxe á opinión de diferentes aspectos ou situacións da igualdade na Universidade de Vigo, o maior pesimismo radica na posibilidade de conciliación e no acceso a postos de goberno e de responsabilidade dentro da institución académica.

Os datos sinalan que os homes só teñen máis dificultades que as mulleres no acceso a permisos de maternidade e para coidar a un membro da familia, medidas ligadas aos coidados e ao rol reprodutivo das mulleres.

En todo o demais, tanto homes como mulleres no seu conxunto consideran que as mulleres teñen máis atrancos.

Por exemplo, para conciliar, a comunidade universitaria cre que as mulleres o teñen peor nun 48%.

A Universidade de Vigo posúe un importante traballo previo no eido da análise da conciliación. Existe un borrador do coñecido como Plan Concilia, un documento de ampla natureza xurídica presentado para estudar na comisión

de igualdade e que recolle as alegacións presentadas, aínda que non se chegou a aplicar na práctica.

Con respecto á situación do profesorado, o informe «*Análise das traxectorias profesionais das mulleres na Universidade de Vigo*» (2015), coordinado por María M, Álvarez Lires, analiza a traxectoria das mulleres docentes na Universidade de Vigo e conta cun apartado específico sobre conciliación.

Dende o ano 2014 inauguráronse no campus de Pontevedra e no campus de Ourense dúas escolas infantís destinadas aos fillos e fillas do persoal e alumnado da universidade e puxéronse en marcha campamentos de verán nos 3 campus universitarios, destinados tamén as fillas e fillos do persoal e do alumnado da universidade.

Igualmente en 2014, elaborouse unha «*Guía de recursos e medidas de apoio á conciliación*», non editada e que está en proceso de revisión e actualización.

O II Plan de Igualdade da Universidade de Vigo (2016-2019) comprométese no «Eixe IV: condicións socio-laborais con perspectiva de xénero» a crear un contorno para o desenvolvemento profesional e persoal en igualdade de condicións para toda a comunidade universitaria.

Neste momento, a Universidade de Vigo está a desenvolver unha normativa para todos os concursos de oposición a postos laborais e/ou funcionarios/as do PAS e do profesorado para tomar en consideración as situacións de traballadoras e traballadores que por motivos de baixa maternal/paternal, parto, embarazo de risco, lactación, etc non poida acudir as datas das probas para adaptar as mesmas a súa situación (en proceso).

Nunha das últimas preguntas do estudo solicitouse que indicaran o posto de traballo que pretenden acadar nun futuro. A preferencia é «exercer a súa profesión con estabilidade pero sen responsabilidades». O dato evidencia a escaseza de expectativas e mesmo o conservadorismo dado que priorizan a estabilidade fronte ás responsabilidades e ó emprendemento, seguramente como consecuencia da inestabilidade laboral e os baixos salarios.



Particularmente no alumnado, parece claro que o actual mercado laboral, con salarios por debaixo do nivel de estudos e traballos precarios, provoca que se planifique o futuro en base á estabilidade, aínda que sexa a costa de renuncias profesionais. Dirixir ou ser xefe ou xefa son aspiracións futuras que só espera unha cuarta parte das persoas entrevistadas.

As traballadoras PAS rexeitan nun 17% as responsabilidades e un 16% dos traballadores PAS manifesta querer ser técnico ou especialista. Só o 9% das mulleres sinala o seu desexo de chegar a xefa e un 4% ten aspiracións políticas.

No estudo, hai máis profesoras que profesores que desexan acceder a unha cátedra e facer carreira na universidade sendo conscientes das barreiras de xénero.

A Comisión de Mulleres e Ciencia do CSIC, no Informe “*Mujeres Investigadoras 2019*” fai unha análise da evolución da situación das mulleres científicas do CSIC. Esta proporción de mulleres na categoría de Profesorado de Investigación aínda que ten aumentado é dun 26,1%. Tamén ten aumentado a presenza de mulleres no persoal directivo pero segue sendo unha proporción de mulleres directoras de instituto dun 16,7%. Finalmente, e respecto do CSIC, cabe dicir que os datos sobre o persoal en formación indican a diminución da proporción de mulleres nos últimos anos, se en 2018 eran un 52,3%, agora son un 51,8%. Reduciuse a presenza de mulleres en contratos postdoctorais e nos contratos do Programa Ramón y Cajal do que o número total de persoas contratadas segue á baixa.

Estes datos indican que mesmo no centro de referencia investigadora do país, a situación das mulleres na investigación e a ciencia segue amosando teitos de cristal ou chans pegadizos.

Só un 8% das persoas reitoras nas universidades públicas do noso país son mulleres, porcentaxe que avanzou desde un 2% en 2015 e que segue á alza. Un pésimo dato que evidencia un gran desequilibrio e unha gran fenda de xénero nos postos de máximo nivel e recoñecemento académico.

Tamén o informe *Científicas en Cifras* de 2017 elaborado pola Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades



destaca a infrarrepresentación das mulleres na categoría de maior rango, o que indica una segregación vertical de xénero nas universidades públicas españolas, que só contan cun 21% de mulleres entre o seu profesorado catedrático.

A Universidade de Vigo debe seguir fornecendo os mecanismos e medidas a prol da igualdade e facelo a través dunha arquitectura institucional, investigadora e docente con perspectiva de xénero, mellorando e creando indicadores que permitan avaliar correctamente o que se fai, dotando á Unidade de Igualdade de máis orzamento e competencias, seguindo con políticas de sensibilización e prevención e, desde logo, coa independencia académica e a autonomía reforzada, continuando a tecer redes entre as académicas, o alumnado, redes políticas, empresariais, investigadoras, culturais...

A universidade é clave para o desenvolvemento da igualdade, que é unha das maiores conquistas ás que aspira a sociedade, razón pola que se debe seguir definindo e mellorando o papel da Universidade de Vigo como axente activo na investigación e na organización interna así como institución educadora.

Está no camiño.



## BIBLIOGRAFÍA

CSIC (2019): *Mujeres Investigadoras 2019*. Comisión de Mulleres e Ciencia do CSIC.

[https://www.csic.es/sites/default/files/informe\\_mujeres\\_investigadoras\\_2019\\_0.pdf](https://www.csic.es/sites/default/files/informe_mujeres_investigadoras_2019_0.pdf) (consultado 12/11/2019).

40db (2019): *Barómetro sobre Feminismo*. 40dB para CTXT. 2019.

<https://ctxt.es/es/20181107/Politica/22757/ctxt-barometro-feminismo-40dB.htm>

(consultado 09/11/2019)

OCDE (2019): *Informe PISA-Programa Internacional para la Evaluación de Estudiantes* (Programme for International Student Assessment).

<https://www.oecd.org/pisa/pisaenespaol.htm> (consultado 13/01/2020)

El País (2019): "Por qué los jóvenes españoles se van de casa con 29 años y los nórdicos con 21 (y no es solo por dinero)". *Revista ICON, El País*, 1 de maio de 2019.

[https://elpais.com/elpais/2019/04/30/icon/1556640462\\_253369.html](https://elpais.com/elpais/2019/04/30/icon/1556640462_253369.html).

(consultado 11/11/2019)

CRUE (2018): *La Universidad Española en Cifras 2017-2018*.

[http://www.crue.org/Documentos%20compartidos/Publicaciones/Universidad%20Espa%C3%B1ola%20en%20cifras/UEC%201718\\_FINAL\\_DIGITAL.pdf](http://www.crue.org/Documentos%20compartidos/Publicaciones/Universidad%20Espa%C3%B1ola%20en%20cifras/UEC%201718_FINAL_DIGITAL.pdf)

(consultado 11/11/2019)

CEOE (2019): *Análisis de la Brecha Salarial de género en España, 2019*. Comisión de Igualdade e Diversidade da CEOE e PricewaterhouseCoopers Asesores de Negocios, S.L.

<https://www.pwc.es/es/publicaciones/diversidad/analisis-brecha-salarial-genero-espana-ceos-pwc.pdf> (consultado 11/11/2019).

Ministerio de Universidades (2019): *Anuario 2018* baseado en datos do curso 2016-2017. Presentado o 24 de xaneiro de 2019.

<http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/estadisticas/universitaria/estadisticas/estadistica-indicadores-universitarios/2018-2019.html> (consultado 11/01/2020).

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia: datos estatísticos do SUG 2015/16.

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/datos\\_estadisticos\\_2015-2016.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/datos_estadisticos_2015-2016.pdf) (consultado 11/01/2020).

CIS (2017): *Percepción social de la Violencia Sexual*. 2017. Centro de Investigacións Sociolóxicas, CIS. Estudio nº 3182. Xulio 2017  
[http://www.cis.es/cis/export/sites/default/Archivos/Marginales/3180\\_3199/3182/es3182mar.pdf](http://www.cis.es/cis/export/sites/default/Archivos/Marginales/3180_3199/3182/es3182mar.pdf) (consultado 12/01/2020)

Ministerio de Ciencia (2018): *Científicas en Cifras 2017*, en “*Estadísticas e indicadores de la (des)igualdad de género en la formación y profesión científica*”. Unidade de Mulleres e Ciencia.

[http://www.ciencia.gob.es/stfls/MICINN/Ministerio/FICHEROS/UMYC/Cientificas\\_cifras\\_2017.pdf](http://www.ciencia.gob.es/stfls/MICINN/Ministerio/FICHEROS/UMYC/Cientificas_cifras_2017.pdf) (consultado 11/01/2020).

Díaz, Capitolina; Jabbaz, Marcela; Samper-Gras, Teresa (2016): *La brecha salarial de género en las instituciones científicas. Estudio del caso*. Universidade de Valencia.

<https://www.redalyc.org/jatsRepo/105/10559568008/html/index.html>  
(consultado 12/11/2019).

Vicesecretaría xeral. Departamento da Muller de UGT. (2020). *Es urgente legislar sobre la discriminación salarial hacia las mujeres*.

[https://www.ugt.es/sites/default/files/informe\\_brecha\\_salarial\\_2020\\_-\\_ok\\_finalpru.pdf](https://www.ugt.es/sites/default/files/informe_brecha_salarial_2020_-_ok_finalpru.pdf) (consultado 23/02/2020).



Universidade de Vigo (2016): II Plan de Igualdade da Universidade de Vigo (2016-2019)". Universidade de Vigo.

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-05/II\\_Plan\\_de\\_Igualdade\\_pdf\\_0.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-05/II_Plan_de_Igualdade_pdf_0.pdf) (consultado 09/11/2019)

Álvarez Lires, María Mercedes et all (2015): *Análise das traxectorias profesionais das mulleres na Universidade de Vigo*. Universidade de Vigo.

[https://www.uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/igualdade/ANL\\_INFORME\\_TRAXECTORIAS\\_PROFESIONAIS\\_completo\\_ITCBaskerville.pdf](https://www.uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/igualdade/ANL_INFORME_TRAXECTORIAS_PROFESIONAIS_completo_ITCBaskerville.pdf) (consultado 09/11/2019).

María Lameiras; Yolanda Rodríguez; María Victoria Carrera (2018): *Diagnose do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo*.

<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/201811/INFORMEACOSODEFINITIVO.pdf> (consultado 12/01/2020).

CIS (2014): *Macroenquisa de Violencia contra a muller*. 2014. Estudo nº 3027.

[http://www.cis.es/cis/export/sites/default/Archivos/Marginales/3020\\_3039/3027es3027mar.pdf](http://www.cis.es/cis/export/sites/default/Archivos/Marginales/3020_3039/3027es3027mar.pdf) (consultado 09/12/2019)

Ariño, Antonio; Llopis, Ramón (2011): ¿Universidad sin clases? Condiciones de Vida de los Estudiantes Universitarios. Universidad Jaume I.

<http://repositori.uji.es/xmlui/bitstream/handle/10234/31476/universidadsinclase.pdf> (consultado 08/12/2019)

INE (2011): *Enquisa de usos do tempo, 2011. Principais resultados*. Instituto Nacional de Estatística. <https://www.ine.es/prensa/np669.pdf> (consultado 09/11/2019)





IGE (2018): *Matrimonios por meses segundo o tipo de matrimonio*. Serie 1998-2018. Instituto Galego de Estatística.

<https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002002>. (consultado 09/12/2019).

Instituto de la Mujer (2011): *Mujeres en cargos de representación del sistema educativo II*. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. <http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/AreaEducacion/Estudios/docs/MujeresEducacion14.pdf> (consultado 09/01/2020).

INE (2017): *Enquisa de Estrutura Salarial 2017*. Instituto Nacional de Estatística. <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=10888#!tabs-tabla> (consultado 09/11/2019)

Eurostat (Oficina Europea de Estatística). 2019. Serie de condicións de vida dos mozos. [http://appsso.eurostat.ec.europa.eu/nui/show.do?dataset=yth\\_demo\\_030&lang=enhttps://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Young\\_people\\_-\\_housing\\_conditions](http://appsso.eurostat.ec.europa.eu/nui/show.do?dataset=yth_demo_030&lang=enhttps://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Young_people_-_housing_conditions) (consultado 09/01/2020).

RAE (2019): *Diccionario da Real Academia Española*. <https://dle.rae.es/feminismo> (consultado 12/11/2019).

Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica asinado en Istambul o 11 de maio de 2011. [https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-2014-5947](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2014-5947) (consultado 01/10/2019).

Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. <https://www.boe.es/buscar/pdf/2004/BOE-A-2004-21760-consolidado.pdf> (consultado 01/10/2019).



Documento refundido de medidas do Pacto de estado en materia de violencia de xénero. Congreso + Senado.

2019. [https://violenciagenero.igualdad.gob.es/pactoEstado/docs/Documento\\_Refundido\\_PEVG\\_2.pdf](https://violenciagenero.igualdad.gob.es/pactoEstado/docs/Documento_Refundido_PEVG_2.pdf). (consultado 01/10/2019).

Lei orgánica 4/2007, do 13 de abril, de modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2007-7786>.

(consultado 11/10/2019).

Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-6115>. (consultado 09/11/2019).

Unidade de Igualdade  
Universidade de Vigo

